

Comunica

Revista de estudios de comunicación de la APG



A transición das TV locais á tecnoloxía dixital.
Un cambio de modelo

Arturo Maneiro Vila

Comunica 1 • A transición das TV locais á tecnoloxía dixital.

A transición das televisións locais á tecnoloxía dixital.

Un cambio radical do modelo

Arturo Maneiro Vila

Comunica
Revista de Estudios de Comunicación de la APG

Director:

Arturo Maneiro Vila

Consejo Asesor:

José Castro López
Pastor Lorenzo
Javier García Sánchez
María Méndez
Fernando González Macías
Octavio Rodríguez
María José Arrojo Baliña
José Rúas
Antonio Sanjuan
José Videla
Moncho Paz

Edita:

Asociación de Periodistas de Galicia
Avenida de A Coruña 6-bajo
15706. Santiago de Compostela
629803088
Año 2004

ISSN: 1698-5389
Depósito Legal: C-2385-2004

Imprime: Graficolor Minerva, S.L.
Polígono Industrial do Tambre - Gutemberg, 5 - Santiago

Presentación

Presentación

Comenzamos con este número de *Comunica* una revista de estudios promovida por la APG. Nace con la intención de ser una publicación gallega sobre la comunicación en todas sus posibles vertientes y modalidades: Prensa escrita, Prensa virtual, Radio, Televisión, Internet y Gabinetes de comunicación en sus más variadas tipologías.

Comunica aparece en público como una actividad más de la Asociación de Periodistas de Galicia, institución que promueve gran variedad de iniciativas para profesionales de la Comunicación. En esta revista se publicarán trabajos de investigación, artículos o reseñas sobre el mundo de la información que demuestren interés para ser difundidos.

Aunque comenzamos con un amplio trabajo escrito en gallego, *Comunica* será bilingüe y cada profesional podrá utilizar el idioma que considere más adecuado para expresarse. El Consejo Asesor de la Redacción velará por el mantenimiento de este principio editorial.

De la misma forma, los trabajos aquí publicados pueden ser monográficos con obras de un solo autor, o formado por trabajos de varios autores. Pero también podrán algunos números de *Comunica* estar conformados por artículos dedicados a aspectos muy variados dentro del ámbito de la comunicación.

Comunica estará abierto a la colaboración de todos los profesionales, docentes e investigadores de las Facultades de Comunicación de Galicia que quieran ofrecer sus aportaciones.

El Consejo Asesor de la Redacción

Introducción

Cúmpanse agora vinte anos¹ da primeira manifestación pública e oficial da actividade das televisións locais en España, no ano 1984². Foron dúas décadas de experimentación na comunicación televisiva local, con problemas técnicos, problemas legais, e problemas económicos. Na primeira etapa houbo un certo espírito pioneiro sen afán de lucro³, con moito esforzo persoal, pero a experiencia demostrou a imposibilidade de continuar coas emisións locais sen recursos económicos e sen criterios empresariais.

No 2004 comeza o proceso definitivo de regularización do sector. Neste ano entra en vigor unha lexislación que obriga a ás emisoras de televisión local a convertérense en televisións dixitais de difusión terrestre, decisión legal que vai ter consecuencia moi importantes para o futuro deste modelo de TV. Estas consecuencias no ámbito específico de Galicia son o obxecto específico do presente estudio.

Para analiza-lo futuro dixital das TV locais é necesario partir da situación actual. Hai que identificar ós axentes, determina-lo número exacto de TV locais, á súa cobertura, a súa presenza nos distintos municipios de Galicia, pero a intención final, o obxectivo real, é estudia-las consecuencias da transición no propio modelo e mesmo no concepto de televisión local. Non estamos diante dun simple cambio tecnolóxico instrumental, senón que, neste caso, a tecnoloxía inflúe no modelo de comunicación. Trátase dun cambio tecnolóxico inevitable, porque a dixitalización é o paso previo imprescindible para que as operadoras que están a emitir poidan obter unha concesión administrativa que lles permita ser empresas con seguridade xurídica e futuro empresarial claro.

¹ En outubro de 1984 reuníronse por primeira vez representantes de 32 emisoras de TVL doutras tantas localidades de Cataluña en Cardedeu, onde aprobaron nove puntos que definían a natureza da televisión local, según *Les televisions locals a Catalunya. De les experiències comunitàries a les estratègies de proximitat*. Emili Prado Miquel de Moragas. QUADERNS DEL CAC Número extraordinari, setembre 2002 p.10

² Con anterioridade a esa data, en Galicia tíñanse rexistrado algunhas experiencias de emisións de TV local, pero foron todas de moi curto alcance. Por esta razón, podemos considerar que efectivamente, estamos diante de vinte anos de vida de televisións locais: Primeiras televisións galegas: Emisora pirata na Ría de Pontevedra (ano 1982) Emisora pirata na Serra do Courel (ano 1984) Proxectos que non chegaron a poñerse en marcha: Televisión Gallega, S.A. (1981-1982) Emisora desde un barco en Vigo (ano 1983) Caldas de Reis (anos 80). Rodríguez Vázquez, Anna Isabel (2001): *Os informativos diarios nas televisións locais de Galicia.* A información televisiva no espacio local. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Tesis Doctoral].

³ O punto 5 de Cardedeu establecía: " La TVL no es una iniciativa privada-comercial y, por lo tanto, excluye de sus objetivos el ánimo de lucro."

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións⁴ reconece que a nova lexislación das televisións locais implica un importante cambio do sistema:

La Ley 41/1995 ha sido objeto de una importante modificación operada por la Ley 53/2002, de 31 de diciembre, de Medidas fiscales, administrativas y del orden social...

En efecto, la reforma del artículo 1 con la inclusión en el texto originario del inciso "*con tecnología digital*" supone la modificación de la Ley 41/1995, que pasa de regular el régimen jurídico de la televisión local por ondas terrestres con tecnología analógica para convertirse en la norma reguladora de la televisión local por ondas con tecnología digital.

A transformación en profundidade do concepto da TV que vai supoñer a implantación en España da Televisión Dixital Terrestre (TDT) céntrase en catro aspectos importantes:

1. Vai establece-la súa legalización definitiva despois de dúas décadas de funcionamento alegal.
2. Modifica a área de cobertura nos municipios, impoñendo na práctica unha televisión comarcal ou supracomarcal, circunstancia esta que vai ter moita transcendencia en Galicia.
3. Fai unha definición máis concreta dos contidos específicos dunha TV local.
4. Define e implanta un modelo de TV local distinto do previsto en 1995 xa que desaparece a prohibición de formaren cadeas.

Todos estes aspectos terán a súa inevitable influencia sobre as funcións da TVL coa delimitación de demarcacións territoriais supramunicipais, e vai ter tamén moita influencia nos contidos, xa que unha ampliación de área de cobertura necesita unha maior atención informativa ás actividades e eventos ocorridos nos municipios das zonas de emisión. Vai provocarse tamén unha maior competencia entre empresas, unha competencia desigual que se establecerá entre operadoras de iniciativa persoal e grandes organizacións empresariais con capacidade económica e financeira para acomete-la implantación de cadeas de televisións locais, con mais medios, máis cobertura e máis sinerxías na explotación.

De feito, xa antes do cambio lexislativo, a situación actual xa provoca distorsións no mercado da TVL en Galicia coa presenza de grandes cadeas competindo coas pequenas televisións locais. Por esta razón, os pequenos empresarios están promovendo iniciativas por conserva-lo seu mercado⁵.

⁴ " Informe de la CMT al Ministerio de Ciencia y Tecnología en relación con el proyecto de real decreto por el que se aprueba el plan técnico nacional de la televisión digital local (DT 2004/146)", pp. 2-3.

⁵ Varios empresarios de televisións locais de municipios non integrados en ningunha das sete grandes cidades galegas levan a cabo negociacións para a formación dunha cadea

Por outra parte, tamén é salientable o feito de que a regulamentación do sector TVL que levou a cabo a Administración xeral do Estado realizouse dun xeito progresivo, cada modificación aprobada rectificaba e invalidaba decisións anteriores, actitude que xerou inseguridade legal e empresarial. Inseguridade que pode manterse no sector en tanto non quede pechado o proceso de regularización coas correspondentes concesións definitivas.

Desde o punto de vista estrictamente legal, este proceso pode considerarse rematado coa publicación do Real Decreto⁶ no que se aprobou o Plan técnico nacional da televisión dixital local. Sen embargo, ó coincidir esta aprobación co cambio de lexislatura e de Goberno, non pode considerarse pechado definitivamente ata que sexa aplicado e as Comunidades Autónomas adxudiquen as concesións de acordo coa devandita norma legal, tal como o van demostrando os feitos⁷.

Hai que ter en conta aquí as reaccións que se están a producir no sector da televisión local logo da aprobación do decreto, coa publicación de manifestos⁸ nos que piden a revisión do Plan Técnico e unha negociación conxunta na que participen as administracións central e autonómicas xunto coas TV locais.

En todo caso, hai que deixar constancia de que nunha primeira fase, este proceso legal non estableceu unha definición precisa do modelo de televisión local que se pretendía implantar. Modificacións posteriores, sobre todo a última de finais de 2003, concretaron máis o modelo, en canto a tempos e contidos na emisión local, sobre a posibilidades de formación de cadeas e de emisión conxunta, así como a determinación de porcentaxes permitidos de emisión en cadea.

A primeira modificación á lei de 1995 realizouse a finais de 2002, establecéndose uns prazos moi definidos e curtos para a legalización definitiva das televisións locais, pero sempre condicionada á transición

para todo o territorio autonómico. Este intento, que foi acometido noutras épocas en situación distinta da actual, ten por finalidade competir coas grandes cadeas locais implantadas por empresas de ámbito nacional, tendo en conta que estas cadeas son unha novidade dentro do panorama da televisión local. Agora son televisións como Canal Deza, Telecoruña ou TV7 que pretenden crar unha canle local de ámbito autonómico baixo a denominación de Canal Galicia, denominación xa atribuída ás emisoras de Telecoruña.

⁶ Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, publicado no BOE número 85 do día 8 de abril de 2004, p.14694

⁷ "Europa Press difundió una noticia el la que informaba que el ministro de Industria, Turismo y Comercio, José Montilla, anunció el día 30/08/2004 que el Gobierno revisará el Plan Técnico Nacional de Televisión Digital Local con la intención de ampliar hasta el 1 de enero de 2008 el plazo para la suspensión de las emisiones analógicas de las televisiones locales que tengan una licencia para emitir en digital, por considerarlo "irrealista".

⁸ Véxanse no anexo os manifestos de Granollers e das organizacións andaluzas.

destas TVL á tecnoloxía dixital. De feito, esta norma só considera televisión local legalizable ás emisoras de tecnoloxía dixital. A posterior modificación, de 2003, cambiou de forma substancial varios criterios anteriores, especialmente os referidos á emisión e formación de cadeas.

As Comunicades Autónomas cumpriron os prazos previstos na primeira reforma legal de finais do 2002 para avanzar no proceso, ata outubro do ano seguinte, no que deberían definirse as necesidades de espectro radioeléctrico reservado para as TVL e a definición de demarcacións nas que poderían concederse estas televisións, como paso previo para a elaboración dun plan técnico por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Sen embargo, non chegou a aprobarse o Plan Técnico da TDT local ata o mes de abril de 2004.

Por outra parte, a primeira modificación do 2002, ó implanta-la tecnoloxía dixital, trasladaba ás TV locais os graves problemas que se presentan para a transición á TDT en toda España: falta de equipamento axeitado en canto a receptores e terminais para que os espectadores poidan ve-la televisión emitida con tecnoloxía dixital; emisións experimentais de TDT moi escasas aínda por parte dos operadores nacionais, circunstancia que fai pouco atractiva a compra de receptores; sen esquece-los problemas derivados do equipamento da rede de difusión para chegar a unha cobertura suficiente para toda a poboación.

Xunto a esto pódense salientar outras dificultades que presenta a transición á TDT para o sector da TVL: a necesidade de establecer novas figuras no sistema como os denominados xestores dos múltiplex; o pouco arraigo que ten na sociedade española a TDT; e o incremento de pago de taxas de emisión para os operadores dun sector que xa ten de por si unha escasa rendibilidade económica.

Na segunda modificación legal, de final do 2003, tense en conta este tipo de dificultades e establece unha moratoria ou ampliación de prazos, de tal xeito que os concesionarios de TVL poderán seguir emitindo en analóxico ata que exista a posibilidade de contar cun parque de receptores dixitais nos fogares suficiente para facer rendible a TV local TDT.

En definitiva, a nova perspectiva de regulamentación do sector dentro do marco da TDT terá unha transcendencia importante no funcionamento e viabilidade das TV locais. O sector necesitará unha reconversión a fondo para que o mercado non quede só nas máns das grandes cadeas nacionais de TV local.

Por esta razón, as autoridades autonómicas manifestaron xa a súa intención de facilitar ó máximo a transición das TV locais analóxicas á

tecnoloxía dixital, establecendo condicións asumibles, abrindo os períodos de prazos que sexan necesarios para as adaptacións das empresas. Trátase de evitar que poida existir rexeitamento das TVL actuais a todo o proceso por precipitacións ou rixideces de criterio no calendario de implantamento desta nova tecnoloxía.

Amais dos manifestos recentes dos que xa falamos, ó longo dos últimos anos nalgunhas autonomías rexistráronse reaccións das organizacións de televisións locais que amosaban a súa preocupación polas consecuencias da transición o TDT, todas elas tiveron un bo reflexo na prensa⁹.

⁹ Desta preocupación do sector poden dar idea algúns dos titulares de prensa das épocas nas que se aprobaban as modificacións da lexislación sobre TV local.

"La Mesa de la Televisión Local prevé fomentar la autorregulación" (La Vanguardia 16/10/2002)

"La televisión local catalana se siente amenazada por la legislación del Gobierno central" (Cine por la Red 8/07/2003)

"La asociación de TV locales dice que la reforma del Gobierno favorece a los grandes grupos" La Razón.3/12/2003).

"El secretario general de comunicaciones de la Generalitat de Cataluña asegura que evitará los monopolios en la TV local" (Cine por la Red, 2/3/2004)

"Localía entra en Barcelona y se extenderá por Cataluña" (La Gaceta de los Negocios, marzo 2004)

1. O modelo de TV Local na primeira lexislación estatal

Un dos aspectos máis importantes da regulación da TV local é a súa definición como medio de comunicación. A lexislación debe establecer nidiamente qué se entende por televisión local, cal é a súa natureza en canto ó seu ámbito de cobertura e os contidos mínimos de produción propia para que se poida considerar una emisora local, xa que o carácter local dunha televisión debe vir definido polos temas dos que se ocupa na súa programación.

Parece claro que só o ámbito territorial de cobertura non define de forma exclusiva o carácter dunha TVL, porque nun ámbito municipal ou provincial poden emitirse exclusivamente programas e contidos que non teñan nada que ver co lugar no que se asenta esta emisora. Neste caso, non podería falarse de televisión local senón que estaríamos tan só diante dun emisor cobertura local pero de contidos nacionais ou internacionais.

Pero aínda así, a pura determinación do ámbito xeográfico de cobertura pode presentar problemas. Nunha televisión de cobertura nacional ou autonómica, os límites xeográficos están perfectamente delimitados, sen embargo, o concepto “local” non é unívoco, aínda que en España, case sempre se atribúe o cualificativo de “local” a actividades ou entidades de ámbito municipal: “administración local”, “policía local”, etc.

Ampliando un pouco máis o concepto podería dicirse que cualificamos de televisión local a aquela que ten un ámbito de cobertura inferior á Comunidade Autónoma. Neste caso, entramos novamente na ambigüidade, xa que o ámbito inferior á Comunidade é sen dúbida o provincial, e as televisións locais non se relacionan co ámbito provincial.

Pois ben, esta delimitación quedara establecida na primeira lexislación de TVL, ó determinarse que o núcleo urbano principal do municipio era o ámbito de cobertura propio dunha televisión local. Sen embargo, as modificacións posteriores da Lei introduciron cambios moi importantes.

1.1. Ámbito de cobertura da TVL na lexislación de 1995

A primeira lexislación sobre TV local terrestre que existiu en España ten data de 1995¹. Neste texto considerábase que era necesaria una

¹ Para seguir os argumentos expostos aquí téñase en conta o texto orixinario da “Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de Televisión Local por ondas terrestres”, antes das modificacións posteriores.

lexislación específica porque o conxunto de normas existentes ata ese momento

“ha deixado fuera a prestación do servizo de televisión por ondas hertzianas a los ámbitos territoriais de carácter estritamente local, debido esencialmente a la organización de la televisión en España, que ha partido de televisiones de ámbito nacional, para una vez, consolidadas, organizar el servizo de ámbito local².”

Ó defini-lo carácter estritamente local, aparece como primeiro criterio o ámbito de cobertura restrinxido a unha parte do municipio.

A Lei establece no artigo 3.1. que

“El ámbito territorial cubierto por cada una de las televisiones locales por ondas terrestres vendrá delimitado por el núcleo urbano principal de población del Municipio correspondiente”.

Este ámbito municipal da TV local quedaba perfectamente consolidado no feito de que esta televisión debería ser preferentemente municipal. Cada municipio tiña o dereito de decidir se xestionaba unha TV local ou non. É dicir, os municipios españois tiñan o dereito propio e preferente de instalar unha televisión local, independentemente do número de habitantes cos que contase e da extensión territorial abarcada dentro dos límites municipais, tal como aparece no artigo 9 da lei de 1995.

Por outra parte, o primeiro límite imposto do **núcleo urbano principal** quedaba aberto, xa que o 3.2 admite que, nalgúns casos, a emisión podería chegar a outros núcleos de poboación, pero sen supera-lo municipio:

“El ámbito de cobertura podrá extenderse a otros núcleos de población del mismo Municipio cuando así lo aconseje el número de habitantes de su población, mediante la instalación de otras estaciones transmisoras que cubran estrictamente estos núcleos e siempre que exista disponibilidad de espectro radioeléctrico para ello, en los términos que reglamentariamente se determine”.

Parece indicarse aquí que o número de habitantes será o criterio fundamental de ampliación da cobertura. Pode entenderse que debe considerarse esta posibilidade nos casos nos que no municipio existan outros núcleos de poboación igual o semellante en número ó núcleo principal, ou naqueles nos que exista una poboación moi dispersas, sen posibilidade de definir un núcleo urbano principal.

² Preámbulo da lei 41/1995.

Ata aquí, a lexislación básica só define a TVL desde o punto de vista da cobertura, e, como acabamos de ver, parece que deixa perfectamente delimitado que unha televisión local ten que emitir tan só no ámbito do núcleo urbano principal dun municipio, aínda que tamén pode emitir en máis núcleos dentro dos límites municipais.

Pero aínda abría outra posibilidade, excepcional, de ampliación da cobertura no artigo 3.3:

“Excepcionalmente, y en los términos previstos en el apartado 4 del artículo 7 de esta Ley, las Comunidades Autónomas competentes podrán autorizar coberturas que superen el estricto ámbito territorial de una televisión local por ondas terrestres”.

Vemos polo tanto que non estamos diante dun modelo pechado rixidamente, xa que a lei prevé casos excepcionais, aínda que a cualificación de **excepcional** queda á libre decisión das Comunidades Autónomas, sempre que teña en conta características relacionadas no mencionado artigo 7.4³:

- Proximidade territorial
- Identidade social e cultural
- Previa conformidade dos municipios afectados (en sesión plenaria)

Polo tanto, as Comunidades Autónomas poderían autorizar que unha televisión local tivese un ámbito de cobertura de dous ou máis municipios, pero sempre co acordo formal e explícito de aceptación dos concellos afectados. Non trataba aínda nestes artigos a posibilidade das emisións en cadea, tan só previa unha posibilidade de ampliación do ámbito de cobertura cualificada de excepcional.

Encontramos así na Lei de 1995 que para as televisións locais existe ós seguintes ámbitos de cobertura:

- **Estricto ámbito territorial:** núcleo principal de poboación
- **Posible ámbito territorial:** outros núcleos do municipio
- **Excepcional ámbito territorial:** outros municipios

Todo isto demostra unha vez máis a dificultade de defini-lo concepto de televisión local só polo seu ámbito de cobertura.

1.1.1. Emisión en cadea

A situación pode complicarse máis o tratar de establecer se as televisións locais poden emitir en cadea, ampliando así máis o ámbito de cobertura, ou se na lei de 1995 era un tema perfectamente pechado.

³ Coas modificacións legais, este apartado é agora o 7.5

Esta cuestión debería quedar definitivamente pechada tendo en conta o artículo 7 do texto lexislativo xa que aparece co seguinte título: *prohibición de emisión en cadea*. Sen embargo, tras esta prohibición inicial establécense as circunstancias nas que as televisións locais poden chegara acordos para emitiren en cadea algunhas horas do día.

É no último punto deste artículo onde a lexislación de TV local permite unha emisión en cadea de ámbito comarcal entre municipios nos que se dean as características de proximidade territorial, identidade social e cultural, así como que manifesten e aproben nos respectivos plenos municipais o seu desexo de que se fagan emisións en cadea. Hai que supoñer que a característica de proximidade territorial quere dicir que deben ser municipios colindantes entre si, aínda que sexan de provincias distintas dentro da mesma comunidade autónoma.

Tamén abre outra posibilidade de emisión en cadea, sen restriccións territoriais nin de número de emisoras e sen consideración de que os titulares sexan públicos ou privados, cunha condición: que non exceda o 25 por cento das horas semanais de emisión de cada unha das TVL.

É necesario salientar que esta lexislación establecía dous modelos de TVL:

1. Televisión local municipal: É o modelo preferente desta normativa. Debe estar baixo o control do pleno, e con decisión propia para estableceren os contidos e as horas de emisión que consideren necesarios para a difusión de información do concello.
2. Televisión local privada: Considerada como de substitución para o caso no que o concello non queira xestionala directamente. Pero se o concello decide xestionar directamente unha TV no seu municipios, a administración autonómica podía autorizar unha segunda concesión para xestión privada.

1.2. Definición por contidos e horarios

En canto á definición do modelo da TV local polos contidos, na lexislación de 1995 tan só aparecen indicacións ou referencias no último punto do artículo 6, despois de fixar uns criterios xerais de tódalas televisións.

O parágrafo g) sinala como principio inspirador das televisións locais

“La promoción de los intereses locales, impulsando para ello la participación de grupos sociales de tal carácter, con objeto de fomentar, promover y defender la cultura y la convivencia locales”.

Polo tanto, aparece aquí unha clara referencia a contidos de carácter estrictamente municipal: A televisión local debe ser unha TVL que emita contidos de produción propia e que traten de asuntos da localidade na que se encontra instalada. Deben ser programas que fomenten a difusión da cultura local, da información local, do debate dentro do municipio de temas e asuntos propios do seu ámbito de cobertura e interese social⁴.

Sen embargo, non existe nesta lexislación básica ningunha esixencia sobre as horas de emisión diarias deste tipo de contidos para ser considerada TVL. O criterio máis importante fíxase no artigo 15, na súa letra g) onde se afirma que será motivo de extinción da concesión a suspensión inxustificada das emisións durante máis de 15 días no prazo dun ano. Este mandato sinala, por tanto, que será obrigatorio para estas emisoras emitir durante tódolos días do ano, aínda que se lles permitirá algún fallo que non supere o tempo indicado de quince días.

Con estes condicionantes queda desbotada una televisión local con emisión tan só de luns a venres, descansando as fins de semanas, e tamén quedarían fora dos obxectivos unha TVL só de fin de semana, ou dos días nos que hai pleno municipal, como ocorre nalgunha emisora de titularidade municipal. Sen embargo, non existe ningunha obrigatoriedade de emitir un número mínimo de horas diarias.

Igualmente, destes criterios tírase que non pode considerarse como tal aquela TVL que non emite contidos referentes á localidade onde está domiciliada, como sucede actualmente coa existencia de simples

⁴ O resto do artigo, que sigue en vigor tra-las modificacións posteriores, di así:

“La prestación del servicio de televisión local por ondas terrestres se inspirará en los siguientes principios:

- a) La objetividad, veracidad e imparcialidad de las informaciones.
- b) La separación entre informaciones y opiniones, la identificación de quienes sustenten estas últimas y su libre expresión con los límites del apartado 4 del artículo 20 de la Constitución.
- c) El respeto al pluralismo político, religioso, social, cultural y lingüístico.
- d) El respeto al honor, la fama, la vida privada de las personas y cuantos derechos y libertades reconoce la Constitución.
- e) La protección de la juventud y de la infancia, de conformidad con lo establecido en el capítulo IV de la Ley 25/1994.
- f) El respeto de los valores de igualdad recogidos en el artículo 14 de la Constitución.”

postes repetidores dun sinal distribuído por satélite desde un determinado lugar de España, ou sinal dun poste de difusión terrestre desde outro punto da comunidade autónoma ou da provincia.

Enténdese que unha TVL debe ter instalacións propias, equipamento técnico propio e persoal mínimo para facer unha programación municipal e emitir tódolos días do ano. A súa emisión realízase por ondas terrestres, ocupando un espazo radioeléctrico. En caso de que emisión fose por cable non está sometido a estes condicionantes.

Ata aquí chegan as definicións do modelo de TV local establecidas na denominada “Lei de Televisión Local por ondas terrestres”, aprobada o 22 de decembro de 1995.

Desde aquela data non houbo ningunha regularización do sector, non se desenvolveu a lei, non houbo concesión para ningún dos operadores anteriores nin posteriores e o mercado actuou con absoluta liberdade de creación de emisoras, traspaso, venda das mesmas, establecemento de cadeas, ou emisión en cadea.

Tiveron que pasar sete anos para que se abordara a primeira reforma, pero xa dentro da tecnoloxía dixital.

2. O modelo de TVL nas normas autonómicas

O primeiro texto legal de 1995 necesitaba un desenvolvemento máis polo miúdo por medio dun Regulamento da Lei o polo previsto Plan Técnico de asignación de frecuencias. Sen embargo, diante da falta desde desenvolvemento normativo, algunhas Comunidades Autónomas exerceron as súas competencias para regular a concesión das televisións locais no seu ámbito territorial.

A análise comparativa destas normativas autonómicas podería centrar algo máis a definición do modelo de TVL que se pretende regular xustamente desde un ámbito territorial e administrativo máis próximo e, polo tanto, máis implicado.

A Comunidade Foral de Navarra e a Comunidade Autónoma de Cataluña foron as primeiras, con tan só uns días de diferenza, en levar cabo esta iniciativa. Á súa vez, o decreto catalán foi o que marcou as pautas seguidas por Andalucía, Castilla -La Mancha e Extremadura.

Ningunha destas normas serviu para o que estaban previstas, sen embargo, son moi útiles para comproba-la evolución dos criterios definitorios dunha televisión local, ata chegar ó obxectivo marcado que se centra no novo concepto da TVL que se presenta coa transición tecnolóxica á TDT.

2.1. Concepto de TVL en Navarra

O modelo establecido na normativa navarra de televisión local mantén os criterios xerais, con algunhas disposicións que amplían os requisitos para cada caso¹.

Restrinxe ó ámbito de cobertura ó municipio, tanto no núcleo principal, como no resto dos asentamentos de poboación do mesmo concello; así como a prohibición de emitir en cadea, coa excepción prevista dos municipios con proximidade territorial que así o desexen e coa autorización do Goberno autonómico.

Entre os distintos principios inspiradores da TVL navarra, esta norma establece a promoción e protección lingüística do vascuence. Tamén

¹ “Decreto Foral de Navarra 313/1996, de 9 de septiembre, por el que se regula el régimen jurídico de la gestión, mediante concesión administrativa, del servicio de televisión local por ondas terrestres en la Comunidad Foral de Navarra. B.O.N. 116 del 23/09/1996”

dispón que para autorización de emisión en cadea nos municipios limítrofes valorará preferentemente o feito de que os programas a emitir sexan de produción conxunta das televisións implicadas, e que esta produción sexa realizada por unha empresa audiovisual da Comunidade Foral.

En canto ás horas de programación, esta normativa² deixa aberta á proposta dos aspirantes da concesión a determinación de horarios e porcentaxe de emisión destinado a espazos de carácter local, educativo ou de promoción do euskera. Pero anuncia ou advirte que nos criterios de valoración terán en conta o fomento na programación dos valores culturais da Comunidade Foral de Navarra, entre os que volve a aparecer o euskera. Igualmente, sinala que sería moi valorado o horario de emisión, porcentaxe de produción propia e de programas informativos, culturais ou educativos, así como os efectos inducidos na produción audiovisual da Comunidade Foral. Pero todo elo sen establecer ningunha cantidade nin porcentaxe mínima de partida para que o aspirante non teña orientación previa nin condicionantes. Tan só constátase unha referencia ós tempos de emisión ó sinalar entre as causas de suspensión da concesión a de deixar de emitir 15 días ó longo dun ano³, recollendo así un criterio da normativa xeral.

2.2. Concepto de TVL en Cataluña

Cataluña foi, cronoloxicamente, a segunda Comunidade Autónoma en adapta-la lexislación xeral á súa situación particular vía decreto⁴. Na xustificación da norma quedan sinaladas as liñas definitorias dos contidos dunha televisión local. Xunto ós criterios xa indicados na lei xeral, a Administración catalana introduce unha referencia directa á contribución das televisións locais á normalización lingüística de Cataluña:

“La necessitat normativa s'imposava, també, pel que representen les televisions locals por ones terrestres, en el seu conjunt, quant a l'enriquiment del pluralisme informatiu de la comunicació local, així com per l'aportació a la cultura i l'acció dinamitzadora en el camp social, sense menysprear la contribució en el procés de normalització lingüística a Catalunya.”

Este criterio xeral, exposto na xustificación ou preámbulo do decreto, concrétase máis na relación de principios xerais que deben inspira-

² Decreto foral, artículo 12.2.

³ Decreto Foral, artículo 25.

⁴ Decret 320/1996, d'1 d'octubre, de regulació del règim jurídic de les televisions locals per ones terrestres (DOGC 2268 de 14.10.1996).

los contenidos das televisións locais de Cataluña. Son os mesmos que establece a lexislación española, pero co novo criterio de que deben colaborar no proceso de normalización da lingua catalana e da lingua aranesa no seu ámbito territorial (Valle de Arán), de acordo cos obxectivos e condicións previstos pola lexislación de normalización de Cataluña⁵.

Dentro destes principios xerais de contenidos, a normativa catalana introduce a promoción da muller e a preservación do medio ambiente. Curiosamente, as normativas que elaboran outras comunidades autónomas copian estes criterios engadidos á lexislación xeral.

Estas condicións especificanse máis nos criterios de valoración⁶ para a adxudicación de concesión de televisións locais, onde anuncia que considerarán moi positivos aspectos como o interese cultural ou educativo do proxecto, se valorarán de forma especial o fomento das diferentes manifestacións da cultura catalana, da promoción da lingua catalana, así como o aranés na súa zona de cobertura. Valórase igualmente a creación de emisoras en zonas onde non hai moitos medios de comunicación en catalán.

Anuncia tamén a valoración especial do compromiso de realizar unha programación propia que supere o 60 por cento do tempo de emisión, aínda que o 40 por cento deste límite este producido ou realizado por unha terceira empresa catalana.

Outros criterios de programación aparecen no capítulo de obrigas⁷ do concesionario, entre as que se cita:

“dedicar el 50% del temps de reserva a la difusió d'obres europees a l'emissió d'obres d'expressió originària en qualsevol llegua oficial de Catalunya. S'ha de garantir que, com a mínim, el 50% d'aquestes obres sigui en llengua catalana. Les emissió de pel·licules, sèries televisives o documents doblats o subtitulats a una llengua diferente de l'original s'hauran d'oferir almenys doblades o subtitulades, respectivament, en llengua catalana”.

A regulamentación catalana tamén establece cifras mínimas de tempo de emisión: 1 hora diaria ou 7 horas semanais.

En canto ó criterio definitorio da televisión local polo ámbito de cobertura⁸, a norma catalana recolle case exactamente os criterios da

⁵ Lei 7/1983, de 13 de abril, de normalización lingüística de Cataluña.

⁶ Artículo 11 do decret 320/199

⁷ Decret 320/1996, artículo 14

⁸ Decreto 320, artículo 5

lei xeral, polo que neste aspecto non existe definición específica para Cataluña: o núcleo principal de poboación do municipio segue a se-lo referente da TVL, coas excepcións de ampliar a outros núcleos ou municipios colindantes.

A normativa catalana non recolle directamente a prohibición das emisións en cadea, senón que da por suposto este impedimento ó referirse directamente ó artigo correspondente da lei xeral coa seguinte fórmula⁹:

“Aixó no obstant, en els termes que estableix l’article 7 de la Llei 41/1995, de 22 de desembre, de televisió local per ones terrestres, el Govern de la Generalitat de Catalunya...”

Este artigo 7 citado é a prohibición expresa de emitir en cadea, polo tanto, esta fórmula supón que o decreto catalán asume directamente esta restricción coas excepcións previstas para os municipios colindantes.

2.3. Concepto de TVL en Castilla -La Mancha

A principios de marzo de 2000, a Comunidade Autónoma de Castilla -La Mancha aprobou un decreto¹⁰ para regula-la televisión local no seu territorio. Xa no preámbulo da norma ofrece algúns criterios sobre a natureza das televisións locais, nun texto que parece una transcripción literal da norma catalana:

“La necesidad normativa se imponía, también, por lo que representan las televisiones locales por ondas terrestres, en su conjunto, en cuanto al enriquecimiento del pluralismo informativo de la comunicación local, así como por su aportación a la cultura, a su acción dinamizadora en el campo social, y a la consolidación de la identidad regional.”

Do mesmo xeito cá normativa catalana, o decreto de Castilla-La Mancha establece máis criterios sobre a natureza da TVL, no artigo dedicado ós aspectos de valoración para a adxudicación da concesión¹¹:

“El interés cultural y/o educativo del proyecto, valorando esencialmente el fomento de las diferentes manifestaciones de las culturas local y regional”.

⁹ Decreto 320, artículo 5.2.

¹⁰ “Decreto 54/2000, de 21-03-2000, sobre el régimen jurídico de las televisiones locales por ondas terrestres. D.O.C.M. Num. 28”, p3055 y ss.

¹¹ Decreto 54/2000, artículo 11, letras a e c.

“El compromiso de realizar una programación de producción propia que sobrepase los mínimos establecidos en este Decreto.”

Os tempos mínimos impostos pola Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha son: 2 horas diarias, de luns a sábado, ou 14 horas semanais.

Na súa definición de televisión local, esta normativa especifica¹², do mesmo xeito que a catalana, de forma imperativa que

“La programación de las televisiones locales deberá ser fundamentalmente de producción propia”.

Pero á hora de concretar este concepto de “fundamentalmente” diminúe as esixencias establecidas por Cataluña, estipulando que

“Un mínimo del 40 por ciento del tiempo de emisión corresponderá, necesariamente, a programas de producción propia, si bien se podrá computar, a este efecto, un 25 por ciento de programación coproducida o realizada por terceros en Castilla-La Mancha. Dentro de este último porcentaje, los municipios concesionarios podrán contratar producciones televisivas a terceros sin más limitaciones que las que deriven de la legislación vigente”.

Establece igualmente que as TVL respecten a totalidade das normativas xerais e autonómicas sobre televisións e sobre a defensa dos telespectadores tanto nas programacións como na publicidade.

En canto á definición da TVL por ámbito de cobertura, o texto do decreto atense ós criterios da lexislación xeral: núcleo urbano principal de cada municipio, coas excepcións xa indicadas de amplia-la emisión a outros núcleos de poboación do municipio e mesmo de emitiren en cadea os municipios limítrofes.

Utiliza a mesma formulación da normativa catalana ó referirse a prohibición de emisión en cadea:

“En los términos que establece el artículo 7 de a Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de televisión local por ondas terrestres, el Consejo de Gobierno...”¹³

¹² Decreto 54/2000, artículo 13

¹³ Decreto 54/2000. artículo 5.2

2.4. Concepto da TVL en Andalucía

O modelo de televisión local que regulamentou a Comunidade Autónoma de Andalucía comeza a ser definido no preámbulo da norma¹⁴, cando indica:

“Con este Decreto se culmina el marco normativo básico que permitirá la implantación y consolidación de proyectos de comunicación local y su contribución al desarrollo del sector audiovisual, dando respuesta a una realidad que surge como expresión de la iniciativa y diversidad de manifestaciones culturales en Andalucía”.

Ó referirse á programación en cadea, a norma andaluza¹⁵ tamén sinala que para a súa autorización

“valorará preferentemente que la programación a emitir en cadena sea de producción conjunta de las televisiones implicadas o realizada por terceros en Andalucía.”

Amais doutros criterios que tamén aparecen en normas xa citadas, o decreto andaluz impón ó posible adxudicatario o compromiso da te-lo seu domicilio social e o seu centro principal de actividade no ámbito territorial da emisora obxecto da concesión. Este é un criterio moi definitorio da televisión local, porque non se pode entender este modelo de TV sen instalacións propias e actividade audiovisual no municipio de cobertura.

En canto á definición do modelo polo criterio de horas de emisión¹⁶, a normativa andaluza establece unicamente que o tempo mínimo de emisión de programas nas televisións locais será de catro horas diarias. Non hai aquí como noutras normas, un tempo mínimo acumulable semanal, polo que se entende que debe emitir os sete días da semana.

No criterio de produción, este decreto prevé¹⁷ que o 50% do tempo de emisión debe ser cuberto necesariamente con programas de produción propia, aínda que se considerará como produción propia ata o 50 por cento da programación coproducida ou realizada por terceiros en Andalucía.

2.5. Modelo de TVL en Extremadura

A Comunidade Autónoma de Extremadura manifestou a finais de 2001 a súa intención de aprobar un

¹⁴ “Decreto 414/2000, de 7 de noviembre, por el que se regula el régimen jurídico de las televisiones locales por ondas terrestres. BOJA 139”, p 18.008 y ss.

¹⁵ Decreto 414/2000, artículo 6.4.

¹⁶ D 414, artículo 18

¹⁷ D 414, artículo 19

“decreto por el que se regula el régimen jurídico de Televisión Local por Ondas Terrestres”,

sen embargo, esta norma non chegou a ser sometida a votación no goberno autonómico e, polo tanto, non está vixente. O proxecto de decreto foi analizado polo Consello de Estado que lle deu o visto bo, con algunhas matizacións. Este informe do Consello de Estado¹⁸ é o único documento oficial que existe sobre o decreto, razón pola que se utiliza aquí como base para analiza-lo modelo de TVL previsto en Estremadura.

De acordo cos datos deste informe, no decreto non se propoñía ningunha modificación da lexislación xeral en canto ós ámbitos de cobertura das TV locais, que seguían restrinxidos ó núcleo principal do municipio ou a totalidade do municipio, e coa excepción da emisión en cadea cos municipios colindantes.

Polo que se refire á programación, a norma estremeña previa que o tempo de emisión non debería ser menos de 6 horas diarias ou de 42 dúas semanais. Neste aspecto permitíase unha certa excepción para aquelas televisións que atenderan a municipios de menos de 5.000 habitantes que podería reducir dúas horas ó día, é dicir, permitíaselles cumprir con 4 horas diarias de emisión.

No tocante á produción, determinaba que, alomenos, o 51 por cento do tempo de emisión debería estar ocupado por programas de produción propia, se ben permitía que o 50 por cento desta cantidade puidese ser coproducida ou realizada por terceiros en Estremadura.

2.6. Emisión en cadea na lexislación autonómica

Como quedou xa indicado máis atrás, dentro do marco da definición da TVL en canto ós contidos, a lexislación de 1995 establece a prohibición absoluta de emitir en cadea. Explica esta lei que se emite en cadea cando unha televisión local comparte con outras máis do 25 por cento do tempo total de emisión semanal, aínda que sexa en horario diferente. Se temos en conta unha televisión local que emita 70 horas semanais, podería emitir en cadea ata case 18 horas, é dicir pode emitir conxuntamente con outras ata 2,5 horas diarias. Por este procedemento, moitas TV poden alivia-lo custe da programación propia conectando a un servizo de televisión por satélite, como televenda, anuncios, promocións, etc.

As normativas autonómicas sobre as televisións locais elaboradas ata hoxe manteñen, en xeral, as directrices da lei básica, pero con certas diferencias, como veremos.

¹⁸ “Consejo de Estado. Número de Expediente 486/2002, fecha de aprobación 11/04/2002”

¹⁹ Decreto citado de Navarra, 313/1996, artículo 7

O decreto navarro¹⁹ mantén a prohibición de emitiren en cadea, coa excepción dos municipios limítrofes, tal como indica a lei xeral, pero engade a relación dunha serie de requisitos que deben cumprimentar aquelas TV que no caso previsto como excepción queiran emitir en cadea.

Pola súa parte, a normativa catalana de 1996²⁰ tamén recolle a prohibición expresa de emitir en cadea. Pero establece un feito diferencial coa lei xeral, xa que determina que a proximidade territorial virá determinada pola comarca²¹ e pola identidade social e cultural dos municipios interesados. Isto pode querer indicar que o concepto de proximidade territorial debe quedar encadrado na comarca á que pertencen os municipios que queren emitir as programacións das súas TVL en cadea. En calquera caso, aparece por primeira vez o concepto comarca unido á posibilidade de emisión en cadea.

Castilla -La Mancha mantén os mesmos criterios da lexislación xeral, sen facer ningún tipo de especificación nin impoñer condicionantes co sistema de produción da programación que emitan.

No caso da Comunidade Autónoma de Andalucía, a normativa²² parece que establece esta posibilidade só para os municipios por proximidade cultural, como na lexislación xeral española, pero concretando algúns aspectos que non aparecen noutras normas:

La autorización para las emisiones en cadena deberá ser solicitada por los titulares de la gestión del servicio ante la Consejería de la Presidencia, debiendo aportar los siguientes datos y documentos:

- a) Conformidad de los gestores del servicio.
- b) Televisións locais que pretendan realizar las emisiones en cadena.
- c) Características de la programación a emitir en cadena:
Temática, origen de la producción y porcentaje del tiempo de emisión.
- d) Acuerdo de conformidad de los Plenos Municipales.
- e) Cualquier otro que contribuya a justificar la conveniencia de dicha emisión en cadena.

4. Para la autorización, en su caso, se valorará preferentemente que la programación a emitir en cadena sea de producción conjunta de las televisiones implicadas o realizada por terceros en Andalucía”²³.

²⁰ Decreto citado de Cataluña 320/1996

²¹ Decreto 320, artículo 5.2.

²² “Decreto 414/2000, de 7 de noviembre por el que se regula el régimen jurídico de las televisiones locales por ondas terrestres. (BOJA 139)” p.18.008

²³ Artículo 6. 3 e 4 do decreto

²⁴ “Decreto 27/2001, de 13 de febrero, por el que se modifica el Decreto 414/2000, de 7 de

A lectura destes parágrafos dan a impresión de pretender impedi-la emisión en cadea de contidos non locais, como son retransmisións de programas difundidos por satélite desde centros situado en España ou no estranxeiro.

Sen embargo, estas condicións para emitir en cadea foron interpretadas como confusas, xa que daban a impresión dunha certa autorización xeral para establecer cadeas de TVL, razón pola que a Administración autonómica aprobou un novo decreto²⁴ que modificaba o anterior, tratando de evitar dúbidas:

“Con la finalidad²⁵ de dotar a dicho texto de una mayor claridad y comprensión de su contenido normativo, se hace conveniente incluir algunas modificaciones en el citado Decreto destinadas a facilitar su mejor cumplimiento por los interesados, concretamente la fijación de aquellos requisitos que todo solicitante deberá tener en cuenta para, en su caso, poder resultar concesionario.”

No articulado desta nova norma inclúese unha redacción case igual á da lei xeral no tocante ás definicións dos conceptos de formar cadea e emitir en cadea:

“1. Se añaden nuevos apartados 2 y 3 al artículo 6, alterando la numeración de los sucesivos del mismo, que pasan a ser 4, 5 y 6, y que quedan redactados de la forma siguiente:

2. A estos efectos se entenderá que forman parte de una emisión en cadena aquellas televisiones en las que exista una unidad de decisión, considerándose que esta unidad de decisión existe, en todo caso, cuando uno o varios socios, mediante la agrupación de acciones, ejerzan la administración de dos o más sociedades gestoras del servicio, posean en ésta la mayoría de los derechos de voto, o tengan derecho a nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de sus respectivos Consejos de Administración.

3. Se entenderá que emiten en cadena aquellas televisiones locales que emitan la misma programación durante más del 25% del tiempo total de emisión semanal, aunque sea en horario diferente.

2. Se añade un apartado 4 al artículo 9, que es el siguiente:

4. En ningún caso podrá ser concesionario el que incurra en algunos de los supuestos de emisión en cadena a los que se refieren los apartados 2 y 3 del artículo 6 de este Decreto.”

noviembre, por el que se regula el régimen jurídico de las televisiones locales” “BOJA 21, Sevilla, 20 de febrero 2001, página 2.806”

²⁵ Decreto 27/2001, preámbulo.

A Xunta andaluza tamén fai pública na mesma data do decreto anterior, unha orde²⁶ de convocatoria para a solicitude de concesións de TV locais, que volve a presentar unha certa confusión con respecto á emisión en cadea, xa que no artigo 3.2 parece que abre a posibilidade de que un operador poida ter concesións de televisións locais en varios municipios e tal posibilidade podería supoñer-la posibilidade de emitir en cadea.

Este é o texto:

“En el caso de que el solicitante este interesado en la gestión del servicio de televisión local en más de un municipio, lo hará constar así en la instancia, incluyéndose la relación de municipios que se solicitan...”

Estas modificacións e novas redaccións non deberon convencer á Administración central porque dous meses máis tarde, a ministra de Ciencia e Tecnoloxía anuncia a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o decreto de TV locais da Xunta de Andalucía ó considerar que non prohibía de forma absoluta a emisión en cadea²⁷.

Sen embargo, outra noticia²⁸ de finais de maio do mesmo 2001 afirmaba que a modificación do decreto se levará a cabo despois de que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía presentara un recurso contra o artigo 6 da norma andaluza por considerar que a redacción do seu artigo 6 era confusa e deixaba aberta a posibilidade de autorizar-la emisión en cadea, prohibida taxativamente pola lexislación estatal.

Pola súa parte, a normativa extremeña que non chegou a ser aprobada mantíña os mesmos criterios ca lexislación xeral: prohibición de emisión en cadea, coas mesmas proporcións e cantidades que a normativa española determina para considerarse emitir ou formar cadea²⁹.

2.7. Resume do modelo de TVL emanado da lei de 1995

Tódolos datos recollidos das normativas vixentes ou falidas pódese esquematizar nunha táboa na que se pode observar-la variedade de condicionantes impostos por cada comunidade autónoma.

²⁶ “Orden del 6 de febrero de 2001, BOJA 21, Sevilla, 20 de febrero 2001, página 2.806”

²⁷ Noticia publicada en ABC 24-4-2001, p.87. A redacción desta noticia é moi confusa na explicación dos aspectos recorridos do decreto andaluz. A ministra era nesa data Ana Birulés no goberno do PP.

²⁸ “Andalucía 24 horas, diario digital de Andalucía” 20/05/2001.

²⁹ Segundo a información publicada en La Razón, venres 7 de decembro de 2001, p.24

No tocante ó ámbito de cobertura tódalas normativas seguen o modelo da lexislación básica xeral, na que se considera que a televisión local é unha televisión de ámbito municipal, tanto se está restrinxida ó núcleo principal de poboación como si amplía a súa cobertura á totalidade dos núcleos do municipio.

Estas normativas consideran unha excepción a posibilidade de emisión en cadea, pero esta excepción sempre queda circunscrita ó ámbito de municipios limítrofes, ou como moito dentro dunha comarca.

A prohibición de emitir ou formar cadeas de TV locais figura tamén de forma directa e expresa nos textos autonómicos, pero igualmente pode figurar de forma indirecta, citando ou facendo unha referencia ó artículo 7 da lexislación básica de 1995.

Na definición de TVL segundo o criterio de horas de emisión, apréciase unha grande variedade de fórmulas: desde a indeterminación da lexislación xeral, seguida por Navarra, ata a de maior esixencia do decreto “non nato” de Estremadura, no que se estipulaba un mínimo de 6 horas diarias, cifra que quedaba rebaixada a 4 horas para os municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes.

Modelo de TVL segundo criterios de horarios de emisión, porcentaxe de produción propia, e cobertura.

Comunidade Autónoma	Horas diarias	Horas semana	Producción. Propia	Coproducción de terceiros	Ámbito cobertura	Emisión en cadea
Navarra	NO	NO	NO	NO	municipal	NON
Cataluña	1	7	60%	40%	municipal	NON
Castilla- La Mancha	2	14	40	25	municipal	NON
Andalucía	4	NO	50%	50%	municipal	NON
Estremadura	6	42	51%	50%	municipal	NON
-5.000 hab.	4	28				

Fonte: elaobración propia

3. Primeiras modificacións da lexislación sobre TVL

Unha nova lexislación xeral sobre TV do ano 1997¹ comeza a mencionar a tecnoloxía dixital aplicada á televisión en xeral, pero tamén cita ás televisións de ámbito local. Ó falar das concesións afirma que:

“Su otorgamiento se llevará a cabo por el Estado si su ámbito es estatal y por las Comunidades Autónomas si es autonómico o local”.

Non existe nesta nova norma ningún indicio ou mención de que a TV local vaia se-la primeira en ter que aplica-la tecnoloxía dixital.

As mesmas referencias figuran no Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrenal²:

“En cuanto a la explotación de los canales múltiples de cobertura autonómica y local disponibles.... cada una de las Comunidades Autónomas, en el ámbito de sus competencias, otorgarán la concesión o las concesiones que correspondan para la explotación del servicio, en régimen de gestión indirecta.”

Outras referencias técnicas aparecen no anexo³ dentro do apartado de reserva de frecuencias para redes de transmisor único de cobertura local.

Nesta mesma normativa xa se mencionan outras posibilidades de cobertura dentro das comunidades Autónomas, tales como ámbito provincial ou comarcal, pero tan só como posibilidades de desconexións das televisións de ámbito autonómico. Ningún destes dous conceptos están aplicados ás televisións locais⁴.

Para a TV local, este Plan indica que

“En la medida en que la capacidad del espectro radioeléctrico lo permita, se introducirán otras estaciones de televisión digital terrenal con el objetivo de alcanzar coberturas locales mediante el uso de hasta dos canales múltiples que estarán disponibles antes del 31 de diciembre del año 2000.”

¹ “Ley 66/1997, de 30 de diciembre, de Medidas fiscales, Administrativas y del Orden Social. BOE de 31 de diciembre) Disposición adicional 44.4”

² “Real Decreto 2169/1998, de 9 de octubre, por el que se aprueba el Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Terrenal (BOE de 16 de octubre)” Disposición adicional primeira. Punto 6.

³ Decreto 2169/1998, Anexo. 1. 3 y 4.

⁴ Decreto 2169/1998, Anexo. 3.2.

3.1 Propostas de modificación en Cataluña

Dentro do ámbito xeral das televisións locais non se rexistran movementos que promovan unha modificación do modelo. Tódalas manifestacións existentes céntranse na petición de regularización xurídica definitiva das TVL existentes, de que desapareza a situación de alegalidade en que actúan por falta de desenvolvemento da Lei 41/1995.

Só en Cataluña existen estudos e propostas de modificación do modelo das televisións locais. O informe máis importante foi presentado no Parlamento de Cataluña en xuño do ano 2000⁵.

Neste informe fanse dúas propostas: unha primeira, que promove a modificación do modelo dentro da tecnoloxía analóxica, e outra na que xa teñen en conta a tecnoloxía dixital.

3.1.1. Ámbito de cobertura

No primeiro caso, propoñen unha ampliación do ámbito de cobertura. Pídese que poidan coexistir televisións locais de ámbito municipal, de ámbito comarcal ou supracomarcal, pero sempre mantendo o compromiso de facer una programación puramente local, sen aproveitar esta maior cobertura para facer programación máis global:

“A. Cobertura d'emissió

Amb relació a la possible ampliació de l'àmbit de cobertura -més enllà delnucli urbà principal del municipi, possibilitat prevista en la Llei i en el Decret- es preveu la possibilitat d'ampliar-la de forma excepcional. Per tant, es considerarà que l'àrea ordinària de cobertura de les televisionslocals és el municipi o la comarca. Conseqüentment, podran existir televisions locals d'àmbit municipal –enteses com la totalitat dels nuclis de població del territori del municipi-, televisions locals d'àmbit de cobertura de més d'un municipi i televisions locals d'àmbit comarcal.

L'excepcionalitat de l'ampliació de l'àmbit a dos o més comarques vindrà condicionada pel compliment d'unes condicions predeterminades; entreaquestes destaquen:

⁵ “Informe sobre la revisió del model de televisió local a Catalunya. Text aprovat pel Ple del Consell de l'Audiovisual de Catalunya en data 9 de maig de 2002”. Presentado no Parlamento catalán o día 21 de xuño de 2002. Recóllese aquí a parte terceira e cuarta: “III. Elementos principais per al desplegament del marc normatiu de la televisió local a Catalunya”. IV:Propostes per a una nova regulació de la televisió local”.

- el compromís d'arribar a la quasi totalitat del territori habitat de l'àmbit de cobertura,
- l'emissió de programació local,
- el compromís d'arribar a acords amb les televisions històriques ja implantades en el territori d'ampliació.”

3.1.2. Emisión en cadea

Polo que afecta ó modelo de TV local na posibilidade de emitir en cadea, a proposta catalana, mantén o criterio orixinal da lexislación xeral, de non autorizar este tipo de emisións en cadea agás no caso de que sexan cadeas de televisión en municipios ou comarcas con intereses comúns, sen que se perda o carácter local das súas programacións. Proponse tamén que este tipo de emisión debe servir para consolida-lo modelo local.

O texto orixinal da proposta é o seguinte:

“B. Emisión en cadea

En relación amb les emissions en cadea, es proposa el següent plantejament:

El procés de consolidació de l'emissió en cadea ha d'estar centrat en afavorir el desenvolupament de la televisió local de proximitat de tal forma que aquesta emissió en cadea no comporti un desplaçament en el desenvolupament de la televisió local de proximitat a favor d'altres fórmules de televisió de plantejaments comunicatius més globals.

Per tant, tal com disposa el Decret, considerem que només es puguin autoritzar excepcionalment les emissions en cadea que superin el 25% de la programació, sempre que ho justifiquin la proximitat territorial, determinada per la comarca, i la identitat social i cultural dels municipis interessats. A aquestes, hi haurem d'afegir les condicions reflectides en l'àmbit de cobertura. Condicions que hauran de fer de l'àmbit de cobertura i l'emissió en cadea dues realitats que es complementin i que no resultin antagòniques, contribuint a consolidar un model comunicatiu local de Catalunya. Això comporta que les televisions locals, en totes les seves modalitats, de forma excepcional i amb l'autorització prèvia, puguin emetre part de la seva programació en cadea”.

3.1.3. Condicións para a xestión privada da TV local

Este reforzamento e consolidación do modelo de TV local queda máis fixado nas condicións propostas polo CAC para permiti-la xestión privada da televisión local, coas esixencias lóxicas de instalacións propias, programación, etc:

“Les televisions privadas: explotación directa

Es podria interpretar que l'exploració directa del servei comporta:

- disposar, per qualsevol títol acceptat en dret, del finançament i
- l'exploració de les instal·lacions d'edició de la televisió,
- disposar de recursos humans i tècnics per a la prestació del servei, sens perjudici de la contractació de programes a productores especialitzades,
- tenir el control de la graella de programació,
- tenir la comercialització i venda dels seus productes,
- tenir direcció d'antena,
- gestionar l'obtenció de recursos mitjançant publicitat,
- així com qualsevol altra activitat patrimonial, pressupostària, financera o comercial."

3.1.4. Transición ó TDT na TVL catalana

Os autores das propostas de modificación do modelo recollen a posibilidade de que as televisións locais teñan que face-la transición á tecnoloxía dixital, pero recomendan ás autoridades que manteñan as emisións en analóxico en tanto non exista un parque suficiente de receptores que xustifique o cambio de tecnoloxía de emisión.

"L'aparició de la regulació de la nova televisió digital terrestre, que permetrà l'existència per primer cop de televisions privades d'àmbit català, ha posat de manifest la necessitat que aquestes puguin disposar de la possibilitat d'emissions en analògic mentre el parc de receptors no s'adapta a la nova tecnologia. Caldrà tenir present aquesta necessitat ineludible i el compromís de les respectives emissores d'efectuar aquesta funció a fi de concretar l'abast territorial d'aquestes televisions."

Apunten tamén a posibilidade de que poida ser ampliado ó ámbito de cobertura con esta tecnoloxía, por iso reafirman a súa idea de que non debe perderse o carácter local da programación.

"Degut al desenvolupament de la televisió local, considerem que cal plantejar un nou marc d'interpretació del que entenem per cobertura, que permeti la seva ampliació a aquelles zones on, per motius, orogràfics, geogràfics, demogràfics, econòmics o de centralitat territorial d'un determinat municipi, tinguin dificultats per tenir una televisió. Aquesta ampliació de cobertura ha d'afavorir plantejaments de comunicació local i en cap cas hauria de permetre's utilitzar una llicència de televisió local per plantejar una programació de televisió de més cobertura que impliqués una programació més generalista, allunyada de la realitat social, cultural i política del municipi."

Como se aprecia moi ben nestes textos, estase apuntando a un novo modelo de TV local coa transición á tecnoloxía dixital, o mesmo tempo que se reafirma o carácter local que debe te-la programación en tódolos seus aspectos de atención á zona de cobertura.

3.1.5. Modificación da norma catalana

A principios do ano 2003, unha semana despois de que o Goberno central definira o novo modelo de TV local en TDT, a Generalitat de Cataluña aprobou un novo decreto de televisión local⁶ para dar amparo legal transitorio ás TVL analóxicas, baseándose na lei de 1995, pero sen ter en conta as modificacións posteriores. Esta é a xustificación na súa versión castelán:

“...con una voluntad clara de dar una mayor seguridad jurídica y amparo legal a los operadores que están llevando a cabo sus emisiones de acuerdo con las previsiones legalmente establecidas, es voluntad del Gobierno de la Generalidad de Cataluña dar un marco jurídico transitorio a las emisoras de televisión local que actualmente, de conformidad con la disposición transitoria única de la Ley 41/1995, están funcionando.”

Esta normativa derroga o anterior decreto 320/1996, pero non fai ningunha referencia nova ó modelo de TV local por ámbito de cobertura, xa que está referíndose sempre ás TV locais que están emitindo con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1995.

Estamos diante dun decreto que non ten por finalidade facer unha convocatoria para adxudicar novas frecuencias de televisión local, senón de regulariza-las que xa está emitindo. Enténdese que son emisoras que teñen moi definido o ámbito de cobertura é a súa actividade audiovisual. De feito, para conseguí-la regularización segundo esta norma, a emisora privada deberá presentar

“documentación acreditativa de que la televisión local estaba emitiendo por ondas terrestres con anterioridad al 1 de enero de 1995, y de los negocios jurídicos ejecutados desde esta fecha que hayan tenido como resultado un cambio de titularidad de la emisora o bien en la estructura del capital social de la sociedad”⁷

Non existe nesta norma relación algunha á prohibición ou permiso de emisión en cadea, dando por suposto que non existen estas cadeas.

⁶ “Decreto 15/2003, de 8 de enero, por el que se regula el régimen jurídico transitorio de las televisiones locales por ondas terrestres”. DOGC 3801, 16/01/2003

⁷ Decreto 15/2003, artículo 11.2.2.b)

Tamén deixa claro que este novo réxime xurídico tan só estará vixente ata a entrada da TDT .

Mantense ó modelo de TVL en canto ás esixencias duns principios xerais sobre contidos programáticos, aínda que se observa unha simplificación da redacción dos mesmos, e se inclúen como principios inspiradores da actividade das televisións locais a necesidade de separar a programación da publicidade, así como a potenciación da industria audiovisual do territorio de cobertura.

Na páxina inclúese un cadro comparativo da redacción do decreto de 1996 e do texto de 2003.

3.2. Análises da CMT e do CAC

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) mailo Consello do Audiovisual de Cataluña (CAC) fixeron público un informe sobre o TDT en España⁸, no que, de forma moi marxinal, se analiza a influencia da transición ó TDT da televisión local e se inclúen algunhas recomendacións que entran no obxectivo deste traballo.

Este informe, que é anterior á lexislación sobre a televisión local en TDT, xa adianta que esta nova tecnoloxía suporá tamén una oferta de programas de proximidade:

“La transmisión terrestre de la televisión permite no sólo la transmisión de contenidos de ámbito estatal o autonómico, sino también de ámbito local. Esta programación de proximidad se podría ofrecer igualmente a través del cable, pero en ese caso se requeriría en primer lugar la instalación de las pertinentes líneas de transmisión, y en segundo lugar el pago de una cuota mensual de abono.”⁹

A CMT considera tamén que a transición á TDT permitiría que puidese ampliarse o número de concesións por municipio. Isto indica que no estudio se mantén a idea dun ámbito de cobertura unicamente municipal para as televisións locais, restricción que non se mantería na lexislación posterior.

A análise da Comisión do Mercado das Telecomunicacións reafirma esta idea territorial restrictiva no seguinte texto¹⁰, no que subliñamos a referencia á area de cobertura municipal:

⁸ La Televisión digital terrenal en España. Situación y tendencias. CMT y CAC, julio de 2002.

⁹ La Televisión... p.25

¹⁰ La Televisión... p.72

“La TDT puede también hacer posible la regularización de la televisión local por ondas. Este mercado se encuentra en una situación irregular, debida a la falta de desarrollo normativo de la Ley 41/1995. La introducción de la TDT podría permitir que se reservase espectro para la prestación de estos servicios, y permitiría además que se otorgasen más de dos concesiones por municipio, lo que no resulta posible con la normativa actualmente en vigor.”

Non existen máis referencias á televisión local no estudio da CMT que introduzan novidades ó que xa temos recollido ata aquí. En todo caso, pouco tempo despois da publicación das análises mencionadas neste punto catro, a Administración central aprobou a lexislación que determinaba de forma definitiva o modelo de TV local dixital en España.

3.3. A TV local na memoria da CMT de 2002

A análise sobre a TV local recollida na memoria anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións non fai ningunha referencia ó modelo de televisión en canto contidos, nin ó modelo segundo ó ámbito de cobertura.

No informe, a CMT xa entra na consideración da nova lexislación que dixitaliza a televisión local, recolle tamén a situación legal na que están emitindo na actualidade, o mesmo tempo que alude ás iniciativas lexislativas por parte dalgunhas comunidades autónomas para regulariza-lo sector, todas elas xa recollidas aquí.

“La asignación pendiente de frecuencias de TDT para el ámbito local tampoco se produjo en este periodo. Esto ha generado una situación de inseguridad jurídica –tanto a los propios operadores de televisión local por ondas hertzianas afectados, como indirectamente al resto de agentes que intervienen en el mercado de los servicios audiovisuales– que ha intentado remediarse de manera transitoria y a nivel reglamentario, por alguna comunidad autónoma. Esta situación sigue requiriendo una regularización legal que, con toda probabilidad, será abordada en una futura regulación legal del mercado audiovisual.”¹¹

O resto dos aspectos recollidos no informe refírense ós problemas que vai provoca-la dixitalización da TV local, dos que se tratará máis adiante.

¹¹ CMT, Memoria 2002, pp. 93-94

3.4. O proxecto TV locais de Uteca

A Unión de Televisións Comerciais Asociadas (UTECA) tiña elaborado en 2002 un borrador de proposta de Lei Xeral de Televisión¹², no que tamén propón un modelo de televisión local. Aínda que non chegou a ser realidade, pode servir para ter en conta a visión da TV local destas empresas en canto a área de cobertura, tipo de programación ou sobre a posibilidade de emitiren en cadea.

Non cabe dúbida de que a opinión desta organización tan influente no sector puido ter algo que ver na lexislación de TV locais que está vixente neste momento.

En canto o ámbito de cobertura, Uteca propoñía¹³ que as televisións locais por TDT estivesen restrinxidas ó municipio correspondente, cunhas excepcións semellantes á lexislación xeral:

“Excepcionalmente, las Comunidades Autónomas competentes podrán autorizar coberturas que superen el estricto ámbito territorial establecido en los apartados precedentes siempre que se cumplan cumulativamente las condiciones siguientes:

- a) Exista previa conformidad de los plenos de las Corporaciones Municipales de los Municipios afectados
- b) Exista proximidad territorial entre los Municipios
- c) Exista identidad social y cultural entre dichos Municipios.”

Neste sentido, hai que ter en conta que esta proposta de Uteca mantén a simultaneidade de televisión local analóxica, nas mesmas condicións¹⁴.

En canto os contidos, este anteprojecto¹⁵ só fai unha restricción que afecta ás TV locais e autonómicas:

Los operadores de canales autonómicos o locales no podrán adquirir en exclusiva contenidos para sus emisiones que impidan la emisión en un ámbito territorial distinto del de su propia Comunidad o Municipio. Esos operadores no podrán contratar en exclusiva la retransmisión de acontecimientos de repercusión nacional ni la retransmisión en directo de acontecimientos deportivos de ámbito internacional.

¹² “Anteproyecto de Ley General de Televisión. Proapuesta de la Unión de Televisiones Comerciales Asociadas (UTECA Mayo 2002” www.uteca.com/documentos

¹³ Uteca, artículo 47

¹⁴ Uteca, artículo 41

¹⁵ Uteca, artículo 15,2

En todo caso, Uteca tamén ofrece a alternativa de eliminar este parágrafo, por “entender que el propio mercado se encargará de hacer las correcciones necesarias”.

En canto os aspectos xerais da programación, a proposta de Uteca¹⁶ prevé que

“Las Comunidades Autónomas podrán introducir normas de contenido equivalente al de las previstas en este Capítulo, con objeto de promover la emisión en su lengua propia de la producción audiovisual, en los servicios de televisión local bajo su competencia.”

Polo que atinxe á emisión en cadea, este anteproxecto presenta dúas opcións de regulación¹⁷. Unha proposta A:

“Los operadores de canales autonómicos o locales no podrán emitir en cadena o formar parte de una cadena de televisión. A estos efectos, se entenderá que forman parte de una cadena aquellos canales de televisión cuyos operadores, con o sin accionistas comunes, adquieran conjuntamente más del 40 por ciento de su programación anual, o vendan conjuntamente más del 40 por ciento de su espacio publicitario”.

Na opción B cambia fundamentalmente a porcentaxe:

“Se entenderá que emiten en cadena aquellos canales locales o autonómicos que emitan la misma programación durante más del 70 por ciento del tiempo total de emisión anual, aunque sea en horario diferente.”

Manteñen a excepción desta prohibición para os municipios con proximidade territorial, do mesmo xeito ca lexislación xeral.

4. Modificación radical do modelo: transición á TDT

A primeira reforma do modelo de TV local prodúcese a finais do ano 2002, cando o Goberno promove unha modificación da Lei 41/1995 de Televisión Local por Ondas Terrestres” por medio da Lei de Acompañamento dos Presupostos Xerais do Estado¹.

Hai que ter en conta que, con anterioridade á aprobación da iniciativa lexislativa, ó longo de dous anos consecutivos, algúns ministros do goberno central anunciaron a modificación da lexislación de TV local.

O primeiro en falar de cambios, pero sen facer mención da tecnoloxía dixital, foi Rafael Arias Salgado, ministro de Fomento, daquela responsable desta materia, quen, de acordo coas informacións² publicadas:

“Se mostrou hoy partidario de cambiar la Ley de Televisión Local por ondas terrestres, aprobada en 1995, por el anterior gobierno socialista, para hacerla más amplia y flexible, y a que se puedan abrir nuevas posibilidades”.

Un ano máis tarde, a súa sucesora no cargo, Ana Birulés³ iniciou un proceso de consulta coas comunidades autónomas para incoar los trámites de dixitalización da TVL. Este primeiro paso tiña como finalidade coñecer-las necesidades de espectro radioeléctrico para a definitiva regularización da Televisión local, pero non indicaba ningunha das características que se coñecerían coa lei. O proceso iniciado pola ministra non chegou a rematarse.

Volvendo á modificación da Lei das Televisións Locais, a nova norma xustifica a reforma pola necesidade de dar un paso máis na implantación da TDT, de tal xeito que a TV Local aparece agora como o primeiro sector que debe face-la transición á tecnoloxía dixital como condición imprescindible para a súa legalización ou regularización.

No preámbulo da devandita Lei recoñécese:

“En esa materia, se modifica también la Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de Televisión Local por Ondas Terrestres, a fin de facilitar el desarrollo de la televisión digital...”

¹ “Ley 53/2002, de 30 de diciembre de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social” BOE 313, 31 de diciembre de 2002. No artículo 109 comeza a “Modificación de la Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de Televisión Local por Ondas Terrestres”.

² EFE 04/04/2000.

³ La Gaceta de los Negocios. 8 de marzo de 2001.

Por iso, esta nova lexislación xa determina no primeiro dos seus artigos o cambio no concepto de televisión local:

“Se entíndese por tal exclusivamente a los efectos de Ley aquella modalidad de televisión consistente en la emisión o transmisión, **con tecnología digital**, de imágenes no permanentes dirigidas al público sin contraprestación económica directa por medio de ondas electromagnéticas propagadas por una estación transmisora terrenal en el ámbito territorial señalado en artículo 3 de esta Ley”.

Queda definido neste texto, salientado da nosa man, que só se considerará legalmente televisión local a aquela que emite ou transmite con tecnoloxía dixital.

Calquera outra TVL que non emitan con tecnoloxía dixital non vai ser regulada por outra norma. Queda descartada de xeito definitivo a televisión local analóxica a efectos legais. Quedan tamén, por tanto, sen efecto aquelas normas autonómicas que pretendían acelerar o proceso de normalización desta televisión. En todo caso, a nova lexislación non reforma totalmente a lei de 1995, xa que deixa viventes moitos artigos sobre aspectos organizativos.

Xustamente un ano máis tarde o Goberno levou a cabo unha nova reforma da modificación, utilizando o mesmo instrumento: a denominada lei de acompañamento dos Presupostos xerais do 2004⁴, que se publicou o último día do 2003.

A nova configuración da televisión local introducida pola modificación de 2002 deixou algúns aspectos pouco definidos e tiveron que ser clarexados un ano máis tarde por medio de disposicións adicionais a distintos textos legais que afectaban á televisión privada de ámbito nacional, autonómico e local⁵.

Nesta normativa de 2003 establécense conceptos precisos sobre o que debe entenderse por emisión de TV, define directamente os contidos

⁴ “Lei 62/2003, de 30 de diciembre, de medidas fiscales, administrativas y del orden social”. Trata de televisión nas disposicións adicionais 30^a, 31^a e 32^a.

⁵ O texto da primeira adicional sobre TV refírese ós seguintes textos legais: “Los titulares de concesiones para la prestación del servicio público de televisión de ámbito estatal o autonómico previstas en la disposición adicional cuadragésimo cuarta de la Ley 66/1997, de 30 de diciembre, de medidas fiscales, administrativas y de orden social, y de ámbito local a que se refiere la Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de Televisión Local por ondas Terrestres estarán obligados a emitir programas televisivos originales durante un mínimo de cuatro horas diarias y 32 semanales.” BOE 313, 31/12/2003, pp. 46980-81. Tamén se modifica a “Lei 10/1988, de 3 de maio de Televisión Privada, p.46981

de TVL e as horas nas que pode haber un tipo de programación ou outro, así como as posibilidades de emisión conxunta e as modalidades de formación de cadeas de TVL. Igualmente, a modificación de 2003 aborda un dos problemas que máis intranquilizara ós operadores de TV local xa que establece unha moratoria de dous anos, prorrogables, para seguir emitindo analóxico, aínda que tan só a aqueles que sexan concesionarios dunha televisión local dixital.

Con esta nova reforma queda máis definido o modelo de TV local que se implanta en España coa tecnoloxía dixital e vense máis claramente as consecuencias da transición da TVL á TDT.

Todo elo debe ser analizado seguidamente dun xeito detallado

4.1. Definición do novo modelo por cobertura.

Na normativa de 1995 quedaba establecido taxativamente que á área de cobertura era o núcleo urbano principal do municipio, pero na modificación de 2002, non existe unha área de cobertura preestablecida, agás para as grandes poboacións⁶:

“El ámbito de cobertura de cada canal múltiple reservado para la cobertura local será el establecido en cada caso en el Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local”

No artículo anterior⁷, esta Lei xa deixara determinado que será o Goberno quen decida, de acordo coas posibilidades técnicas, ós ámbitos de cobertura das distintas televisións locais:

“Corresponderá al Gobierno la aprobación del Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local, a la vista de las solicitudes presentadas por las Comunidades Autónomas y teniendo en cuenta las frecuencias disponibles, que se determinarán respetando el derecho al acceso equitativo de todas ellas a los recursos de espectro, la compatibilidad radioeléctrica entre Comunidades adyacentes, así como las limitaciones derivadas de la coordinación radioeléctrica internacional. El Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local determinará los canales múltiples necesarios y los ámbitos de cobertura de dichos canales múltiples destinados a la difusión de los servicios de televisión local.

Estamos, por tanto, diante dun troco radical no concepto ou definición da TV local. O proceso ten que iniciarse por parte das Comunidades

⁶ Lei 53/2002, artículo 4, “ámbito territorial de cobertura”

⁷ Lei 53 artículo 3.1.

Autónomas que deben ser as que soliciten cobertura para uns ámbitos territoriais determinados ou demarcacións, pero finalmente será a Administración central quen acepte as peticións e quen estableza as demarcacións definitivas para as TVL. Pásase así duns límites administrativos como era o municipal a uns límites indefinidos que serán determinados polo número de habitantes, polas dimensións do territorio a cubrir, como se verá seguidamente, e polas disponibilidades técnicas

Estes criterios especificanse máis cando a lei ten que adiantar o número de concesións que poderán adxudicar as Comunidades Autónomas en cada territorio. Nun primeiro escalo ou nivel aparecen con dereito a ter canles de TVL en TDT ás capitais de provincia e os municipios con máis de 100.000 habitantes⁸:

“El Plan reservará canales múltiples, con capacidad para la difusión de, al menos, cuatro programas de televisión digital, para atender las necesidades de cada una de las capitales de provincia y autonómicas, y de cada uno de los municipios con una población de derecho superior a 100.000 habitantes si la capacidad del espectro lo permite.”

En principio, esta delimitación xa da unha certa idea do número de TV locais que pode haber nas zonas máis rendibles ou de maior influencia social. Por exemplo, en Galicia cumpren estas condicións 4 capitais de provincia e a cidade de Vigo. Santiago tamén pode ser considerada capital de provincia, e de feito foi así considerada pola Administración galega. Ferrol tamén quedou integrada no grupo de capitais de provincia galegas, polo que as sete grandes cidades da Comunidade Autónoma pasaron a ser consideradas demarcacións nas propostas remitidas á Administración central.

Para coñece-la posibilidade de contar con máis TVL habería que agarda á aprobación do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, é dicir, e organización de canais por demarcacións para toda España, tendo en conta as peticións que presentase cada Comunidade Autónoma. No caso de Galicia, esta previsión obrigou a que a Xunta de Galicia definise un mapa de demarcacións para solicitar un número determinado de televisións locais, de acordo co punto terceiro do artigo mencionado⁹:

“Cuando la Comunidad Autónoma correspondiente hubiera solicitado coberturas para municipios de menor población, siempre que existan

⁸ Lei 53, artículo 3.2

⁹ Lei 53, artículo 3.3

frecuencias disponibles, el Plan podrá reservar canales múltiples para atender conjuntamente las necesidades de varios municipios colindantes cuya población de derecho total sea superior a 25.000 habitantes o cuya cobertura incluya a todos los municipios en un radio de, al menos, 25 kilómetros.»

Este terceiro parágrafo determina nidiamente que a TV local pasa a ser unha televisión comarcal ou multicomarcal. Xa non se trata de comprobar se uns municipios que están próximos e teñen unha cultura e intereses comúns poden crear cadeas locais con emisións en común, en caso de que así o aproben as correspondentes Corporacións. Agora hai unha obriga legal de que unha TV local atenda os intereses de varios municipios no novo concepto de demarcación.

Podería pensarse que non hai dúbida do carácter municipal das TVL nas cidades e nos municipios grandes. Sen embargo, a adxudicación dunha TVL polo criterio de capital de provincia, non impide que as súa demarcación sexa comarcal, como de feito quedou demostrado no Plan Técnico.

O esquema teórico previsto pola reforma legal de 2002 non permitía saber cantos canais múltiples poderían instalarse. Por exemplo, en Galicia quedaban definidos os das sete grandes cidades, xa que cada unha podería contar cunha canle múltiple con capacidade para emitir, a lo menos, catro programas, que equivalen a catro TV locais, pero non podía saberse cantas máis poderían concederse.

Territorio	condicións	numero de canais
Cidades: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra	Capital de provincia	4 canais
No cadro adxunto esquematízanse as condicións legais para contar nunha canle múltiple no caso de		
Outros municipios: Santiago de Compostela, Ferrol, Vigo	Máis de 100.000 habitantes	3 canais
Varios municipios colindantes	Con máis de 25.000 habitantes	indeterminado
Varios municipios colindantes	Incluídos nun radio de 25 kilómetros	Indeterminado

A grande indeterminación nas demarcacións de TVL dixital producíase cando os núcleos de poboación son menores porque sería necesaria un reagrupamento para cumprir-las condicións previstas para contar cunha canle múltiple de TDT.

En xeral, esta circunstancia obrigou a uns equilibrios de ámbito de cobertura, xa que había áreas moi poboadas como as grandes capitais e zonas con pouca poboación. Tamén sucede que existen comarcas ou zonas de intereses comúns que non chegan a cumprir-las condicións mínimas para poderen optar a unha televisión local ou ser constituídas en demarcación.

Todas estas indeterminacións abriron un período de tramitacións administrativas entre as comunidades autónomas e a Administración central non exentas de conflito. As Comunidades autónomas tiveron que presenta-las súas aspiracións de demarcacións para TVL pero foi a Administración central quen decidiu finalmente autorizando un número menor do solicitado¹⁰, feito que provocou reaccións en contra, a lo menos, en dúas Administracións autonómicas¹¹.

No seu momento veremos con detalle o proceso de delimitación de demarcacións en Galicia, desde as posibilidades totais que se presentaban de acordo coa lei, ata realización das depuracións necesarias para lograr que tódalas demarcación posibles fosen viables desde o punto de vista da difusión de TDT.

4.2. A emisión en cadea da TDT local

Como xa se ten explicado, o problema da emisión en cadea é un dos que espertan maior polémica, xa que existen grandes intereses empresariais con proxectos de instalación de TVL en cadeas de ámbito

¹⁰ No mesmo preámbulo do real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía afirma que "Las solicitudes presentadas por las comunidades autónomas plantean la cobertura de la práctica totalidad de la población en cada uno de sus respectivos ámbitos territoriales autonómicos". BOE 85, 8 de abril de 2004, p.14694.

¹¹ O día 4 de marzo Cine por la Red publicou a seguinte noticia: "El consejero de la Presidencia de la Junta de Andalucía, Gaspar Zarrías, rechazó ayer el Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local elaborado por el Ministerio de Ciencia y Tecnología en lo referido a Andalucía y anunció la presentación de una enmienda a la totalidad".

Por outra parte, o día 12 de abril, Cine por la Red publicaba a seguinte noticia: "El subdirector general de Medios Audiovisuales de la Generalitat de Catalunya, Santiago Ramentol, considera que Cataluña sale "muy perjudicada" con el Plan Técnico Estatal de la Televisión Digital Terrestre (TDT) local recientemente aprobado por el Gobierno, que le adjudica 20 múltiplex".

nacional que afectan ó propio modelo de TV local que se quere implantar en España.

A redacción da primeira modificación do 2002 da lei de 1995 pode inducir a pensar que o goberno central admite a formación de cadeas nalgúns casos especiais, mesmo parece que abre unha porta para que existan cadeas que serán reguladas pola Administración central ou polas Comunidades Autónomas.

É lóxico que se produza confusión cando xa en outubro¹² de 2002 se fai unha proposta de introducción dun novo apartado 4 do artículo 7 da lei de televisión local deste xeito:

“El control de la formación de cadena y emisión en cadena en las televisiones locales por ondas terrestres corresponde a las Comunidades Autónomas, salvo en el supuesto de que la formación de cadenas o la emisión en cadena se realice en el territorio o en localidades de más de una Comunidad Autónoma, en cuyo caso, el control corresponderá a la Administración General del Estado”

Esta mesma redacción, sen alteracións¹³ vai pasar a tódalas versións parlamentarias do proxecto de lei, ata a aprobación definitiva a finais do ano 2002.

Sen embargo, estudiado este apartado no conxunto do artículo 7 da Lei modificada, vese claramente que mantén o primeiro apartado no que se prohibe explicitamente a formación de cadeas. Polo tanto, a redacción que nos ocupa non pode entenderse como unha autorización para a formación de cadeas, máis ben parece un mandato imperativo de que as Comunidades Autónomas deberán vixiar que non se formen cadeas de televisións locais.

Así de claro o entende a Comisión do Mercado das Telecomunicacións¹⁴ na súa publicación oficial de principios de 2003, na que interpreta que na modificación se establece que as Comunidades Autónomas

¹²“Propuesta de normativa para su inclusión en el anteproyecto de Ley de Medidas Fiscales, Admínistrativas y del orden social, anteproyecto de Ley de Presupuestos Generales del Estado. Ministerio de Cienci y Tecnología, 3.10.2002, versión 1.

¹³ Ver: “Boletín oficial de las Cortes Generales. Congreso de los Diputados, Sería A, 9 de octubre de 2002, núm. 112-1, página 80”. Tamén: Boletín Oficial de las Cortes Generales. Senado. Serie II, 19 de noviembre de 2002, núm. 95 (a), página 100”. Ou tamén: Boletín Oficial de las Cortes Generales. Congreso de los Diputados. Serie A, 30 de diciembre de 2002, núm. 112-11, Aprobación definitiva por el Congreso, página 1052. O día seguinte saíu a lei publicada no BOE, na páxina 46.170

¹⁴ “Noticias CMT, número 10, enero de 2003”, p.9

“Se encarguen de controlar que las televisiones locales no formen cadenas ni emitan en cadena, salvo por razones de proximidad territorial o identidad social y cultural de varios municipios”.

Esta redacción da CMT é máis clara no sentido prohibitivo da formación de cadea cá propia lei.

Do mesmo xeito seguen vixentes os puntos 2 e 3 do articulo 7, nos que se definen os criterios que deber aplicarse para detecta-la formación dunha cadea de TVL e os conceptos que definen a emisión en cadea.

Pode considerarse un pouco máis confuso o criterio de formación de cadeas da TV local TDT dos municipios próximos, tal como quedou redactado no novo apartado 5¹⁵, xa que ó desaparece-lo municipio como ámbito referencial de cobertura da TVL, coa excepción das capitais de provincia ou grandes cidades, queda un pouco rara a referencia ós plenos municipais:

“La Comunidad autónoma competente y, en el supuesto de que se realice en el territorio o en localidades de más de una comunidad autónoma, la Administración General del Estado podrán autorizar, previa conformidad de los plenos de los municipios afectados, y a solicitud de los gestores del servicio, emisiones en cadena en atención a características de proximidad territorial y de identidades sociales y culturales de dichos municipios”

Está claro que aquí se mantén aberta unha porta á emisión en cadea sen autorización á formación das mesmas, pero hai algúns aspectos confusos nesta nova TVL dixital que se trata de implantar:

En primeiro lugar, como se apuntou, se desaparece o municipio como área de cobertura específica e definitiva da TV local pasando a un concepto de demarcación comarcal ou supracomarcal, non se entende que agora se regule unha posibilidade de emisión en cadea de municipios próximos. O concepto de demarcación xa abarca os municipios próximos con intereses comúns. A propia Lei di que se poderán reservar canles múltiples para as necesidades de varios municipios colindantes. Recórdese o articulo 3 modificado:

“...el Plan podrá reservar canales múltiples para atender conjuntamente las necesidades de varios municipios colindantes cuya población de derecho total sea superior a 25.000 habitantes o cuya

¹⁵ Lei 53/2002. BOE 313, p.46.170

cobertura incluya a todos los municipios en un radio de, al menos, 25 kilómetros.”

De este texto tírase que non queda moita posibilidade de emitir en cadeas entre municipios en razón de proximidade, xa que a propia cobertura de emisión cubrirá obrigatoriamente a varios municipios.

Parece máis ben que o problema presentado co novo modelo de TVL supracomarcal vai ser que se poñan de acordo sobre a programación, os contidos, os tempos, varios municipios afectados se cada un ten intereses distintos. Podería presentarse unha loita entre municipios por tempos e atención dedicada a cada un deles. En todo caso, non cabe dúbida de que esta nova situación cambiará ou modificará os criterios de programación local destas emisoras, xa non municipais senón comarcais.

Por outra parte, cabe interrogarse sobre o que pode suceder se a emisión en cadea que se pretende facer vaia ser multicomarcal ou enlazar varias demarcacións ¿teñen que da-la súa autorización tódolos municipios afectados? A lei non da resposta clara a esta cuestión, pero enténdese que debería ser así, se temos en conta o sinalado cando indica o modo de xestión destas emisoras¹⁶:

“En el supuesto de que el ámbito de cobertura del canal múltiple comprenda varios términos municipales, el programa reservado para la gestión directa municipal será atribuido conjuntamente a los municipios incluidos en dicho ámbito de cobertura que así lo hubieran solicitado.”

Tírase de aquí que debe haber unha solicitude de todos eles. ¿Qué pasa se tan só o solicita un dos municipios da demarcación? E se temos en conta as previsións do anteproxecto de Lei Xeral de Televisión, que non chegou a ser aprobada polo Goberno pero que mostra a intención lexislativa neste asunto, reafirma a idea de que deben ser tódolos municipios que están dentro do ámbito de cobertura¹⁷:

“Con carácter previo a la adjudicación deberá emitirse informe preceptivo por el Pleno de la corporación o corporaciones locales cuyo territorio esté incluido dentro del ámbito de cobertura del servicio”.

¹⁶ Lei 53/2002, artículo 9.1, parágrafo terceiro.

¹⁷ Texto non oficial do “Proyecto de Ley General de la Radio y la Televisión” artículo 23.4

A mesma idea aparece cando este texto fala da xestión destas televisións locais¹⁸:

“Cuando el ámbito de cobertura del servicio de difusión de televisión local comprenda varios municipios, la determinación del modo de gestión se adoptará por los plenos de todos los municipios afectados”.

Se neste artigo o lexislador está pensando nas televisións locais dos municipios capitais de provincia ou cidades de máis de cen mil habitantes, non parece moi lóxico que se estableza una posibilidade de emisión en cadea, en razón de proximidade ou de intereses comúns, xa que a proximidade de grandes cidade soe producir rivalidade entre as aspiracións dunha e outra poboación.

En todo caso, e a modo de exemplo, non se pode desbota-la posibilidade de que municipios de A Coruña, Ferrol e Santiago queiran establecer unha emisión en cadea, aínda que a realidade e disparidades de intereses fai moi remota tal hipótese.

Tampouco queda claro se esta posibilidade, cos criterios indicados, está restrinxida ás televisións locais de xestión municipal, tal como parece entenderse ó necesitarse a conformidade dos plenos municipais, o se pode ser extensible ás TV locais privadas. Neste segundo caso, non se entende moi ben a necesidade do acordo municipal. Todo isto leva a conclusión de que a excepción á prohibición de emisión en cadea tan só se pode aplicar ás emisoras municipais. Quizais cabería pensar que pode afectar a aquelas TV locais de entidades sen afán de lucro.

Todos estes aspectos trataron de aclararse na segunda modificación dos textos legal sobre TVL, que se levou a cabo a finais de 2003 e que entrou en vigor o primeiro día do 2004.

4.2.1. A segunda modificación de 2003

A segunda, e última ata agora, modificación da Lei de TVL, reforma, sen derrogalo expresamente, o artigo 7 titulado “prohibición de emisión en cadea”. Recórdese que na normativa inicial, prohibía a emisión de forma xeral, aínda que definía a emisión en cadea cando unhas TVL emitían a mesma programación durante máis do 25 por cento do tempo total semanal. Na modificación de 2003 refórmase os criterios e os conceptos: pásase da prohibición á autorización con algunhas limitacións¹⁹:

¹⁸ artículo 42.2.

¹⁹ “Disposición adicional trigésima. Obligaciones de programación y limitaciones a la emisión en cadena de los servicios de televisión. Punto 2”. BOE 313. 31/12/2003 p. 46980

Los titulares de concesiones para la prestación de servicios públicos de televisión digital terrenal autonómico o local a que se refiere el apartado 1 anterior, podrán emitir simultáneamente la misma programación, con las siguientes limitaciones:

- a) Sólo podrán conectar sus servicios de difusión para emitir simultáneamente una programación determinada, durante un máximo de cinco horas al día y veinticinco semanales.
- b) Reglamentariamente se determinará cuándo existe solapamiento, en los horarios de emisión de un mismo programa.
- c) Cuatro de las horas de emisión de los programas originales a que se refiere el apartado 1 del presente artículo, deberán estar comprendidas necesariamente entre las 13 y las 16 horas y entre las 20 y las 23 horas y deberán corresponder a contenidos relacionados con el ámbito territorial de cobertura del servicio de difusión para el que tengan atribuida la licencia, sin perjuicio de otros contenidos que por vía reglamentaria puedan autorizarse para su emisión durante los citados periodos de tiempo.

Tampouco queda derogada nesta nova modificación a prohibición de formar cadeas de TV local que establecía o artículo 7º de 1995, explicado no punto 7.2 :

A estos efectos se entenderá que forman parte de una cadena aquellas televisiones en las que exista una unidad de decisión, considerándose que esta unidad de decisión existe, en todo caso, cuando uno o varios socios, mediante la agrupación de acciones, ejerzan la administración de dos o más sociedades gestoras del servicio, posean en éstas la mayoría de los derechos de voto, o tengan derecho a nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de sus respectivos consejos de administración.

Sen embargo, esta prohibición parece que queda derogada por medio da modificación do artículo 19 da Lei de Televisión Privada feita tamén na normativa á que nos estamos referindo, xa que nesta nova redacción só se impide que as persoas ou concesionarios que participen nunha televisión local non poidan participar noutra da mesma cobertura e na mesma demarcación, pero si poderán facelo noutra demarcación. Isto pode abri-la porta á formación de cadeas locais do ámbito que se queira, sempre que o concesionario non pretenda instalar dúas emisoras na mesma demarcación, como se pode ver no texto legal²⁰:

Las personas físicas o jurídicas que, directa o indirectamente, participen en el capital o en los derechos de voto, en una proporción

²⁰ “Disposición adicional trigésima segunda. Modificación de la Ley 10/1988, de 3 de mayo, de Televisión Privada”. Artículo 19.1. BOE 313 de 2003. p. 46981.

igual o superior al cinco por ciento del total, de una sociedad concesionaria de un servicio público de televisión no podrán tener una participación significativa en ninguna otra sociedad concesionaria de un servicio público de televisión que tenga idéntico ámbito de cobertura y en la misma demarcación.

Sen embargo, esta normativa de 2003 establece limitacións á formación de cadeas locais de ámbito nacional por parte de operadores de TV de ámbito estatal, circunstancia que non estaba prevista en ningunha das normas anteriores, aínda que podería sobreentenderse na prohibición absoluta do texto legal de 1995. Naquela data non existían cadeas nacionais que promoveran tamén cadeas locais en todo o ámbito nacional como sucedeu a partir do ano 2000.

O texto de 2003²¹ exprésase do seguinte xeito:

Ninguna persona física o jurídica que, directa o indirectamente, participe en el capital o en los derechos de voto, en una proporción igual o superior al cinco por ciento del total, de una sociedad concesionaria de un servicio público de televisión de ámbito estatal, podrá tener una participación significativa en otra sociedad concesionaria de ámbito de cobertura autonómico o local, siempre que la población de las demarcaciones cubiertas en cada uno de estos ámbitos por sus emisiones exceda del 25 por ciento del total nacional.

4.2.2. Modalidades de cadeas de TVL

De todo o analizado ata aquí tírase que a nova lexislación de TVL configura catro modalidades de cadeas de TVL coa tecnoloxía dixital,. Estes modelos de cadea serían consecuencia da combinación dos conceptos de emisión en cadea, de formación de cadeas e da titularidade ou tipo de xestión establecida.

4.2.2.1. Cadeas de TVL municipais

En primeiro lugar estarían as cadeas constituídas por emisoras de TVL municipais, xestionadas directamente polos municipios, que se acollen as excepcións legais para emitir en cadea en distintas demarcacións e comarcas administrativas.

Para a legalización deste tipo de emisión en cadea é necesaria a conformidade dos plenos dos municipios afectados. Se a TVL da

²¹ Artículo 19.1 parágrafo segundo.

demarcación consta de varios concellos e o mesmo sucede coas demarcacións que se unen para emitiren en cadea, serán moitos os plenos que se teñan que poñer de acordo para este tipo de emisión conxunta.

De tódolos xeitos, non existe en España nin en Galicia constatación de interese por parte dos municipios para a instalación de TVL e menos para a emisión conxunta que, como xa quedou dito, sería difícil que poidan coincidir intereses comúns. n todo caso, a posibilidade de establecer esta modalidade de emisión en cadea queda regulada legalmente.

4.2.2.2. Cadeas de TVL privadas²²

En segundo lugar pódese sitúa-la cadea de TVL privadas, de carácter comercial que chegan a acordos para emitir simultaneamente algúns contidos ó longo do día.

Neste caso non existe limitación legal do número de emisoras que poden constituírse en cadea. Poderían chegar a un acordo tódalas emisoras dunha provincia ou dunha comunidade autónoma.

Hai que ter en conta que para esta emisión en cadea parte da obriga inicial con TV local cada unha de elas de emitir programas televisivos orixinais durante un mínimo de 4 horas diarias e 32 semanais. Para cumprir estas 32 semanais debe emitir algún día da semana máis das 4 horas mínimas de contidos orixinais, entendendo por tales os de produción propia e de información sobre os temas propios da demarcación.

Enténdese que son empresarios distintos, sen intención de formar unha cadea de televisión locais tal como define a formación de cadeas a lei da TVL. É dicir, que non hai unidade de decisión nin integración empresarial das emisoras que emiten en cadea.

Esta modalidade de cadea ten unha serie de limitacións definidas moi detalladamente nos textos legais en canto ó número de horas totais e o momento da emisión conxunta:

- Estas emisoras poden emitir un máximo de 5 horas diarias ou un total máximo semanal de 25 horas. Este máximo semanal ofrece a posibilidade de que as horas de emisión conxunta se repartan de forma distinta cada día, pero restrinxen moitas

²² Como quedou indicado, esta modalidade esta definida na “Disposición adicional trigésima. Obligaciones de programación y limitaciones a la emisión en cadena de los servicios de televisión”. Punto 2. BOE 313. 31/12/2003 p. 46980

posibilidade xa que nunha TVL que emite de luns a domingo debería contar cun máximo semanal de 35 horas, pero queda con 10 horas menos.

De aí que unha cadea deste tipo que faga uso do máximo diario de 5 horas de emisión conxunta, só poderían emitir en cadea de luns a venres, período no que esgotarían xa as 25 horas, e terían que emitir toda a fin de semana programas orixinais de cada TVL asociada.

- En canto ás franxas horarias para emisión conxunta, a lexislación establece que non se poden realizar emisións en cadea nos horarios de máxima audiencia, entre as 13 e as 16 horas e entre as 20 e as 23 horas.

Con esta previsión ou prohibición legal, as cadeas privadas non poden emitir informativos e programas de *prime time* simultáneos nas franxas horarias nas que os emiten as televisións nacionais e autonómicas. Quedan obrigadas por tanto a emitir programas orixinais de cada demarcación.

Tendo en conta as horas de emisión mínima para una TVL e as horas máximas posibles de emisión en cadea, unha TVL integrada neste sistema pode acadar unha programación diaria de 9 horas, 4 de contidos orixinais da propia comarca na que emite e 5 de emisión en cadea. E si emite durante as franxas mencionadas de 13 a 16 horas e de 20 a 23 horas debe contar con outros programas de produción allea de non emisión conxunta.

4.2.2.3. Cadeas de TVL integradas nunha empresa concesionaria de TV de ámbito estatal.

A terceira modalidade de cadea de televisión contemplada na lexislación é a integrada por TVL que dependen dunha soa empresa de ámbito nacional que ó mesmo tempo é concesionaria dunha televisión de cobertura estatal, como sería o caso de Tele 5, Antena 3, Canal Plus, VEO TV o NET TV .

Unha empresa de calquera das televisións mencionadas poderá formar unha cadea de televisións locais, sempre que a cobertura da mesma non exceda o 25 por cento do total da poboación española.

Tendo en conta que España conta xa con algo máis de 40 millóns de habitantes²³, a cobertura deste tipo de cadeas non pode superar un territorio que complete 10 millóns de cidadáns. Con tal limitación unha cadea desta modalidade non pode ter unha cobertura de todo o territorio nacional, xa que só as áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona case esgotan esta cifra máxima de cobertura.

²³ No censo de 2000 do INE a cifra exacta é de 40.376.384

Actualmente tan só a cadea de TVL Localia, do grupo de comunicación Prisa, propietario de Canal Plus, encóntrase nesta circunstancia en España, que segundo os seus propios datos, ten cobertura sobre máis de 13 millóns de habitantes. Ningunha outra empresa concesionaria dunha televisión de cobertura estatal mostrou interese por monta-la súa cadea de TV locais. Localia constitúe empresas distintas en cada Comunidades Autónoma, cunha participación de Prisa, por medio de Pretesa, moi superior ó cinco por cento en cada sociedade²⁴.

4.2.2.4. Cadeas de TVL independentes de TVs nacionais

A seguinte modalidade de cadeas de TVL contemplada ou prevista na lexislación é aquela formada por unha empresa de ámbito autonómico ou nacional, pero sen dependencia dunha televisión de cobertura estatal; é dicir, unha empresa dedicada de forma exclusiva ou principal a crear TVL. Cada emisora local pertence á mesma empresa, tendo por tanto unidade de decisión e os mesmos órganos directivos.

Esta modalidade estaba expresamente prohibida pola lexislación, tal como se explicou ó analiza-lo artículo 7.2 da lei de 1995, pero tamén quedaba claro que tal prohibición se consideraba modificada polo mencionado artículo 19 de lei de Televisión Privada.

Para que esta modalidade de televisión poida ser contemplada dentro das posibilidades abertas pola modificación da lei de televisión privada, cada unha das TVL da cadea deben cumprir-las condicións básicas para ser considerada local: emitir programas televisivos orixinarios durante un mínimo de 4 horas diarias y de 32 semanais.

Estes contidos orixinarios deben cumprir-los requisitos que a nova normativa sinala para seren considerados programas de televisión local. Despréndese deste mandato que cada emisora debe contar con instalacións propias como platós, redacción, realización, etc., para

²⁴ Na memoria de Prisa de 2003, recóllense os seguintes datos sobre a cadea de TVL Localia: “Desde junio de 2002, las sociedades Fingalicia (Banco Pastor e Inversiones Ibersuizas) y Agrupación Radiofónica (cuatro empresas de radio regionales) se incorporaron al accionariado de Localia con un 14% de la compañía Pretesa, lo que ha supuesto un importante impulso para su desarrollo futuro.

Actualmente son 73 las emisoras de televisión que operan en todo el territorio español bajo la marca Localia. Destaca el crecimiento en Extremadura y Asturias, la consolidación definitiva en Galicia a través de Utega (Unión de Televisiones Gallegas), la entrada en Cataluña a través de Localia Viladecans y la implantación en Andalucía, comunidad que cuenta con el mayor número de emisoras –17 en total– adheridas al proyecto de televisión local que lidera el Grupo Prisa. Este crecimiento en el último año significa un importante aumento de cobertura y una audiencia potencial de 13,5 millones de espectadores”.

atender á información do ámbito local de cobertura. Polo tanto, non poderían considerarse tales aquelas que tan só instalan un repetidor para difundir uns contidos iguais en todo o territorio nacional, sen atención á actualidade local.

4.3. O modelo de TDT local segundo os contidos

Como se ven reiterando ó longo deste traballo, non cabe dúbida de que o modelo de TV dixital inflúe e condiciona os contidos das TV locais, sobre todo naquelas que estaban limitadas a unha emisión municipal e agora teñen que ser comarcais ou supracomarcais. Esta nova situación vai afectar igual as capitais de provincia, porque os ámbitos de cobertura tamén se amplían.

A primeira modificación da Lei de 1995 e o proxecto de Lei Xeral do Audiovisual, non definían un modelo de TVL en canto ós contidos que se debían considerar específicos e propios dunha emisora de TV local. Esta definición non chegou ata a segunda modificación de 2003, na que se fai una detallada relación do que se deben considerar contidos televisivos propios dunha TVL e se enumeran tamén aqueles que non cumpren a condición de ser considerados propios dunha televisión local.

Unha das indicacións legais máis claras do que debe se-la programación da TVL é a obriga establecida de que estas televisión teñan que emitir un mínimo de catro horas de programas televisivos orixinarios, realizados pola propia emisora local e dedicados á actualidade do seu ámbito de cobertura²⁵.

E coa finalidade de que se poida cumprir esta condición, a propia norma sinala que non se considerarán programas televisivos os seguintes contidos das emisións:

- Imaxes fixas
- tempos de publicidade

²⁵ Esta determinación clara de horas e contidos provocou malestar no goberno autonómico catalán, que presentou un recurso contra esta norma, segundo se informou o 19 de marzo de 2004: "La disposición que ha originado el conflicto establece que los titulares de las televisiones locales estarán obligados a emitir programas televisivos originales durante un mínimo de 4 horas diarias y 32 horas semanales. Estas emisiones deberán realizarse entre las 13 y las 16 horas y entre las 20 y 23 horas y deberán corresponder a contenidos relacionados con el ámbito territorial de cobertura del servicio de difusión para el que tengan atribuida la licencia, sin perjuicio de otros contenidos que por vía reglamentaria puedan utilizarse para su emisión durante los citados periodos de tiempo. La misma enmienda limita las emisiones en cadena en las emisoras a un máximo de 5 horas al día y 25 horas semanales. El recurso de la Generalitat se produce porque entiende que la norma "no respeta el orden constitucional de distribución de competencias". Cine por la Red

- televenta
- Xogos e concursos promocionais
- Espacios de consultas de tarot ou outros
- Xogos a distancia e en directo, con participación dos telespectadores.
- A mera reemisión de programas televisivos doutros medios.

Con esta relación demóstrase que os lexisladores pretenden que as TVL sexan unhas emisoras de contidos realmente locais, que atendan ás necesidades informativas e divulgativas da súa correspondente demarcación.

Quedan desbotadas desta definición as emisoras de TVL que aproveitan frecuencias locais para

- emitir programación de ámbito nacional,
- emitir contidos centrados unicamente en xogos e concursos de cobertura nacional, sen base local,
- conectar con canais distribuídos por satélite e que tan só fan televenda, sen referencias locais.

A implantación da tecnoloxía dixital nas TVL, como quedou sinalado, condicionará os contidos porque a mencionada programación orixinal terá que prestar atención a informar e atender áreas de poboación moi superiores ó propio municipio, xa que os límites territoriais quedan establecidos pola demarcación técnica, territorio que pode abarcar a varias comarcas naturais ou administrativas.

Mesmo as TVL que agora xa teñen unha difusión comarcal verán modificado o seu ámbito de cobertura, ben porque cambia a demarcación ou porque amplía a área que cobren actualmente. Isto sucede en moitos casos das TVL de Galicia, onde varios operadores locais que teñen unha configuración comarcal das súas emisións vense modificadas, unhas porque amplía ó area de cobertura como é o caso de Vigo ou Ourense, e outras porque a súa cobertura actual queda dividida en dúas demarcacións, como é o caso de Tele Salnés, como se verá no seu momento.

Unha TVL que se encontre afectada pola ampliación da súa área de cobertura por quedar integrada nunha demarcación maior tra-la concesión dixital, pode non darse por enterada e seguir mantendo os mesmos contidos sen ter en conta o aumento potencial de audiencia, aforrando así os custes dunha cobertura informativa maior, pero non cabe dúbida de que sería unha perda de posibilidades de negocio. En todo caso, isto sempre será unha decisión empresarial froito dun estudio

de mercado e dunha análise da rendibilidade dos investimentos necesarios para amplía-lo ámbito de atención televisiva: vehículos, cámaras, equipos de edición, persoal, etc..

A implantación da tecnoloxía dixital tamén influirá nos programas das TVL porque vai ofrece-la posibilidade de emitir contidos interactivos e servicios engadidos que non están nas previsións de moitas TV locais. Aquelas que teñan capacidade de xerar contidos desta nova modalidade terán máis posibilidades de mercado.

En todo caso, parece evidente que as TVL máis emprendedoras e consolidadas modificarán os seus programas ampliando a oferta con contidos interactivos tan pronto se poña a súa disposición a tecnoloxía adecuada por medio da TDT.

Neste senso, o Plan Técnico Nacional prevé²⁶ que poderán destinarse ata un 20 por cento da capacidade de transmisión dixital do canle múltiple, sempre e cando se asegure unha calidade de servicio satisfactoria, para a prestación de servicios adicionais de datos²⁷. A posta en emisión de datos adicionais suporía un aumento importante da carga de traballo que agora xa soportan as televisións locais. Deberá ser unha decisión das operadoras comprobar se lles será rendible a explotación desta modalidade de ofrecer contidos a audiencia.

Por outra parte, a TDT local tamén vai necesitar un xestor do múltiple que comprende os catro programas de cada área de cobertura. Esta é unha nova circunstancia que obrigará a modificacións nas relacións entre as distintas TV locais que compartirán canal. Estas relacións poden transcorrer con normalidade ou poden ser conflictivas²⁸, xa que se trata de competidores no mesmo mercado. Sexan como sexan, está claro que tal forma de xestión vai supoñer un esforzo adicional para os operadores.

Dada a pouca capacidade inicial das TVL existentes, todo parece indicar que a xestión do múltiple vai quedar en mans do difusor, que podería ser Retegal, Retevisión, ou Medialatina, operadores principais da rede de difusión de TV Galicia.

²⁶ Información oficial do Consello de Ministros que aprobou o Plan Técnico, o 12 de marzo de 2004, sen entrar en detalles

²⁷ No Informe da CMT (p. 14) considérase que este 20 por cento máis desde o punto de vista da restricción que supón que desde a necesidade de aumenta-la produtividade dos operadores.

²⁸ Véxase tamén o que di a CMT sobre este particular nas páxinas 15 a 17

Os contidos da TVL dixital poden verse afectados igualmente polo aumento das taxas de difusión na nova tecnoloxía. Este incremento de custos está xustificado polas inversións que deben face-los xestores da rede en equipos dixitais para o multiplexado de canais, tecnoloxía imprescindible para a aplicación da nova TDT. Este incremento de taxas pode afectar moito ás economías das televisións locais e iría en detrimento da programación, xa que algunhas partidas previstas en principio para compra ou elaboración de programas terá que ser destinada ó pago desta nova forma de difusión.

4.4 Os prazos de implantación da TDT Local

A implantación da TV local tiña uns prazos establecidos na modificación da Lei de 1995 que comezaron a correr a partir do día 1 de xaneiro de 2003, tal como aparecen na disposición transitoria segunda²⁹:

“1. El plazo para la presentación de solicitudes por las Comunidades Autónomas, a que se refiere el artículo 3.1, comenzará el 1 de enero de 2003, y finalizará el 31 de marzo de dicho año.

2. Dentro de los siete meses siguientes al plazo de finalización de presentación de solicitudes, el Gobierno aprobará el Plan Nacional de la Televisión Digital Local.

3. El plazo para determinar el modo de gestión de los canales asignados a los municipios y agrupaciones de municipios, a que se refiere el artículo 9.1, será de tres meses, a contar desde la aprobación

del Plan Nacional de la Televisión Digital Local.

4. Finalizado dicho plazo, las Comunidades Autónomas dispondrán de cinco meses para la convocatoria de los concursos y adjudicación de las concesiones.”

Aplicando este plan e adxudicando de cada prazo establecido as datas concretas resultaba o seguinte calendario:

Acción	Data límite
Presentación de solicitudes por parte das Comunidades Autónomas	31 de marzo 2003.
Aprobación do Plan Nacional de Televisión Dixital Local	31 de outubro de 2003
Decisión dos Municipios sobre modo de xestión da TDT da súa área	31 de xaneiro de 2004
Convocatoria e adxudicación das concesións da TD local	30 de xuño de 2004

²⁹ Lei 53/2002: “Disposición transitoria segunda. Plan Nacional de le Televisión Digital Local y procedimiento de concesiones”.

Deste calendario tirase que todo o proceso de regularización das televisións locais debería quedar rematado a finais de xuño do ano 2004. Pero o punto de partida fundamental era a aprobación do Plan técnico nacional de televisión local dixital, xa que no mesmo quedarían definidas as demarcacións territoriais, integradas polos seus correspondentes municipios, nas que se poderían poñer en servicio canles múltiples para as emisións de TVL.

Este Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Local foi aprobado o 12 de marzo de 2004, pero sen que os detalles saíran publicados no BOE ata o día 8 de abril, polo cal todo o proceso acadou un atraso de cinco meses.

4.5. O comezo das emisións en dixital

A partir deste momento a lei xa non establece máis prazos. De seguirse o calendario tal como estaba previsto, a partir de xuño de 2004 tódalas televisións locais municipais e as privadas que solicitaron e obtiveron unha concesión administrativa debían comezar a emitir en dixital. Pola contra, aquelas televisións locais que non conseguiran concesión quedarían fora da legalidade e veríanse obrigadas a deixar de emitir.

O anuncio desta inmediata posta en funcionamento da TVL dixital provocou moita intranquilidade no sector. Quizais por esta razón, a segunda modificación³⁰ estableceu una moratoria para que os concesionarios de TVL dixitais puideran seguir emitindo en analóxico durante un período de dous anos máis, coa posibilidade de que o Goberno amplíe este prazo tendo en conta o desenvolvemento real da implantación da televisión dixital en España.

O resto das decisións entran xa nas competencias propias das Comunidades Autónomas. As administracións autonómicas deben regula-las condicións, requisitos e trámites necesarios para adxudicar unha concesión de TVL ás entidades solicitantes. Para elo é necesario preparar unha normativa específica³¹ coa convocatoria, as condicións

³⁰ “Disposición adicional trigésima primera. Modificación de la Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de Televisión Local por Ondas Terrestres”. Se modifica la disposición transitoria segunda, con dos nuevos apartados, los puntos 5 y 6.

³¹ No caso de Galicia, a finais de maio de 2004 comezou o proceso de estudo da normativas que debería elaborar a Xunta tanto para a TV local dixital como as canles autonómicas. A noticia da axencia AGN expresábase nos seguinte termos: “El conselleiro de Cultura, Comunicación Social y Turismo, presidió esta mañana la reunión del comité permanente del Consejo Asesor de Telecomunicaciones e Audiovisuais. Durante el acto se constituyeron las comisiones Sectoriales de Radiodifusión y televisión, y del Audiovisual”.

da concurso, as obrigas que adquire o adxudicatario e os dereitos que lle outorga ser concesionario legal duna emisora de TV local.

Nun principio, as TV locais non teñen que facer ningún novo investimento nas súas instalacións para emitir en dixital, tan só deben poñe-lo seu sinal analóxico a disposición do operador ou rede de difusión para que, a partir do emisor, o sinal sexa xa dixital. Deste xeito o problema trasládase fundamentalmente ó público receptor, que debe dotarse dun descodificador ou dun novo receptor coa tecnoloxía dixital integrada se quere recibilos contidos e programas das televisións locais.

4.6. Reacción do sector da TV local á TDT

O sector da TV local catalán foi o primeiro en manifesta-lo seu temor ás consecuencias que podería carrearlle ó sector a entrada en vigor da tecnoloxía dixital en xuño de 2004, tal como establecía a lexislación antes da modificación de finais de 2003.

Xa a principios de xullo de 2003³², as televisións locais de Cataluña agrupadas na “Mesa da Televisión Local de Catalunya”, presentaron un texto conxunto no que rexeitaban ou poñían condicións á aplicación da TDT.

Na presentación do documento, os representantes das TV locais catalanas alertaban do feito de que comeza-las emisión dixitais nesa data suporía a desaparición da gran maioría das emisoras por problemas técnicos e por dificultades para chegar a toda a audiencia potencial da súa área de cobertura.

“Al mismo tiempo, anunció que la Xunta de Galicia convocará antes de que acabe el año los concursos para los servicios de radio y televisión digital en nuestra comunidad, tanto en el ámbito autonómico como local, una vez que sus 204 canales ofertados (120 de radio y 84 de televisión) ya tienen frecuencias asignadas por el Estado.

La Comisión de Radiodifusión y Televisión será la encargada de estudiar las convocatorias de los concursos para los servicios públicos de radio y televisión. Los miembros de esta comisión son Joaquín Barreiro, en representación de las televisiones locales, el ingeniero José Manuel Soto, José Manuel González en representación de la Consellería de Innovación, José Angel Veiga en representación de los teleoperadores, el secretario xeral de Relacións cos Medios Informativos, Alfonso Cabaleiro. Por último Alberto Barciela, lo hará en nombre de CRTVG”.

AGN 27 de maio de 2004

³² O documento ten data de 1 de xullo de 2003, pero foi presentado publicamente o día 3 de xullo. A partir de xullo de 2003 podía consultarse en www.clcc-comunicacio.org/ Pode verse no anexo.

A petición máis importante deste documento centrábase en solicitar que as emisións en dixital das TV locais se atrasasen ata que tódalas demais televisións nacionais e autonómicas tivesen implantados os seus sistemas TDT e que existise xa un parque de receptores e descodificadores suficientemente amplo como para facer rendible as súas emisións. Pedían que, en tanto non se logra esta situación, puidesen seguir emitindo simultaneamente en analóxico e dixital. Por outra parte querían que a autorización de formar cadeas de TVL non desvirtuase o carácter local destas televisións en canto concepto e á programación.

Posteriormente rexistráronse outros movementos de organizacións de TV locais en España para levar a cabo accións de protección dos seus intereses diante da transición das TV locais a tecnoloxía dixital.

Nun encontro de TV locais celebrado a finais de xuño de 2003³³, houbo algunha referencia a nova lexislación do sector, aínda que non consta a existencia dun documento no que fagan propostas ou se anuncien medidas de algún tipo.

Nunha das intervencións³⁴ deste encontro afirmouse que o máis complicado da nova lexislación era que non existía un modelo a seguir, nin sequera a nivel europeo.

Salientouse que sobre as emisións dixitais non hai claridade nin determinación concreta, circunstancia que supón un baleiro para tódalas emisoras. Pero ningún outro documento público sobre o novo modelo de TV local ou de consecuencias da transición.

Sen embargo, a publicación do decreto de aprobación do Plan técnico nacional de televisión dixital local, provocou máis movementos das organizacións de TV local porque xa concretaba ás accións de implantación do modelo de forma inmediata.

A finais de abril de 2004, os concellos membros da Asociación de Emisoras Municipais y Comunitarias de Radio y Televisión de Andalucía elaboraron un manifesto³⁵ logo da publicación do Plan técnico. Neste documento amosaban fundamentalmente a súa preocupación pola proliferación de televisións locais promovidas por grandes grupos de comunicación que poñen en perigo a existencia das televisións municipais históricas. Sinalaban tamén que tamén o Plan técnico como

³³ "III Encuentro Nacional de TVs locales. Madrid, 26 y 27 de junio de 2003"

³⁴ Intervención de Javier Cremades, no encontro citado. www.porlared.com, 15-07-2003

³⁵ O manifesto ten data de 30 de abril de 2004

tal poñía en perigo a existencia de televisións locais que levaban anos funcionando, xa que nas novas demarcacións non se habilitaban canais suficientes.

En concreto o párrafo referido a este temor salientaba o
Riesgo de expulsión de un gran número de emisoras locais impulsadas por Ayuntamientos que han quedado excluidos en el actual texto de Plan Nacional de Televisión Local Digital al no ofrecerse suficiente número de canales.

En definitiva, este manifesto pedía a paralización do decreto do Plan Técnico para comezar unha negociación coa participación do sector coa finalidade de ter en conta os intereses das TVL que tratan de abrirse paso no mercado desde 1995.

Días máis tarde³⁶, en maio de 2004, celebrouse na localidade barcelonesa de Granollers unha nova xuntanza de televisións locais, con participación representantes galegos³⁷, e na que, seguindo a pauta da organización andaluza, solicitaron a paralización temporal do Plan técnico para facer unha revisión do decreto con participación de todo o sector. Decidiron tamén cambia-lo concepto de televisión local por televisión de proximidade, independente dos grandes grupos nacionais³⁸.

Polas mesmas datas, a Asociación de televisións locais de Andalucía, Acutel, emitiu outro manifesto no que asumen os plantexamentos do manifesto de Granollers e da Asociación de Emisoras Municipais de Andalucía³⁹. A intención deste novo manifesto era poñer-las bases dunha

³⁶ Este documento ten data do 14 de maio de 2004

³⁷ Organizaciones firmantes del Manifiesto de Granollers - Emisoras Municipales y Comunitarias de Andalucía de Radio y Televisión (EMA-RTV) Manuel Chaparro, director general .- Asociación de Televisións Locales de la Comunidad de Madrid, Francisco Pérez, presidente - Asociación de Televisións Locales de Aragón José Alberto Pellicer, vicepresidente - Asociación Gallega de Televisións Locais Fidel Fernán Bello, vicepresidente - Local Media Enrique campos, presidente - Associació de Televisións Locals de la Comunitat Valenciana Ramón J. Emó, presidente comisión gestora - Asociación de Televisións Locales de Gran Canaria (Canarias) Juan Díaz Valiente, vicepresidente - Federació de Televisións Locals de les Illes Balears Biel Capó Tous, vicepresidente - Televisións Locals de Catalunya Joan Vila Triadú, gerente

³⁸ O texto completo pode consultarse no anexo

³⁹ O manifesto está datado en "Lucena (Córdoba), a 17 de maio de 2004". "Ante la publicación mediante Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, del Plan Técnico Nacional de Televisión Local Digital, la "ASOCIACIÓN DE TELEVISIONES LOCALES DE ANDALUCÍA – ACUTEL", compartiendo el Manifiesto de Granollers y el Manifiesto de la Asociación de Emisoras Municipales y Comunitarias de Radio y Televisión de Andalucía," Pode verse completo no anexo

gran negociación e consenso nacional para ter en conta os dereitos dos operadores de televisión local.

No punto 5 exprésase do seguinte xeito:

Que, a la mayor brevedad, se abra un período de diálogo por el gobierno constituyendo una Mesa de Trabajo de la Televisión Local, con participación de las actuales asociaciones de televisión local. La función principal de esta Mesa sería encontrar salidas viables para garantizar la existencia futura de televisiones de vocación auténticamente local, manteniendo como viable la opción en núcleos de población inferiores a los 100.000 habitantes, sin necesidad de forzar su agrupación. El favorable futuro que abre la televisión local digital, no se puede iniciar desde procesos de exclusión de los auténticos actores locales, ni impidiendo el acceso a este servicio a comunidades en función de su mayor o menor entidad poblacional.

4.7. Informe da CMT sobre a dixitalización da TV Local

Moitas das preocupacións expostas polo sector da TV local están recollidas no informe⁴⁰ elaborado por la “Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones” sobre el Plan técnico de Televisión local dixital.

Neste documento, a CMT mantén, entre outras observacións, a tese de que as televisións locais non deberían se-lo motor da implantación da televisión dixital e que sería necesario chegar a un consenso co propio sector para unha transición sen traumas, e sen preturas de tempo.

Sobre este asunto, o Informe da CMT di textualmente⁴¹:

A juicio de esta Comisión, el escenario desarrollado tanto en la Ley 41/1995, modificada por la Ley 53/2002 y por la Ley 62/2003, como en el Proyecto de Real Decreto configura una situación en la que los actuales operadores locales o aquellas entidades que deseen serlo deberán adoptar con premura la decisión de acudir a los concursos de concesiones digitales (puesto que dichas concesiones han de ser otorgadas en el plazo de ocho meses desde la aprobación del Plan Técnico), en un momento como el actual, caracterizado por la falta de acuerdo en el modelo de televisión digital que ha de promover el desarrollo de este sector y por la indefinición de los motores que

⁴⁰Informe al Ministerio de Ciencia Y Tecnología en relación con el proyecto de Real Decreto por el que se aprueba el Plan técnico nacional de la televisión digital local (Dt 2004/146)”, aprobado na sesión número 05/04, do Consello do Mercado, celebrada o día 5 de febreiro de 2004. Pode verse completo no anexo.

⁴¹ Informe CMT citado, PP. 8 a 10.

impulsarán de forma definitiva el cambio tecnológico hacia la digitalización total.

Aún más, las perspectivas de sostenimiento de estos operadores descansarían sobre los ingresos obtenidos de actividades derivadas de la publicidad y la televenta, sin que por otra parte pueda asegurarse un mínimo umbral de audiencia al no existir hasta el momento una predicción fiable sobre la fecha en la que será posible el acceso masivo de los potenciales usuarios a los equipos de recepción digital, bien sean descodificadores, bien televisores digitales integrados. Se repetiría así un modelo que no ha resultado eficaz para el desarrollo de las televisiones digitales de ámbito nacional.

En previsión de esta situación, se ha intentado mitigar el efecto perjudicial sobre los agentes al disponer, en la Ley 62/2003, un periodo transitorio, de dos años a contar desde el 1 de enero de 2004, para que los adjudicatarios de concesiones de televisión digital local comiencen sus emisiones utilizando tecnología analógica, siempre que la disponibilidad de espectro lo permita.

.....

En resumen, la incorporación de las televisiones locales al proceso de digitalización no es más que una consecuencia lógica del plan global de migración de la tecnología analógica a la digital en el que el sector audiovisual está inmerso. Pero en ningún caso, a juicio de esta Comisión, los operadores locales han de soportar el esfuerzo de liderar la transición hacia la televisión digital, esfuerzo que de forma indirecta se les está imponiendo al obligar a estos agentes a obtener, en un corto periodo de tiempo, una concesión que sólo les habilita para la prestación del servicio de difusión digital de televisión.

Sería tanto más recomendable relajar estas obligaciones hasta que se hubiera llegado a un consenso claro entre la Administración y todos los agentes del sector audiovisual para identificar las políticas más acertadas para el desarrollo de la televisión digital en España, capaz de responder a las necesidades de la sociedad y del mercado.

También propon a CMT⁴² que a Administración haga todo o posible para, que cada canal múltiple, dos previstos no decreto de aprobación do Plan Técnico, poida alberga-lo maior número posible de programas para atende la demanda de TVL no mercado:

“El artículo 5 trata una cuestión de gran relevancia y que está estrechamente relacionada con la propia tecnología, como es el número de programas que se pueden transmitir a través de un único

⁴² Informe da CMT, pp. 12-13

canal múltiple. Es indudable que el paso de la tecnología analógica a la tecnología digital para el servicio de televisión conlleva un conjunto de ventajas que hacen que este cambio pueda llegar a ser muy beneficioso para la sociedad. Entre estas ventajas que trae consigo esta digitalización, además de la mejora de la calidad de la imagen y del sonido, la posibilidad de disponer de recepción portátil y móvil, la posibilidad de prestar servicios interactivos, se encuentra también la mejora del aprovechamiento del espectro radioeléctrico y consecuentemente el aumento del número de programas transmitidos, o, en su defecto, el aprovechamiento de dicho espectro para otros usos”.

“En este sentido, cuantos más programas se puedan albergar en ese canal múltiple, mayor será el aprovechamiento que se haga del espectro. Se trata, por tanto, de una cuestión que no es baladí, ya que el aumento del número de programas que pueden emitirse permitirá a nuevos operadores incorporarse al mercado de la televisión por ondas, al que no podían acceder al encontrarse con la barrera de la escasez de espectro disponible para realizar emisiones televisivas. La posibilidad de incrementar el número de operadores puede redundar en beneficio del pluralismo informativo (al permitir el acceso de nuevas voces al debate público que tiene lugar en los medios de comunicación), y puede favorecer la aparición de programas temáticos que atiendan determinadas necesidades culturales y de ocio de los ciudadanos que, aparentemente, quedaban desatendidas por las televisiones generalistas”.

Otro aspecto interesante que propón o Informe da CMT⁴³ é a forma de xestión das canles múltiples por parte das propias televisións locais integradas en cada un:

“cuando se trata de varios operadores los autorizados a gestionar un canal múltiple, son estas empresas las que deben tomar toda una serie de decisiones técnicas que afectarán a esta capacidad para transmitir programas. Por todo ello, parece acertado que no se obligue a los concesionarios a utilizar determinadas técnicas que afectan a la capacidad utilizada por programa, como la multiplexación estadística. En cualquier caso, se prevé que la propia Comunidad Autónoma pueda establecer un mayor número de programas. A este respecto, el segundo apartado del citado artículo 5 establece:

“En función del desarrollo tecnológico, los órganos competentes de las Comunidades Autónomas podrán establecer un número mayor de programas de televisión digital en cada canal múltiple de cobertura

⁴³ pp. 13-14

local, siempre y cuando se asegure una calidad de servicio satisfactoria.”

En cualquier caso, aunque la Comunidad Autónoma pueda establecer esta extensión en el número de programas permitidos por canal múltiple, se debería dejar abierta también la posibilidad de que fuera el propio conjunto de concesionarios que integran un mismo múltiplex los que también pudieran acordar la difusión de un mayor número de programas, si lo considerasen oportuno, previa notificación a la Comunidad Autónoma correspondiente, entendiéndose que si existiese alguna discrepancia en dicho grupo no se podría llevar a cabo dicha extensión.

5. TVL en Galicia afectadas pola transición ó TDT

Unha característica curiosa do sector da televisión local de Galicia é a dificultade de determina-lo número exacto das emisoras que emiten en cada momento dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Pode afirmarse que existe un constante incremento de operadores coas máis variadas tipoloxías de modelos. Algunhas constitúen xa empresas consolidadas ó longo dos anos, outras acaban de xurdir ó comezo de 2004; o mesmo tempo, apareceron outras que tan só existen como postes repetidores ou reemisoras de sinais procedentes doutras partes de España, como iremos vendo.

Esta dificultade de determina-la cantidade exacta de TVL en Galicia demostra o feito de non existe ningún censo real e estable. O único que ten un certo carácter de oficial foi elaborado por AIMC, no ano 2002, que rexistra un total de 35 televisións locais nesta Comunidade Autónoma, censo que serve como base dos estudos oficiais sobre a TVL¹.

Esta dificultade foi constata nun dos estudos máis recentes, do que reproducimos estes parágrafos ²:

Diferentes estudos sobre as televisións locais en Galicia realizados nos últimos anos intentaron aproximarse ó número de emisoras que operaban no territorio. Atopámonos, neste sentido, co informe elaborado por Mercedes Román Portas a finais de 1996 no que cuantificaba en “arredor de trinta” o número de televisións locais en Galicia; co “caixón de xastre” das 24 emisoras das que fala Ignacio Saavedra no libro *Televisión e Sociedade*; e co máis recente Informe Anual da Comunicación 1999-2000, no que se fala de 35 emisoras de televisión local en Galicia, como parte do total das 741 do conxunto do Estado.

Chegados a este punto -e facendo a salvedade das dificultades que nos atopamos á hora de cuantifica-las televisións locais de Galicia-, podemos dicir que no momento de redactar este estudio atopábanse funcionando na Comunidade Autónoma 29 emisoras.

Outro estudio posterior³ rebaixa o número de televisións locais existentes en Galicia:

¹ Audiovisual Galego 2003. Xunta de Galicia.,pp.93-96

² Rodríguez Vázquez, Anna Isabel (2001): Os informativos diarios nas televisións locais de Galicia. A información televisiva no espacio local. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Tesis Doctoral] pp 169-170

³ La Comunicación en Galicia 2000-2003: Realidades y Sueños

Dr. Xosé López <http://www.ull.es/publicaciones/latina/ambitos/9/art03.htm>

En total, unas veinticinco televisiones públicas y privadas forman la red básica de televisión local de Galicia que mantiene una actividad relativamente estable. Además de las citadas, destaca en la oferta de televisión local la programación de TV Ferrol Canal 31, Telesalnés y TV7 Monforte, entre las privadas, y de Ponteareas, la más veterana de las públicas locales gallegas, desde 1987, con cinco horas de programación propia diaria, y Cerceda en las públicas, con hora y media diaria de producción propia (excepto los domingos).

Pola nosa aparte, consideramos que a determinación exacta das emisoras de televisión local que existen en Galicia pode variar segundo os criterios que se utilicen na clasificación. Vexamos.

Existen televisións locais que forman cadeas con intención de estar presente en varias provincias. Estas poden considerarse como unha soa TVL ou varias, como é o caso das emisións de Tele Voz que poden cuantificarse como unha soa televisión local (tal como se rexistra no censo de AIMC) ou como catro que é a intención real do grupo de contar con estudos en cada capital. No caso de contabilizala como unha soa televisión o número total de Galicia sería de 51.

Mais claro aínda sería o caso de TV7, televisión local que naceu en Monforte, pero que agora ten unha clara tendencia a converterse en televisión provincial. A pregunta é se debe cuantificarse como unha cadea de catro emisoras locais ou unha emisora provincial con catro sedes e un centro de produción principal. Aquí contabilízase como unha soa TVL porque esa é a intención da empresa. No mesmo caso atópase Telelugo que, aínda que dentro de Localia, conta cunha clara tendencia a ser televisión provincial con sedes ou delegación en distintos municipios de Lugo. Tamén aquí se considera unha soa TVL, porque tamén esa é a intención da empresa.

O mesmo debe aplicarse a Canal 47 que pode considerarse como unha TVL ou cuantificarse como catro (tal como aparece no censo citado). En realidade non se trata dunha televisión local senón dunha emisora de cobertura nacional por medio de emisores locais. Se a consideramos como unha soa, restamos outras 3 o total de 51 que nos quedaba antes e son agora 48.

Semellante caso é Popular TV de recente implantación, xa pode contabilizarse como unha TV local con cinco postes emisores ou cuantificala como cinco emisoras locais, que tamén é a intención empresarial. Seguindo o mesmo procedemento, se as 48 que quedan restamos 3 de Popular TV quedamos nun total final de 45 emisoras de TVL en Galicia.

Por outra parte existen unhas televisións locais que poden considerarse latentes, sen programación pero con emisión dalgún tipo de sinal para ocupa-lo espectro radioelétrico. Tamén existen marcas de TVL distintas que pertencen á mesma empresa cunha actividade máis ou menos ocasional, como son as de Galivisión.

Como se pode ver, o número de televisións locais de Galicia varía segundo os criterios aplicados e segundo a data de elaboración do estudo, xa que entre 2003 e 2004 houbo un certo incremento de emisoras.

Neste estudio aplícase o criterio de cuantificación baseado na utilización dos datos aportados por cada empresa e nas correccións que se deben introducir logo dun estudio de campo. Nesta análise máis detallada, sobre o terreo, ofrecía a finais de 2003 un total de 44 emisoras, pero no primeiro trimestre de 2004 xa eran 54, en toda a Comunidade Autónoma.

En todo caso, o número exacto de emisoras de TV local en Galicia tan só nos interesa neste estudio para constatar que a transición da televisión analóxica á dixital afecta en Galicia a 54 emisoras, aínda que cada unha ten as súas propias características que vemos no seu momento.

Tendo en conta que en España hai censadas un total aproximado de 900 TV locais, Galicia coas súas 54 emisoras representa o 6 por cento do total de televisións de España. Polo tanto, pode dicirse que a proporción de emisoras está case á par do que representa esta Comunidade no contexto nacional en poboación e produtividade.

Con independencia do estudio pormenorizado e específico de Galicia que faremos máis adiante, pódese partir agora do mapa elaborado co censo de AIMC⁴, recollido tamén na Memoria da Comisión do Mercado das Telecomunicacións⁵

Galicia aparece aquí na categoría cuarta, entre 30 e 39 emisoras, pero tendo en conta que xa son 54, pódese integrar na categoría segunda.

No censo de AIMC figura a seguinte lista de emisoras por provincias, coa distinción entre as que tiñan censadas e as que enviaron ficha con datos concretos:

⁴ "Censo de Televisións Locales. AIMC. Outubro de 2002 »

⁵ Memoria CMT 2002. Xullo de 2003

Provincia	Censo de emisoras	Fichas recibidas
A Coruña	11	9
Lugo	5	4
Ourense	6	4
Pontevedra	13	12
Total	35	29

5.1. Os operadores de TV local en Galicia. 2004

Como quedou indicado, de acordo cos datos dispoñibles e as salvedades que quedaron expostas máis atrás, a principios de 2004, en Galicia hai un total de 54 emisoras de TV local emitindo.

Quedo dito tamén que no censo elaborado pola Asociación de Investigacións de Mercado y Comunicación (AIMC), a finais de 2002, tan só rexistraban 35 emisoras na Comunidade Autónoma. Naquel listado non constaban emisoras xa en funcionamento no momento da publicación do mesmo, como a denominada “As Burgas”, do bispado de Ourense e Fundación San Rosendo, ou as 4 de Popular TV, figuraban as do Grupo Voz como unha sóa, ou a frecuencia que xa ocupaba La Región en Vigo con Tele Cies.

Cos datos recadados posteriormente, a distribución de emisoras locais de Galicia, queda tal como se indica no cadro que vai de seguido. Diferéncianse aquí as emisoras instaladas nas grandes cidades das que emiten desde outros municipios ou comarcas de Galicia, así como as cifras de 2003 a 2004

Localidade	Emisoras en 2003	Emisoras en 2004
A Coruña cidade	5	5
Ferrol e área	5	5
Santiago e área	5	7
Resto da provincia	1	1
Lugo cidade	2	2
Lugo provincia	4	5
Ourense cidade	5	6
Ourense provincia	2	2
Pontevedra cidade	2	2
Pontevedra provincia	7	8
Vigo	6	11
Total	44	54

En canto á titularidade das TVL en Galicia, chama a atención o pouco protagonismo da iniciativa municipal, xa que tan só quedan 8 televisións locais das 9 xestionadas ata agora por concellos (deixou de emitir definitivamente a de Boqueixón) e ningún deles corresponde as grandes cidades, todos son medianos e pequenos municipios. Este número podería duplicarse tendo en conta as intencións manifestadas polos concellos consultados pola Xunta de Galicia de cara á implantación da TVL dixital.

Os cadros seguintes amosan a distribución das televisións locais cos datos do primeiro trimestres de 2004.

Catro grandes capitais e Vigo

Municipios	Tv locais existentes	
	Privadas	Municipais
A Coruña	5	0
Lugo	2	0
Ourense	6	0
Pontevedra	2	0
Vigo	11	0
Total	26	0

Municipios de	privadas	municipais
Santiago e área	5	2
Ferrol e área	4	1
Resto provincia de A Coruña	0	1
Provincia de Lugo	4	1
Provincia Ourense	1	1
Provincia de Pontevedra	6	2
Total	20	8

As 8 emisoras municipais corresponden ós municipios seguintes:

Concello con TV municipal	habitantes
Ames	19.000
Teo	15.300
As Pontes	12.000
Cerceda	5.500
Quiroga	4.000
Ponteareas	19.500
Arnoia	1.255
Tui	16.200

Das 54 televisións locais, un total de 20 están integradas en 4 cadeas distintas de cobertura nacional.

5.1.1. Principais cadeas de TVL en Galicia

O concepto de cadea de televisión non é unívoco posto que se aplica de forma diversa no sector audiovisual, onde se utiliza igualmente para falar dunha televisión, dunha empresa ou dunha canle case como sinónimos.

No caso das televisións locais, a lexislación define claramente entre a formación de cadeas e a emisión en cadea. En ambos casos estase referindo a un agrupamento ou asociación de varias emisoras de TVL perfectamente definidas e individualizadas, cada unha coa súa personalidade xurídica e características propias de programación.

A aplicación destes criterios ás agrupacións ou asociacións de TVL en Galicia ofrece certas dificultades de encadramento, por esta razón, na determinación ou clasificación das principais cadeas de televisións

locais en Galicia seguiu o criterio de agrupar primeiro a aquelas que teñen emisión en tres ou nas catro provincias galegas, en segundo lugar a aquelas que poderíamos chamar cadeas provinciais para poñer no terceiro escalon as que consideramos cadeas comarcais ou multicomarcais. En cada caso, a descrición da cadea ofrece as características propias de cada grupo.

Consideramos tamén que pode ser unha aportación moi significativa amosar en cada caso os mapas en que se marcan aqueles municipios nos que se rexistra presenza de emisión das respectivas emisoras. Estes gráficos ofrecen unha visión moi concreta das zonas xeográficas de influencia de cada televisión local. Loxicamente, o rexistro de presenza non quere dicir que en todo o municipio se poida ver a emisión mencionada con calidade total, pode ser nunha parte do territorio no que se capte o sinal de forma aceptable. En todo caso, os mapas sitúan perfectamente cada televisión local dentro do territorio galego nos momentos actuais.

5.1.1.1. Cadea Localia



Localia conta con 6 emisoras en Galicia. Cada unha delas emite produción propia local, con atención especial á información e os debates ou tertulias en cada cidade na que ten instalacións. Case o 60 por cento do seu tempo de programación é emisión en cadea de cobertura nacional.

Todas forman parte do Grupo Prisa e da Cadena SER, agás a emisora de Lugo que é propiedade do grupo El Progreso, pero figura en calidade de asociada a Localia. De feito, Telelugo non aparece como emisoras de Localia nas informacións oficiais desta cadea.

Na súa información oficial, Telelugo indica as razóns da súa integración en Localia:

Telelugo se ha incorporado a **Localia** en el otoño de 2001, como fórmula para completar la ambiciosa producción propia, especialmente informativos, magazines y programas de entretenimiento, con una programación que estuviera a la altura de lo que la audiencia lucense merece.

A cadea en Galicia está composto por seis emisoras. Localia Coruña comezou emisións en Carballo cos mesmos contidos de programación ca da capital provincial. En conxunto, as emisoras de Localia acadan unha cobertura próxima ó 60 por cento da poboación galega:


Emisora
Localia TV A Coruña (e Carballo)
Localia TV Ferrol
Localia TV Santiago
Localia Telelugo (asociada) 70% prov.
Localia TV Pontevedra
Localia TV Vigo

Con estas emisoras Localia acada unha presenza en 63 municipios de Galicia, que representan o 59,3 por cento da poboación de toda a Comunidade Autónoma.

No cadro seguinte amósase a distribución desta cobertura de Localia.

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	21	670.591	60
Lugo	23	226.264	62,5
Ourense	2	115.919	37,7
Pontevedra	17	616.645	66,6
Total	63	1.625.419	59,3

Todo isto plasmado nun mapa amosaría o seguinte aspecto:



Para unha visión máis detallada podemos ve-las fichas de datos AIMC individualizadas:

Nome da emisora: **Localia Tv A Coruña**
Enderezo: **Emilia Pardo Bazán, 5 baixo**
Año de comezo das emisións: **2001**
Nome do director: **Enrique Sanz**
Teléfono: **981 126990**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Concello de A Coruña**
Sistema de difusión: **terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **60%**

Nome da emisora: **Localia TV Ferrol**
Enderezo: **Arce, 15**
Año de comezo das emisións: como Localia 2001 (**Ferrolvisión 1987**)
Nome do director: **Alfonso López Teijeiro**
Teléfono: **981 359116**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Municipio de Ferrol**
Sistema de difusión: **terrestre**
Emite publicidade?: **si**
Porcentaxe de produción propia: **60%**

Nome da emisora: **Localia TV Santiago**
Enderezo: **Rúa Nova, 32-2º**
Año de comezo das emisións: **2001**
Nome do director: **Javier otero**
Teléfono: **981568145**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Municipio de Santiago**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **60%**

Nome da emisora: **Localia Telelugo**
Enderezo: **Rúa do Vidro, 106 E. Polígono do Ceao**
Ano de comezo das emisións: **2001 (Como Telelugo, outubro 1994)**
Nome do director: **Margarita Solián Carbia**
Teléfono: **982 209420**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia, Asgatel**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **70% da provincia de Lugo**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **40 %**

Nome da emisora: **Localia TV Pontevedra**
Enderezo: **Castelao, 3-1º**
Ano de comezo das emisións: **2001 (Como TV Pontevedra 1995)**
Nome do director: **Jorge Juan Hermida Aldao**
Teléfono: **986100310**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Pontevedra e comarca do Salnés**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **30%**

Nome da emisora: **Localia TV Vigo**
Enderezo: **Policarpo Sanz, 36-38**
Ano de comezo das emisións: **2001**
Nome do director: **Eugenio González de Haz**
Teléfono: **986437705**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Localia**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Municipio de Vigo**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **50%**

5.1.1.2. Cadea de Popular TV



Popular TV é unha cadea de televisións locais propiedade da Conferencia Episcopal e da COPE. Ten 4 emisoras en Galicia, e 1 asociada⁶, pero sen ningunha instalación para produción de programas propia. Administrativamente utilizan os locais da Cope, pero en calquera momento poderían tamén comezar a produción de contidos específicos de cada localidade. Actualmente non ten programación local polo que están en niveis emisión en cadea de cobertura nacional do 100 por 100.

En Galicia, ata o día de hoxe, a cadea está formada polas seguintes emisoras:

emisora
Popular TV Coruña -Ferrol
Popular TV Santiago
Popular TV Ribadeo
Popular TV Vigo
Popular TV Ourense

Non existen fichas de datos de AIMC porque estas emisoras non existían aínda cando se realizou o censo de 2002, pero xa se pode dispoñer de información polo miúdo nas páxinas web desta cadea.

A descrición das instalacións figura do seguinte xeito:


Localidad	Tipo de instalación	Canal ocupado
A Coruña	Centro emisor	34, 51
Ferrol	Repetidor apoio	51, 64
Santiago	Centro emisor	35
Ribadeo	Centro emisor	21
Vigo	Centro emisor	46
Vigo	Centro emisor	51
Ourense	Centro emisor asoci.	Non tiña información

⁶ A TVL As Burgas TV de Ourense, xestionada pola Fundación San Rosendo, pero sen emisión regular, quedou asociada a Popular TV no primeiro trimestre de 2004

O cadro seguinte amosa a presenza global de Popular TV en 22 municipios de Galicia, acadando unha cobertura que chega a unha media do 36,7 por cento de poboación:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	13	579.408	52
Lugo	1	9.163	2,5
Ourense	2	115.909	33,7
Pontevedra	8	418.074	45,5
Total	24	1.122.554	38

A distribución da cobertura no mapa de Galicia quedaría do seguinte xeito



En canto a responsables desta cadea a nivel nacional, figuran os seguintes cargos:

Presidente y Conselleiro delegado: D. Bernardo Herráez Rubio
 Conselleiro delegado: D. Jenaro González del Yerro

Consejeros:

1. Rafael Pérez del Puerto
2. Fernando Giménez Barriocanal
3. Jenaro González del Yerro Valdés
4. Isaac Moreno Peral
5. José M^a Gil Tamayo
6. Miguel Castillejo Gorraiz

7. Tomás Juárez G^a-Gasco
8. Juan Pedro Ortuño Morente

Comité de dirección

Director xeral D. Alejandro Samanes Prat

Xefe de informativos: D. Fernando de Haro

Xefe de realización: D. Arturo Chico de Frutos

Xefa de produción: D^a. Lourdes Pascual Martínez.

5.1.1.3. Cadea de Canal 47



Canal 47 é unha cadea que ten a súa orixe e casa matriz en Andalucía, con emisoras en distintas Comunidades Autónomas. O Censo de AIMC dá a seguinte información desta cadea:

GRUPO CANAL 47 TV (43 emisoras)


Está composto por 43 emisoras distribuídas por el territorio español, todas propiedade do grupo de comunicación. Tíne o seu orixe na provincia de Sevilla, onde conta con 6 televisións locais: 4 en Sevilla capital (Canal 47 Sevilla, La Tele Local Sevilla, Tele Sevilla e Canal Sevilla Televisión), unha en Alcalá de Guadaíra (Tele Alcalá) e outra en Dos Hermanas (Tele Dos). As sinais de dous destes canais (Canal 47 e La Tele Local) son distribuídas vía satélite (a través de Hispasat) e son recollidas por 26 e 11 emisoras respectivamente que, a súa vez, as reemiten na súa zona de cobertura. Algunha destas televisións teñen programación exclusiva a determinadas horas do día e en un futuro se planea que todas elas dispoñan de unha parte propia. Canal 47 e La Tele Local teñen emisión independente aínda que en algúns momentos a programación pode coincidir. Por outra parte, al margen de las 43 emisoras mencionadas, existen outras televisións locais independentes que han llegado a un acordo con el grupo y repiten la señal de Canal 47 en algunos periodos del día o durante las 24 horas.

En Galicia teñen instaladas 4 emisoras. Non teñen tampouco sedes en Galicia nin produción local específica, polo que a súa emisión na cadea acadará tamén o 100 por 100 do total da programación.

Canal 47 conta con estas catro emisoras:

emisoras
Canal 47 Santiago
Canal 47 Ourense
Canal 47 Pontevedra
Canal 47 Vigo

O mapa de presenza amosa a concentración das emisións de C47 no eixo Santiago- Vigo, con Ourense



O cadro seguinte amosa os datos de cobertura desta cadea en sete concellos de tres provincias galegas.

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	1	93.273	8,3
Ourense	2	109.011	31,7
Pontevedra	5	421.807	45,8
Total	8	624.091	22,7

Nos detalles pormenorizados de cada emisora recollidos nas fichas de AIMC amosan que teñen unha dirección centralizada fora de Galicia.

Nome da emisora: **Canal 47 Santiago**
 Enderezo: **Calle Francos 14. Sevilla**
 Ano de comezo das emisións:
 Nome do director: **Emilio Nieto Ballesteros**
 Teléfono: **95 4563002**
 Réxime de propiedade: **Privada**
 Asociación á que pertence: **Canal 47**
 Días de emisión: **Luns a domingo**
 Horario: **24 horas**
 Área de cobertura: **Santiago de Compostela**
 Sistema de difusión: **Terrestre**
 Emite publicidade?: **Si**
 Porcentaxe de produción propia: **(di 100%, pero centralizada, non galega)**

Nome da emisora: **Canal 47 Ourense**
Enderezo: **Calle Francos 14. Sevilla**
Ano de comezo das emisións:
Nome do director: **Emilio Nieto Ballesteros**
Teléfono: **95 4563002**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Canal 47**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Ourense e comarca**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **(di 100%, pero centralizada)**

Nome da emisora: **Canal 47 Pontevedra**
Enderezo: **Calle Francos 14. Sevilla**
Ano de comezo das emisións:
Nome do director: **Emilio Nieto Ballesteros**
Teléfono: **95 4563002**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Canal 47**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Pontevedra e comarca**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **(di 100%, pero centralizada)**

Nome da emisora: **Canal 47 Vigo**
Enderezo: **Calle Francos 14. Sevilla**
Ano de comezo das emisións:
Nome do director: **Emilio Nieto Ballesteros**
Teléfono: **95 4563002**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Canal 47**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Vigo e comarca**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **(di 100%, pero centralizada)**

5.1.1.4. Cadea de Tele Voz

Tele Voz forma unha cadea do Grupo Voz, que non conta con programación propia local de ningún dos municipios nos que está instalada, e nos que ten como base as delegacións do Grupo. Pode considerarse que esta é unha cadea latente, agardando o momento máis axeitado de comeza-las emisións no novo panorama de regulamentación das TVL.

Televoz como cadea da Tv local ten as seguintes emisoras:

1. Tele Voz Coruña
2. Tele Voz Ferrol
3. Tele Voz Vigo
4. Radio Televisión Terra de Lemos.

Sen embargo, na ficha de datos de AIMC quedan rexistradas todas estas emisoras unha soa emisora de ámbito autonómico por estar en tres provincias e cobertura indeterminada.

Nome da emisora: Tele Voz
Enderezo: Grambrinus, 47 Polígono de A Grela
Ano de comezo das emisións: 1997-1998
Nome do director: Alberto da Silva
Teléfono: 981 180100
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence: AEGA
Días de emisión: Luns a domingo
Horario: 24 horas
Área de cobertura: Municipios de A Coruña, Ferrol, Lugo y Vigo
Sistema de difusión: terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 0%


Por outra parte, non aparece rexistrada na ficha oficial a emisora de Terra de Lemos, por estar nun réxime económico distinto.

En consonancia con estes datos, rexístrase presenza estimada de Tele Voz en 20 concellos, coa posibilidade de chegar a un total próximo ó millón de habitantes como audiencia potencial, tal como se pode observar nos cadros seguintes:

Ares	Culleredo	Narón	Sada	Cangas
Betanzos	Fene	Neda	Sarria	Porriño
Cambre	Ferrol	Oleiros	Monforte	Redondela
Coruña	Mugardos	Pontedeume	Baiona	Vigo

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	13	485.611	43,6
Lugo	2	15.034	4,1
Ourense	0	0	0
Pontevedra	5	368.771	40
Total	20	976.761	

O mapa de presenza amosa a concentración nas áreas Coruña-Ferrol e Vigo, coa dúas zonas da provincia de Lugo.



5.1.2. Cadeas provinciais

Existen en Galicia outro tipo de emisoras locais que forman cadeas de TVL pero dentro dun área xeográfica que podería denominarse supracomarcal ou mesmo provincial, aínda que nalgún caso poden supera-los límites provinciais. Son aquelas que instalan emisores ou repetidores en municipios distintos do lugar no que teñen a sede comercial, cunha tendencia cada vez máis expansionista.

Este tipo de cadeas son as que máis se aproximan ó modelo que será definitivo coa implantación da TDT, pero están actualmente en fase de formación ou de expansión, polo que calquera dato ou descrición destes grupos pode sufrir modificacións posteriores.

Son exemplos deste modelo: Telecoruña que amplía cobertura dentro da provincia, TV7 na provincia de Lugo, Telulugo, integrada en Localia, pero que por si mesma emite en 23 municipios da provincia.

Trataremos estas cadeas de forma específica co mesmo método utilizado para as cadeas de ámbito autonómico ou nacional.

5.1.2.1. Telecoruña Canal Galicia



Iniciativa privada dunha empresa relacionado con actividades audiovisuais. De carácter comercial. A súa tendencia á expansión especialmente no último ano, o seu sinal conta con presenza estimada en 25 concellos da provincia da Coruña, onde case acada unha cobertura do 60 por cento da poboación, xa que ten presenza nos núcleos máis importantes da provincia. Tamén se rexistra presenza en dous concellos de Pontevedra, pero poden considerarse como rebosamentos.


Na súa información oficial aseguran ter cobertura en 44 concellos de a provincia de A Coruña, sen contar con Santiago, xa que queren utilizar tamén a marca Telesantiago CanalGalicia.

Con anterioridade denominábase Telecoruña Canal 41, pero desde principios de 2004 cambia a Canal Galicia, porque é o nome da canle autonómica que tentan lograr por medio dunha asociación de televisións locais, como TV7 o Canal Deza.

Detéctase presenza nos seguintes municipios.

A Coruña	Betanzos	Malpica	O Pino
Ferrol	Brión	Miño	Pontedeume
Santiago	Cambre	Mugardos	Sada
Ames	Carballo	Narón	Silleda
Ares	Culleredo	Neda	A Estrada
Arteixo	Fene	Oleiros	
Bergondo	Laracha	Ordes	

O mapa de presenza estimada de Telecoruña amosa dúas zonas moi definidas de A Coruña e Santiago, xunto coas localizacións de A Estrada e Silleda:



De acordo cos datos coñecidos, esta cadea acadaría unha cobertura estimada do 60 por cento da poboación da provincia de A Coruña:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	24	702.288	63

Os datos máis importantes da ficha de AIMC son os seguintes:

Nome da emisora: Tele Coruña Canal 41
Enderezo: Polígono Industrial de Pocomaco, parcela B-13
Ano de comezo das emisións: 1994
Nome do director: José Ramón Brandariz
Teléfono: 981 134 374
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence: Asgatel
Días de emisión: Luns a domingo
Horario: 24 horas
Área de cobertura: A Coruña provincia
Sistema de difusión: terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 40%

5.1.2.2. TV7 Monforte

Iniciativa privada dun empresario relacionado con medios de comunicación locais que comezou en Monforte, pero agora conta cunha verdadeira cadea provincial con sedes en Lugo cidade, Vilalba e Sarria. O Principal centro de produción está na cidade de Lugo, onde tamén leva a cabo funcións docentes para profesionais do sector.


Nalgúns censos aparece co nome xenérico de TV7 Sur con Delegacións en Monforte e en Sarria.

En todo caso, os datos técnicos constatan a presenza desta emisora en 16 concellos do interior da provincia de Lugo:

Abadín	Guntín	Outeiro de Rei
Castro de Rei	Láncara	Paradela
Castroverde	Lugo	Páramo
O Corgo	Monforte	Rábade
Guitiriz	Monterroso	Vilalba
		Sarria

Esta presenza proporcionarlle unha cobertura teórica e posible do case 51 por cento da poboación deste provincia, como se pode ver no cadros de datos e no mapa adxuntos.

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Lugo	16	182.512	50,4



Os datos recollidos na ficha de AIMC quedan moi curtos tendo en conta a realidade de expansión actual:

Nome da emisora: **TV 7 Monforte**
Enderezo: **Benito Vicetto, 51**
Ano de comezo das emisións: **1995**
Nome do director: **Fidel Fernán Bello**
Teléfono: **982 411241**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Asgatel**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Monforte y comarca (13 municipios)**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **35-40 %**

5.1.2.3. Tele Salnés Barbanza



Empresa privada e comercial con sede en Ribadumia. Más ca unha Televisión local converteuse, pola súa situación xeográfica entre dúas provincias, nunha TVL interprovincial, xa que ten presenza en 5 municipios da Coruña e 13 municipios de Pontevedra. Emite desde Domaio cara a la Ría de Pontevedra y desde Xiabre cara á Ría de Vilagarcía.

Pode considerarse como un modelo de TVL xa adaptado para asumi-lo sistema de demarcacións da televisión dixital local: Tería presenza en dúas das demarcacións da TDT denominadas Ribeira e Vilagarcía de Arousa.


Concellos nos que se rexistra presenza de Tele Salnés:

Boiro	Caldas de Reis	Illa de Arousa	Valga
Padrón	Cambados	Marín	Vilagarcía
A Pobra	Cangas	Pontevedra	Vilanova
Rianxo	Catoira	Portas	
Ribeira	O Grove	Ribadumia	

Os datos de presenza desta televisión local supracomarcal quedan resumidos no seguinte cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	5	75.402	6,7
Pontevedra	13	226.629	24,6
Total	18	302.031	

Mapa de presenza estimada de Tele Salnés, entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, en torno á Ría de Arousa:




Nome da emisora: **Tele Salnés-Barbanza**
 Enderezo: **O Freixo, 2**
 Ano de comezo das emisións: **1994**
 Nome do director: **Joaquín Barreiro Cajaraville**
 Teléfono: **986 710741**
 Réxime de propiedade: **Privado**
 Asociación á que pertence: **Asgatel**
 Días de emisión: **Luns a domingo**
 Horario: **24 horas**
 Área de cobertura: **Comarca do Salnés**
 Sistema de difusión: **Terrestre**
 Emite publicidade?: **Si**
 Porcentaxe de produción propia:

5.1.2.4. Galivisión

Televisión de Marín. Promovida por iniciativa particular. A cobertura tamén supera os límites municipais, xa que emite desde varios lugares con sete frecuencias distintas. Ten unha finalidade puramente comercial. Unha das súas emisoras figura como **Tele Baixo Miño** con sede en A Guarda, pero sen actividade ou pechada en 2004. É outro caso no que podería falarse de televisión comarcal ou cadea de televisión comarcal, ou mesmo multicomarcal. Tamén conta coa marca **Luso Galaica** que pode considerarse como unha mesma TVL. No seu conxunto abrangue os seguintes municipios:

Baiona	Ponteareas	Redondela	Tomiño
Cangas	Pontevedra	O Rosal	Tui
Marín	Porriño	Salvaterra	Vigo

O mapa de presenza amosa a ampla zona de cobertura desta cadea no eixo Pontevedra-Vigo, que emite desde 6 postes.



Os datos de presenza quedan resumidos no seguinte cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	12	532.233	57,8

Nas fichas técnicas de AIMC esta empresa preséntase como dúas televisións locais:

Nome da emisora: **Galivisión**
Enderezo: **Calle Busto de Arriba, 6 1º**
Ano de comezo das emisións: **1995**
Nome do director: **Manuel Carballal de la Iglesia**
Teléfono: **986 891020**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence: **Astelga**
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Comarca de Pontevedra y Morrazo**
Sistema de difusión: **Cable y Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **60%**

Nome da emisora: **Lusogalaica, S.A.**
Enderezo: **Calle Busto de Arriba, 6 1º. Marín**
Ano de comezo das emisións: **2002**
Nome do director: **Manuel Carballal de la Iglesia**
Teléfono: **986 891020**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence:
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Comarca de Vigo, Pontevedra y Salnés**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **0%**

5.1.2.5. La 7 Televigo



Televisión local promovida por empresarios de Vigo. Con cobertura maior có ámbito do núcleo urbano de Vigo. A comezos de 2004 Televigo adopta a denominación de “La 7”. Pode considerarse como unha TVL supracomarcal, por ter cobertura a lo menos en poboacións de dúas comarcas.

Emite desde Domaio e cun repetidor entre Lavadores y Nigrán.


As súas emisións están presentes nos seguintes concellos:

Baiona Gondomar Porriño Vigo
Cangas Nigrán Redondela

Os datos globais de presenza quedan resumidos no seguinte cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	7	397.316	43,1

O mapa de presenza amosa a concentración das súas emisións na comarca de Vigo:



A ficha do censo de AIMC da os seguintes datos máis salientables:

Nome da emisora: **Tele Vigo (Telecidade, S.L.)**

Enderezo: **Conde de Torrecedeira**

Ano de comezo das emisións: **1995**

Nome do director: **Pablo Suárez**

Teléfono: **986 447105**

Réxime de propiedade: **Privada**

Asociación á que pertence: **Asgatel**

Días de emisión: **Luns a domingo**

Horario: **18 horas diarias**

Área de cobertura: **Municipio de Tui**

Sistema de difusión: **Terrestre**

Emite publicidade?: **Si**

Porcentaxe de produción propia: **39 %**

5.1.2.6. Radio TV Amistad

Radio TV Amistad **RTV** *Reforma*


Emisora de TVL de recente instalación en Vigo, ten carácter relixioso de igrexas evanxelistas. Pertence a unha organización de carácter internacional denominada RTV-Reforma, promovida polas denominada “Iglesia Cristiana Reformada”. Ten emisoras en Barcelona, Madrid, Murcia, Las Palmas

A súa cobertura pode considerarse comarcal por rexistrarse presenza das súas emisións en concellos das comarcas de Pontevedra e Vigo, aínda que só emite desde Domaio.

As súas emisións están presentes nos seguintes concellos:

Baiona	Marín	Porriño	Vigo
Cangas	Pontevedra	Redondela	

O mapa de presenza da unha idea da zona nas que se poden captar as súas emisións:



Os datos globais de presenza de TV Amistad resúmense no seguinte cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	7	471.030	51,2

Por ser creada con posterioridade ó censo da AIMC no está rexistrada nas listas habituais das TV locais de Galicia.

5.1.2.7. Dúas emisoras coas mesmas características

En Vigo existen dúas emisoras coas mesmas características peculiares: foron promovidas por empresas de Ourense; están ocupando frecuencia a espera de ter emisión, e teñen a mesma zona de presenza.

En caso de que as considerásemos en activo habería que incluílas entre as cadeas de TVL con presenza en dúas grandes cidades. Pero dada a súa situación aparecen aquí por separado, pero xuntas nos aspectos gráficos e cadros de datos.

5.1.2.7.1. TV Rías Baixas

TV Rías Baixas. Unha emisora promovida en Vigo polo mesmo empresario da TVL Ribeira Sacra de Ourense. Emite en cadea cos mesmos contidos de reemisión que en Ourense.


(Non figura no censo de AIMC)

5.1.2.7.2. Telecies

Promovida pola empresa La Región de Ourense, co mesmo modelo de Tele Miño. Está emitindo carta de axuste para reservar unha frecuencia, coa intención de poñer a andar a emisora no momento en que esta empresa considere oportuno.

As emisións destas dúas televisións locais están presentes nos seguintes concellos que tamén se amosan no mapa correspondente:

Baiona	Porriño	Vigo
Cangas	Redondela	



Os datos globais de presenza teórica de cada unha das TVL resúmense no seguinte cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	5	368.951	40,1

5.1.2.8. TVL / Movidia Local

Esta é unha nova emisión de televisión local que se difunde desde Domaio, pero non ten sede propia en Galicia, aínda que debe encadrarse en Vigo.

Forma parte das denominadas cadeas nacionais con emisión por satélite, por esta razón, amais das emisións de Domaio, outras locais emiten o seu sinal, polo que está presente en distintos municipios de Galicia. A súa programación centrase exclusivamente en xogos e concursos con participación directa dos oíntes, sistema que lle permite obter ingresos económicos das chamadas telefónicas.

Tendo en conta a información de AIMC⁷, debe considerarse que TVL/ Movidia Local é unha canle de Tele Sierra:

Dentro de este nuevo fenómeno también se encuentra TVL, con sede en Tres Cantos (Madrid), pero no se ha conseguido contar con la colaboración de esta entidad en la realización del presente estudio.

Informaciones indirectas apuntan que distribuyen 4 canales a través del satélite Hispasat:

- Vía Local
- Movidia Local
- Max Local / MX / MX Local / M Local
- Visión Local

Aparte del Canal 39 en Madrid, cuenta con alguna otra emisora local en propiedad; sin embargo, existen televisiones locales asociadas que retransmiten la señal de alguno de los canales parcial o íntegramente.

Outras informacións de internet⁸ confirman os datos anteriores ó mesmo tempo que falan de posibles irregularidades nos concursos en directo que realizan⁹:

En la actualidad su programación consiste, exclusivamente, en que el telespectador llame a un teléfono 906 para participar

⁷ "Censo de Televisiones Locales de AIMC, octubre de 2002", p.81

⁸ <http://www.inicia.es/de/tv/locales/madrid/tvl.htm>


⁹ Existen en Internet foros e páxinas de particulares nas que denuncian as prácticas pouco claras desta emisora.

en sus programas. Atención, este canal ha recibido numerosas denuncias por parte de otros canales locales por 'tapar' sus frecuencias de emisión, y también de usuarios a los que han 'timado' telefónicamente a través de los teléfonos de pago.

En todo caso, estas emisións (das que case non pode dicirse que sexa unha televisión local propiamente dita) están presente en concellos dispersos, xa que ten presenza na comarca de Vigo e no concello da Estrada que pertence a outra zona máis distante como se pode ver no mapa correspondente:

Baiona Porriño Vigo
 Cangas Redondela A Estrada

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	6	390.896	42,5



5.1.2.9. As Mariñas TV

Emisora creada por iniciativa privada dun industrial de Oleiros. De carácter eminentemente comercial. Ten presenza na cidade de A Coruña e o seu entorno próximo, especialmente en zonas costeiras, tamén denominadas popularmente As Mariñas:

A Coruña	Miño
Cambre	Oleiros
Culleredo	Sada

A súa presenza coincide coa demarcación da televisión local dixital denominada Coruña no Plan Técnico Nacional.

O mapa de presenza de As Mariñas TV ten o seguinte aspecto:



Os datos numéricos de presenza e poboación teórica de cobertura vense no seguintes cadro:

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	6	328.890	29,5

Os datos máis relevantes da ficha técnica de AIMC son os seguintes:

<p>Nome da emisora: As Mariñas Televisión Enderezo: General Sanjurjo, 290-1º C Ano de comezo das emisións: Outubro de 1998 Nome do director: José Luís Sieiro Asorey Teléfono: 981 130 901 Réxime de propiedade: Privada Asociación á que pertence: "Televisións Locales Gallegas" Días de emisión: Luns a domingo Horario: 24 horas Área de cobertura: Municipios de A Coruña e comarca (8 concellos) Sistema de difusión: terrestre Emite publicidade?: Si Porcentaxe de produción propia: 50%</p>

5.1.2.10. Canal Deza

Televisión promovida por iniciativa privada de empresarios da Comarca do Deza, onde leva a cabo unha política comercial moi dinámica.

Pola súa situación xeográfica é una TVL interprovincial xa que ten presenza estimada en 5 municipios de Pontevedra 2 de Lugo, 2 de A Coruña.


Agolada (Po)	Silleda(Po)	Monterroso (Lu)
Lalín(Po)	Vila de Cruces(Po)	Boqueixón (C)
Rodeiro(Po)	Palas de Rei (Lu)	Melide (C)

A súa cobertura estimada de poboación é de 66.139 habitantes, coas seguintes porcentaxes en cada provincia:



Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	2	12.644	1,1
Pontevedra	5	44.936	4,9
Lugo	2	8.586	2,3

No mapa de presenza estimada pode observarse a súa zona de influencia no centro de Galicia:



A ficha de AIMC rexistraba no ano 2002 os seguintes datos máis salientables:

Nome da emisora: Canal Deza
Enderezo: Calle B , 27 baixo
Ano de comezo das emisións: 1999
Nome do director: Isidro Barco Cortizo
Teléfono: 986 787036
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence: Asgatel
Días de emisión: Luns a domingo
Horario: 24 horas
Área de cobertura: Comarca de Deza
Sistema de difusión: Terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 20%

5.1.3. TVL con presenza en municipios moi próximos

Existen outras televisións locais en Galicia que teñen presenza nunha área territorial mais ou menos ampla, pero sen chegar a cubrir toda unha comarca. Nuns casos, estes municipios limítrofes son da mesma comarca administrativa pero noutros poden ser só dous municipios de comarcas e provincias distintas, como sucede en no caso de Santiago de Compostela e A Estrada.

Nesta modalidade podemos encadrar as seguintes televisións locais:

5.1.3.1. Novas TV

Iniciativa dunha empresa privada audiovisual. Comezou as súas actividades no ano 2003. Ten unha programación propia local que abarca á cidade de Ferrol e case toda a súa comarca:

	Ferrol Fene	Narón Neda	
Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	4	128.978	11,6

Non figura en ningún censo dos habituais por ser de recente creación.

O ámbito da súa presenza ou cobertura coincide en boa parte coa demarcación de televisión dixital local denominada Ferrol no Plan Técnico Nacional.

E o mapa de presenza de Novas TV amosa claramente a concentración e limitación territorial.



5.1.3.2. Canal Tambre



Una televisión local de moi recente creación por iniciativa privada dun empresario do sector, coa intención de dar cobertura á zona da Ría de Muros. A cobertura teórica está preto dos 50.000 habitantes e do ó 5 por cento da poboación da provincia de A Coruña. Comezou as súas emisións sen programación propia, reemitindo sinal de programas distribuídos por satélite.

A súa información oficial indica o seguinte:

“Nace Canaltambre Televisión S.L. como unha iniciativa da empresa privada para o ámbito dos cinco concellos que compoñen a nosa comarca: Noia, Lousame, Porto do Son, Outes e Muros.

Nos seus obxectivos está recoller a actualidade informativa da comarca, entrar no debate e documentación dos feitos que nos

interesan como veciños e veciñas e servir de soporte para a documentación histórica de todo o que acontece.

Para todo elo, chamamos desde aquí á participación tanto de institucións como de individuos e empresas que se vexan atraídos por este proxecto e queiran colaborar con el imprimíndolle ese carácter plural e aberto que consideramos necesario.

Para facer deste medio de comunicación e divulgación social algo que axude a dinamizar a vida social, económica e cultural do noso entorno.

A sede de Canaltambre está situada en:
Rúa escultor Ferreiro, 9 3º 15200 Noia A Coruña”

Os concellos nos que ten presenza son

Muros

Outes


Noia

Porto do Son

E as cifras esquemáticas son as seguintes

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	4	43.146	3,8

No mapa de presenza pode observarse que ocupa todo o perímetro da Ría de Muros-Noia.



5.1.3.3. Tele Miño

Emisora promovida polo Grupo La Región, con pouca programación. Esta é unha circunstancia moi ocasional, e con certo risco de deixar

por escrito, xa que en calquera momento pode iniciar unha programación máis ampla e cambia-las circunstancias aquí descritas.

Nome da emisora: Tele Miño
Enderezo: Polígono San Ciprián das Viñas, calle 4, 19
Ano de comezo das emisións: 1999
Nome do director: Óscar Outeiriño
Teléfono: 988 384556
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence:
Días de emisión: Luns a venres
Horario: 20:00 a 01:00 horas
Área de cobertura: Municipio de Ourense
Sistema de difusión: Terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 100%


5.1.3.4. Auria TV

Emisora de TVL recentemente instalada en Ourense, iniciativa privada da empresa propietaria dun establecemento musical. Comezou as emisións experimentais cao reemisión dunha canle de satélite, sen programación propia.

Datos comúns das TVL de Ourense

Estas dúas TVL de Ourense teñen en común que a súa área de cobertura está restrinxida os municipios de Ourense e Barbadás como se pode ver na mínima mancha no mapa. Por esta razón os datos globais e o gráfico de presenza son comúns.

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Ourense	2	115.919	33,7




5.1.3.5. TPM- TV Península do Morrazo¹⁰

Televisión local de iniciativa privada. Con sede social en Cangas. É propiedade da empresa Tele Producciones Morrazo TPM. Televisión local que se anuncia como televisión da península del Morrazo y Vigo. Emite desde Domaio, pero non consta que teña presenza en Vigo.

Rexistrase presenza desta TVL nos concellos de Cangas e Moaña, cos seguintes datos globais

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	2	42.226	4,5

A súa presenza queda definida perfectamente no mapa:



5.1.3.6. RTV Municipal de Pontearreas


Televisión local veterana en Pontevedra, de iniciativa e xestión municipal. Emite programación local propia, e ten presenza fundamentalmente nos concellos de Pontearreas e Salvaterra de Miño. Efectúa as súas emisións desde Paradanta e Galleiro.

Os datos globais son os seguintes

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
Pontevedra	2	42.226	4,5

¹⁰ Figura no censo de AIMC, pero non ten ficha técnica

E o mapa de presenza rexistrada e localización das emisións ten este aspecto:



Nome da emisora: **RTV Municipal de Punteareas**
Enderezo: **Angoares Abelleira, 4**
Ano de comezo das emisións: **2002**
Nome do director: **Juan Carlos Ojea Vidal**
Teléfono: **986 644041**
Réxime de propiedade: **Municipal**
Asociación á que pertence:
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Comarca de Condado Paradanta**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **50%**

5.1.3.7. Código Cero TV


A máis recente TVL de Galicia ten a denominación provisional de Código Cero, e pertence ó Grupo Código Cero Comunicación UNINOVA, con sede social no Recinto MercaGalicia, Polígono Industrial do Tambre de Santiago de Compostela.

Comezou as súas emisións experimentais no primeiro trimestre de 2004 nos concellos de Santiago e A Estrada que pertencen as provincias de

A Coruña e Pontevedra, aínda que tamén pode captarse unha feble sinal noutros concellos limitrofes. Emite desde Pedroso, en Santiago.

Provincia	Concellos	total poboación	porcentaxe
A Coruña	1	93.273	8,3
Pontevedra	1	22.125	2,4

No mapa de presenza sinálanse en gris os concellos nos que podería captarse sinal con pouca definición:



5.1.4. Televisións locais con presenza nun so municipio

Hai outro grupo de televisións das que so consta que teñen presenza nun só municipio. Loxicamente, un traballo de campo por toda a xeografía de Galicia podería constatar este feito ou amosar que non é así dun xeito categórico. En todo caso, a posibilidade de recepción destas TVL fora dos seu municipio sempre será ocasional ou con pouca definición.

Con todas estas reservas facemos seguidamente a relación destas emisoras sen entrar en detalles de poboación e cobertura como fixemos nos casos anteriores. Sen embargo, ó final do relatorio inclúese un mapa no que poden verse as súas localizacións. Cada televisión ten adjudicado un número entre parénteses, xunto o nome e descrición de cada televisión local. Este mesmo número figura no mapa para que se poida identifica-la súa situación xeográfica.

5.1.4.1. Provincia de A Coruña

(1) Radiotelevisión de Cerceda¹¹

Esta é unha das máis veteranas televisións locais da provincia da Coruña. Foi creada por iniciativa municipal en 1988 e continúa con xestión pública. Conta tamén con emisora de Radio. Polo seu carácter municipal dedica especial atención ás actividades do concello, emitindo plenos ou charlas do alcalde. Emite de 9,30 a 22 horas
Os sistemas de difusión son propios do concello



(2) RTV Ferrol, Canal 31

Iniciativa dunha empresa con actividades audiovisuais denominada Producciones Cuarzo. TV local cunha proporción elevada de produción propia, sobre todo informativos de Ferrol ou debates socio-políticos.

Nome da emisora: **RTV Ferrol- Canal 31**

Enderezo: **María, 133, Entresuelo**

Año de comezo das emisións: **1994**

Nome do director: **Luís Guntiñas Núñez**

Teléfono: **981 369076**

Réxime de propiedade: **Privada**

Asociación á que pertence:

Días de emisión: **Luns a domingo**

Horario: **24 horas**

Área de cobertura: **Comarca de Ferrol**

Sistema de difusión: **Terrestre**

Emite publicidade?: **Si**

(3) RTV As Pontes

Televisión municipal, pero con xestión adxudicada por concurso público a un grupo especializado en comunicación local e multimedia, denominado “Grupo Acordar”, no que tamén que está integrado Vieiros.

Emite por cable e por ondas hetzianas.

¹¹ Non ten ficha técnica de AIMC, pero os seus datos son: Radio - Televisión de Cerceda S.L. Avda. do Mesón s/n - Casa do Concello. 15185 - Cerceda (A Coruña) Tlf.: 981.68.61.83 / 981.68.53.54 Fax.: 981.68.52.05

Nome da emisora: **Televisión Municipal As Pontes**

Enderezo: **Parque Municipal, s/n**

Ano de comezo das emisións: **1995**

Nome do director: **César Galdo**

Teléfono: **981 453189**

Réxime de propiedade: **Municipal**

Asociación á que pertence:

Días de emisión: **Luns a venres**

Horario: **21:00 a 22:30**

Área de cobertura: **Municipio de As Pontes**

Sistema de difusión: **Terrestre**

Emite publicidade?: **Si**

Porcentaxe de produción propia: **100 %**

(4) Tele Teo

Televisión municipal da comarca de Santiago, xestionada por una pequena empresa productora audiovisual. Tamén levaba a produción de Tele Boqueixón, emisora que non emite na actualidade de forma autónoma¹².

(5) TV Ames¹³

Emisora municipal da comarca de Santiago, con pouca emisión de produción propia. A súa programación esta formada case exclusivamente con contidos de emisoras difundidas por satélite.

5.1.4.2. Provincia de Lugo

(6) Televinte.

Televisión local promovida por iniciativa particular da empresa Chantada Comunicación S.L., con forte respaldo social. Nos datos proporcionados pola propias entidades indica que ten cobertura en varios municipios por medio de distintos repetidores: Monterroso, Antas, Chantada, Carballedo, Saviñao y Trabado. Sen embargo, non consta presenza destas emisións noutros concellos por esta razón non queda incluída entre as TVL comarcais.

¹² Non ten ficha técnica de AIMC

¹³ Esta televisión non figura no censo de AIMC

Nome da emisora: **Televinte**
Enderezo: **Avenida de Monforte, 134, baixo**
Ano de comezo das emisións: **1998**
Nome do director: Mercedes Vázquez Vázquez
Teléfono: 982 454100
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence: Asgatel
Días de emisión: Luns a venres
Horario: 21:00 a 00:00
Área de cobertura: Chantada y comarca
Sistema de difusión: Terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 80 %

(7) Radio e Televisión de Terra de Lemos RTTL

Televisión local xa mencionada por estar integrada dentro da cadea de Tele Voz, aínda que figura oficialmente como tv local.

Ten algunha peculiaridade porque na ficha xeral de Tele Voz aparecen dúas frecuencias que cobren os municipios de Sarria e Monforte, pero aquí aparece tamén unha canle que cubre o municipio de Chantada.

De todo isto pódese concluír que se trata dunha emisora integrada no Grupo Voz, pero que ten algunha autonomía e produción propia nesta comarca.

Nome da emisora: **Radio y Televisión Terras de Lemos (RTTL)**
Enderezo: **Cardenal, 1-1º**
Ano de comezo das emisións: **1995**
Nome do director: **Manuel Mantilla Fernández**
Teléfono: **649419418**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence:
Días de emisión: **Luns a domingo**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Monforte Cantada e Sarria**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **25 %**

(8) RTV Municipal de Quiroga¹⁴

Televisión local de iniciativa municipal do Concello de Quiroga, con xestión pública. É unha das televisións locais máis veteranas de Lugo. Ten unha programación especialmente municipal.

¹⁴ Non ten ficha no censo de AIMC

5.1.4.3. Provincia de Ourense

(9) Ribeira Sacra TV¹⁵

Iniciativa dun particular de TVL do concello de Ourense. Emite normalmente anuncios en teletexto. Nalgunhas horas do día emite contidos difundidos por satélite.



(10) Ourense TV Benposta

Televisión local do municipio de Ourense, instalada por iniciativa dunha entidade sen ánimo de lucro como é a “Ciudad de los Muchachos”, e con aspiracións formativas dentro das actividades audiovisuais desta institución. Sen embargo, funcionou pronto como unha emisora comercial. A súa información oficial di o seguinte:

“Emite desde 1994, para toda Ourense y los pueblos limítrofes. Emisión durante las 24 horas del día, con programación propia local y programas de contenido diverso de Cadena Local TV”.

Nome da emisora: Ourense Televisión Benposta
Enderezo: Benposta. Nación de los Múchachos, s/n
Ano de comezo das emisións: 1995
Nome do director: Manuel de Pineda
Teléfono: 988 220350
Réxime de propiedade: Privada
Asociación á que pertence:
Días de emisión: Luns a domingo
Horario: 08:30 a 01:30 horas
Área de cobertura: Ourense e comarca
Sistema de difusión: Terrestre
Emite publicidade?: Si
Porcentaxe de produción propia: 19%

(11) Canal 6 Cablevisión Carballiño¹⁶

Promovida inicialmente por una empresa privada, pero foi posta seguidamente a disposición do Municipio de Carballiño, polo que actualmente é unha televisión municipal con xestión pública. Emite por cable e terrestre.

¹⁵ Non ten ficha no censo de AIMC

¹⁶ Non ten ficha no censo de AIMC

(12) TV Arnoia

Televisión promovida por iniciativa municipal do concello de Arnoia. Tamén está xestionada directamente polo concello. Fai programación propia, con atención especial ás actividades municipais. Ten gran influencia e presenza en Ribadavia.

Nome da emisora: **TV Arnoia**
Enderezo: **A Qeixeira**
Año de comezo das emisións: **1993**
Nome do director: **Gumersindo Álvarez**
Teléfono: **988 492866**
Réxime de propiedade: **Municipal**
Asociación á que pertence:
Días de emisión: **Luns a venres**
Horario: **24 horas**
Área de cobertura: **Comarcal**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **3%**

5.1.4.4. Provincia de Pontevedra

(13) Canal 50 TVLG (Televisión Local Guardesa)

Iniciativa dun grupo de empresarios de A Guarda. Televisión local pero con pouca programación e estrutura.

Emite só tres horas e media de produción propia os venres en “Prime time”. Esta mesma programación a repite os domingo en horario de sobremesa.

Nome da emisora: **Canal 50 TVLG (Televisión Local Guardesa)**
Enderezo: **Concepción Arenal 101-2º**
Año de comezo das emisións: **1994**
Nome do director: **José María Salcidos**
Teléfono: **986 611818**
Réxime de propiedade: **Privada**
Asociación á que pertence:
Días de emisión: **Venres (domingo repetición)**
Horario: **Venres de 22:00 a 01:30**
Área de cobertura: **Municipio de A Guarda**
Sistema de difusión: **Terrestre**
Emite publicidade?: **Si**
Porcentaxe de produción propia: **100%**

(14) TeleTui

Televisión de iniciativa e xestión municipal. Tal como consta na ficha do censo, esta TVL de Tui restrinxe as súas emisións á noite dos venres. Centrase fundamentalmente en información municipal, e pode pasar temporadas sen emisión.

Nome da emisora: Tele Tui
Enderezo: Obispo Salvado, s/n
Ano de comezo das emisións: 1992
Nome do director: José Angel Font Moldes
Teléfono: 986 603278
Réxime de propiedade: Municipal
Asociación á que pertence:
Días de emisión: Venres
Horario: de 21:00 a 24:00
Área de cobertura: Municipio de Tui
Sistema de difusión: Terrestre
Emite publicidade?: No
Porcentaxe de produción propia: 100


(15) Canal 41¹⁷ (Parroquia de Fátima). Televisión local de carácter cultural e relixioso, na cidade de Vigo, con poucas horas de emisión e pouca programación fora dos actos puramente relixiosos. Non ten outra finalidade ca puramente parroquial, razón pola que o seu emisor ten a potencia mínima para cubrir o territorio da parroquia.

(16) TV A Estrada

TVL de moi recente creación, promovida pola emisora de Radio Estrada para a súa zona de cobertura. Nos primeiros meses do ano 2004 estaba en período de probas.

¹⁷ Non figura no censo de AIMC

Distribución de TVL con emisiones nun só municipio:



5.1.5.Coberturas actuais das TVL galegas

Como quedou demostrado ata agora, actualmente non é unha tarefa doada describi-la cobertura territorial das televisións locais de Galicia. Como se pode ver nas fichas do censo, hai emisoras que cobren un municipio, hainas que cobren comarcas definidas e outras afirman ter cobertura en varios municipios ou comarcas, pero sen seguridade de que esto sexa así. O certo é que poden ter menos ou máis cobertura da que manifestan. Tampouco a calidade de imaxe dalgúns lugares de cobertura poderían cualificarse como minimamente aceptables.

Sen embargo, se temos en conta a presenza estimada das televisións locais nos distintos municipios de Galicia nos momentos actuais resulta una ampla relación na que pode identificarse o número de TVL que teoricamente se capta en cada un dos municipios de Galicia.

Concellos de A Coruña	TVL con presenza en municipio
Ames	Localia, Popular TV, Codigo Cero, Telecoruña, Tv Ames
Ares	Localia, Popular TV, Telecoruña, Televoz
Arteixo	Telecoruña
Bergondo	Localia, Popular TV, Telecoruña
Betanzos	Telecoruña, Televoz, Localia, Popular TV
Boiro	Tele Salnés
Boqueixón	Canal Deza,
Brión	Telecoruña
Cambre	As Mariñas, Televoz, Localia, Popular TV, Telecoruña
Carballo	Localia, Telecoruña
Cerceda	RTV Cerceda
Coruña (A)	Televoz , Telecoruña, As Mariñas, Localia, Popular TV
Culleredo	Televoz, Localia, Popular TV, Telecoruña, Asmariñas
Fene	Novas TV, Telecoruña Televoz, Localia
Ferrol	Telecoruña, Televoz, Localia, Novas TV
Laracha	Localia, Telecoruña
Malpica de Bergantiños	Localia, Telecoruña
Melide	Canal Deza
Miño	Telecoruña, As Mariñas, Localia, Popular TV

Mugardos	Televoz, Localia, Popular TV, Telecoruña
Muros	Canal Tambre
Narón	Televoz, Localia, Novas TV, Telecoruña
Neda	Novas TV, Telecoruña, Televoz, Localia
Noia	Canal Tambre
Oleiros	As Mariñas, Televoz, Localia, Popular TV, Telecoruña
Ordes	Telecoruña
Outes	Canal Tambre
Padrón	Tele Salnes
Pino (O)	Telecoruña
Pontedeume	As Mariñas, Televoz, Localia, Popular TV, Telecoruña
Pontes García Rodríguez	Tv As Pontes
Porto do Son	Canal Tambre
Pobra del Caramiñal	Tele Salnés
Rianxo	Tele Salnés
Ribeira	Tele Salnés
Sada	Localia, Popular TV, Telecoruña, Televoz, As Mariñas
Santiago Compostela	Codigocero, Localia, Popular TV, Canal47, Telecoruña
Teo	Tele Teo-Localia

Concellos de Lugo	TVL con presenza en municipio
Abadín	Teelugo-Localia, Tv7
Barreiros	Teelugo-Localia
Burela	Teelugo -Localia
Castro de Rei	Tv7, Teelugo-Localia
Castroverde	Tv7, Teelugo-Localia
Corgo (0)	Tv7, Teelugo-Localia
Chantada	Televinte
Foz	Teelugo -Localia
Friol	Teelugo -Localia
Guitiriz	Tv7, Teelugo-Localia
Guntín	Tv7, Teelugo-Localia
Láncara	Tv7, Teelugo-Localia

Lourenzá	Telelugo-Localia
Lugo	Tv7, Telelugo-Localia
Monforte de Lemos	Tv7, Telelugo-Localia, Terra de Lemos
Monterroso	Tv7, Telelugo-Localia, Canal Deza
Outeiro de Rei	Tv7, Telelugo-Localia
Palas de Rei	Canal Deza
Paradela	Tv7, Telelugo-Localia
Páramo (O)	Tv7, Telelugo-Localia
Rábade	Tv7, Telelugo-Localia
Ribadeo	Telelugo-Localia
Vilalba	Tv7, Telelugo-Localia
Viveiro	Telelugo-Localia
Xove	Telelugo-Localia


Concellos de Ourense	TVL con presenza en municipio
Arnoia	Tv Arnoia
Barbadás	Rías Baixas, Telemiño, Popular Tv, Canal 47, Auria TV, Localia
Ourense	Auria, Telemiño, Localia, Popular TV, Canal 47, Benposta

Concellos de Pontevedra	TVL con presenza en municipio
Agolada	Canal Deza
Baiona	Tv Amistad, Movidia Local, Telecies, Galivisión, Rías Baixas, Televoz, Televigo, Localia, Popular TV
Caldas de Reis	Tele Salnés
Cambados	Tele Salnés
Cangas	Televigo, Galivision, Localia, Popular TV, Canal 41, Movidia Local, Tele Amistad, Tv Morrazo, Telecies, Rias Baixas, Televoz, Tele Salnés
Catoira	Tele Salnés, Localia

Estrada (A)	Codigocero, Localia, Popular TV, Canal 47, Telecoruña, Tv Estrada, Movid Local
Gondomar	Televigo, Localia
Grove (O)	Localia, Tele Salnés
Guarda (a)	Tv Baixo Miño
Illa de Arousa (A)	Tele Salnés, Localia
Lalín	Canal Deza
Marín	Galivision, Tv Amistad, Localia, Canal 47, Tele Salnés
Moaña	Tv Morrazo, Localia, Popular TV
Nigrán	Televigo, Localia
Ponteareas	Galivision , Tv Ponteareas
Pontevedra	Tele Salnés, Localia, Canal 47, Tv Amistad, Localia, Galivision
Porriño (O)	Localia, Popular TV, Tv Amistad, Televoz, Televigo, Movid Local, Telecies, Galivision, Rias Baixas
Portas	Tele Salnés
Redondela	Localia, Popular TV, Tv Amistad, Televoz, Televigo, Movid Local, Telecies, Galivision, Rias Baixas
Ribadumia	Tele Salnés
Rodeiro	Canal Deza
Rosal (O)	Galivision, Tv Baixo Miño
Salvaterra de Miño	Galivision, Tv Ponteareas
Silleda	Localia, Popular TV, Canal 47, Canal Deza, Telecoruña, Codigo Cero
Tomiño	Tv Tui, Galivision
Tui	Tv Tui, Galivision
Valga	Tele Salnés
Vigo	Localia, Popular TV, Canal 47, TV Amistad, Canal 41, Tvl, Movid Local, Telecies, Galivision, Rias Baixas, Televoz, Televigo
Vila de Cruces	Canal Deza
Vilagarcía de Arousa	Tele Salnés, Localia
Vilanova de Arousa	Tele Salnés, Localia

Tódolos datos deste cadro reflíctense no mapa xeral de presenza estimada das televisións locais nos municipios de Galicia.

mapa de presenza estimada




5.2. As audiencias das TVL analóxicas en Galicia.

En canto a audiencia das televisións locais, ata o 2002 non era posible controla-la súa influencia e peso na sociedade. Actualmente, Sofres leva a cabo unha medición específica destas televisións en toda España e en cada Comunidade Autónoma en concreto. Constátase con estes datos que as TVs locais de Galicia superaban nos primeiros momento o 2 por cento da cota de mercado en Galicia.

Non se pode afirmar que as TV locais estean nunhas cifras de audiencia que permitan pensar nun futuro esperanzador co modelo actual, pero si pode asegurarse que hai unha tendencia estabilizada. Tamén se observa que houbo un pulo moi importante no verán do ano 2003, cando acada e supera a cota do 2 por cento.

Neste gráfico pode apreciarse a evolución da cota de mercado no período que vai de abril de 2003 a abril de 2004




Fonte: Sofres

Este tipo de magnitudes se aprecia mellor comparando as audiencias das televisións locais con outro medio semellante. Neste caso, o máis próximo son as plataformas dixitais coas súas canles temáticas.


No gráfico seguinte pode comprobarse que as audiencias das televisións dixitais tiveron dificultades para incrementar audiencia ata os primeiros meses de 2003, mentres as locais mantiñan os seus niveis. Sen embargo, a partir de outubro dese ano prodúcese un despegue das dixitais mentres as locais perden forza e quedan situadas nunha franxa entre o 1,5 % e o 2 %.

O cruce de tendencia produciuse xustamente ó comezo do segundo trimestre do ano 2003 en caída para as temáticas, para volver a producirse o cruce en outubro pero agora ascendente.



Fonte: Sofres


No conxunto de España, a audiencia da televisión local tamén rexistra una tendencia lixeiramente descendente, sempre por debaixo da cota de mercado das televisións dixitais temáticas. Nótese que desde maio de 2003, a dixital logra distanciarse da local en varios puntos e así se mantén.



Fonte: Sofres

En todo caso, Galicia ten un comportamento moi distinto do resto de España en canto a audiencia das televisións locais, alomenos durante os anos 2002 e 2003.

No gráfico pódese observar que durante estes períodos no chega a unha media do 2 por cento de cota de mercado, manténdose no lugar mais baixo tanto das medias nacionais como nas medias do resto das comunidades autónomas.



6. O novo panorama das TVL coa transición á tecnoloxía dixital

A partir deste momento é necesario entrar xa na análise do novo panorama no que se encontrarán as televisións locais de Galicia coa transición á tecnoloxía dixital.

Xa quedou dito noutro momento que a transición vai ter consecuencias no ámbito de cobertura porque os límites municipais ampliáanse a unha realidade supramunicipal denominada demarcación. Esta distribución territorial de espazos xeográficos para as emisións de televisión dixital coincide nalgúns casos coas comarcas galegas establecidas pola Administración autonómica, noutros casos resulta menor, pero tamén quedaron constituídas algunhas que abarcar municipios de varias comarcas.

Esta ampliación do ámbito vai ter consecuencias nos contidos desas televisións xa que deberán atender zonas de poboación que ata agora non entraban nas súas emisións nin nos seus proxectos. Suporá maiores posibilidades de negocio para algunhas TVL, pero noutros casos de pouca poboación non será rendible para estas emisoras aumenta-la atención de contidos a esas novas áreas.

A nova lexislación esixe que na transmisión dos programas da televisión dixital local incluírase toda a información relacionado con eles¹. Esta esixencia suporá que cada TVL debe dedicar recursos para que se poida elaborar esta información, tipo ficha técnica, de cada programa que emite.

A transición, como principio de regulación do sector, vai ter unhas claras consecuencias naquelas TVL que non teñen programación orixinal, como C47, Movidia Local, etc., porque son cadeas ou postes repetidores dunha emisión nacional.

Coa aplicación do Plan técnico de TV local dixital por ondas terrestres, só serán concesionarias dunha TVL aquelas empresas que cumpran as previsións legais. Polo tanto, terán que adapta-la súa estrutura e funcionamento ás esixencias legais, sobre todo na obrigatoriedade de emitir programas orixinais da demarcación na que están instaladas como Popular TV; outras xa mencionadas de claro contido e estrutura nacional como Canal 47, ou o conglomerado TvL /Movidia Local terán que deixar de emitir en Galicia.

¹ Real Decreto 439/2004, artículo 6.3.

6.1. Adaptación ás novas demarcacións de TV dixital

A aplicación da nova lexislación tamén vai ter consecuencias sobre os contidos daquelas TVL que xa teñen programas locais, atención informativa a área xeográfica na que están ubicados, pero que forman parte e emiten en cadea, como é o caso de Localia. Se non hai novas modificacións da lei da Televisión Local esta cadea terá que aumentar a proporción de emisión de produción propia ata un 75 por cento do tempo de emisión. Tamén pode reducir os tempos totais de emisión ata conseguir que a emisión de programas comúns non chegue ó 25 por cento do tempo total de emisión.

A transición á TDT vai consolidar, desde o punto de vista de cobertura, aquelas televisións locais que teñen un carácter xa plenamente comarcal. Verán consolidada esta situación porque cumpriran os requisitos e condicións establecidas para a regularización das televisións locais por demarcacións.

Outras emisoras poden ver reducida a súa área de presenza, como sería o caso de Canal Deza, que con carácter plenamente comarcal emite para nove concellos do seu entorno, mentres a demarcación de televisión dixital na que está integrada tan só prevé cobertura en dous municipios.

Estas situacións poden rectificarse con posterioridade, por medio de ampliacións das demarcacións, extensión das emisións a concellos non integrados na demarcación, tal como prevé a normativa.

Pero a transición ten un aspecto moi positivo xa que os esforzos que ata agora están facendo as TVL por ampliar a súa área de cobertura non van depender da súa iniciativa individual, de negociacións coa administración ou co operador de difusión, senón que veñen impostas polas demarcacións da televisión local dixital. Isto quere dicir que as empresas de difusión de sinal dixital teñen que garantir a calidade do sinal en todo o territorio da demarcación. Deste xeito, os operadores de TVL deixan de ter unha preocupación importante e poden centrarse na elaboración dos programas.

As televisións locais que se verán máis afectadas pola obrigatoriedade de ampliaren a súa zona de cobertura son as que actualmente operan na Ría de Vigo, xa que a súa demarcación está formada por 12 concellos.



Televisións locais como Televigo, TV Amistad, Localia, Popular TV, Televoz, que teñen presenza entre 5 e 7 municipios da comarca deberán cubrir 12, o cal supón duplica-la cobertura e a atención informativa.

Sen embargo, aqueles operadores de televisión local que teñen unha tendencia a converterse en provinciais cunha soa instalación central, veranse na necesidade de solicita-la concesión dunha emisora en cada unha das demarcacións nas que emiten agora.

Telelugo-Localia ten presenza en cada unha das catro demarcacións da provincia de Lugo, polo tanto deberá converterse nunha cadea de catro televisións locais formando cadea provincial.


Cada unha das emisoras deberá cumpri-las condicións de programación específica, compartindo múltiplex coas emisoras locais desa demarcación. Terá que concursar para obter unha concesión como catro emisoras de televisión local dixital.

Pode verse con claridade como a presenza de Telelugo nos municipios da provincia (mapa da esquerda) coincide con bastante exactitude coas demarcacións de Lugo (mapa da dereita). En cada demarcación debe ser solicitada e adxudicada unha televisión local distinta co nome de Telelugo e coas necesarias variantes.



TV7 encontrase na mesma situación, pero con presenza en tres das catro demarcacións: Lugo, Monforte e Vilalba. Deberá converterse en tres televisións locais e como tal debe optar a tres concesións.

Pódese ver nos mapas que esta televisión local ten presenza nas demarcacións de Lugo agás na costa.



Telecoruña está nunha situación máis complicada porque ten presenza nas demarcacións de Coruña, Carballo, Santiago, Ferrol, Lalín e Vilagarcía. De pretender manter esta presenza debería concursar para obter seis concesións de televisións locais dixitais. Catro estaría na provincia de A Coruña e dúas na provincia de Pontevedra.

Pola contra, aqueles operadores de TVL que non teñan este afán de expansión da cobertura terán que asumir as consecuencias da ampliación e os incrementos de custes aínda que nun principio non tiñan tal previsión.

A todo isto hai que engadir unha nova esixencia da TVL dixital, xa apuntada noutro momento: a necesidade de que os catro operadores da demarcación compartan unha canle múltiple poñéndose de acordo na súa xestión, tal como recolle o Real Decreto².

A mesma norma prevé formas de resolver os posibles conflitos que se presenten por falta de acordo nas negociacións para esta xestión conxunta:

Las entidades que accedan al aprovechamiento de programas dentro de un mismo canal múltiple de televisión digital local, sin perjuicio del derecho exclusivo a su explotación, establecerán de común acuerdo entre sí la mejor gestión de todo lo que afecta al canal múltiple en su conjunto o las reglas para esa finalidad.

Sin perjuicio de las competencias que correspondan a las comunidades autónomas, la Comisión del Mercado de las

² Real Decreto 439/2004, disposición adicional terceira, puntos 2 e 3.

Telecomunicaciones arbitrará en los conflictos que puedan surgir entre las entidades que accedan al aprovechamiento de programas dentro de un mismo canal múltiple de televisión digital local en conformidad con lo establecido en la Ley 32/2003, de 3 de noviembre, General de Telecomunicaciones.

Non cabe dúbida de que isto suporá un esforzo engadido para as organizacións das respectivas TVL, pero verase compensado pola outra esixencia legal xa mencionada de que as operadores de difusión deberán asegura-la captación dos sinais de televisión dixital local con calidade satisfactoria en condicións de recepción fixa no interior das zonas de servizo³.

6.2. Número de Televisións locais dixitais en Galicia

Como xa quedou apuntado, o número de concesións de televisións locais en cada Comunidade Autónoma foi determinado pola Administración central, tal como indicaba a modificación do artículo 3 da lei de 1995, que convén recordar agora:

1. Corresponderá al Gobierno la aprobación del Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local, a la vista de las solicitudes presentadas por las Comunidades Autónomas y teniendo en cuenta las frecuencias disponibles, que se determinarán respetando el derecho al acceso equitativo de todas ellas a los recursos de espectro, la compatibilidad radioeléctrica entre Comunidades adyacentes, así como las limitaciones derivadas de la coordinación radioeléctrica internacional. El Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Local determinará los canales múltiples necesarios y los ámbitos de cobertura de dichos canales múltiples destinados a la difusión de los servicios de televisión local.

Polo que respecta a Galicia, a administración autonómica tivo que elaborar unha proposta de demarcacións de acordo coas posibilidades técnicas de cada zona territorial, pero buscando a maior cobertura posible e a maior cantidade posible de emisoras de TVL dixital. Con esta proposta, a decisión final quedaba en mans da Administración central que foi quen, en última instancia, realizou a distribución de demarcacións.

6.2.1. Os criterios da Xunta de Galicia

As solicitudes presentadas pola Comunidade Autónoma de Galicia baseábanse no criterio de que tódolos municipios de Galicia debían

³ Plan Técnico Nacional, artículo 1.2. BOE 85, 8 de abril de 2004, p.14698

contar coa posibilidade de ter servizo de TVL dixital, para o cal era necesario conseguí-la maior cantidade posible de demarcacións. Para chegar a unha distribución lóxica se utilizaba á distribución de Comarcas de Galicia.

A propia Xunta de Galicia afirma⁴ que “ Na proposta que se preparou para Galicia, buscáronse os obxectivos básicos de que tódolos cidadáns galegos poidan dispoñer dun servizo de televisión de carácter local, co maior número de solicitudes posibles e o mantemento duns ámbito de cobertura de poboación que superen os 25.000 habitantes, como marca a lei de TV local, mantendo un mínimo de rendibilidade económica”.

“Por outra parte –puntualiza o informe- , solicitouse unha canle para cada unha das capitais de provincia (A Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra(), para Santiago de Compostela e para aquelas cidades que superen os 100.000 habitantes (Vigo)”.

Indicaba igualmente que “Aqueles municipios que non dispoñan dun mínimo de 25.000 habitantes agruparíanse con outros municipios co fin de buscar áreas de demarcacións maiores, o que permitirá rendibilizar mellor o custo destes servizos e que ningunha localidade quede sen servizo. Neste sentido, solicitaríanse canles para demarcacións que engloben municipios que superen o mínimo sinalado, para o que se terá en conta as comarcas actualmente constituídas. Cando unha comarca non supere os 25.000 habitantes intentaríase agrupala nunha demarcación con outras comarcas ou municipios.”

En base a estes criterios, o mapa de televisión local dixital de Galicia cubría a totalidade da superficie de Galicia, por medio dun total de 43 demarcacións, case todas coincidindo con comarcas ou coa fusión de dúas ou máis comarcas.

		municipais	comarcais	multicomarcais
Total demarcacións	43	8	19	16

Segundo estes cálculos, Galicia podería contar cun total de 172 televisións locais con tecnoloxía dixital, o que suporía triplicar-la cantidade actual de TVL emitindo en Galicia. De todas elas, as cidades de A Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo constituían demarcacións municipais. Lugo e Ourense quedaban integradas en

⁴ Informe do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2003. Xunta de Galicia, pp.69-70

demarcacións máis amplas. No mapa tamén aparecían demarcacións illadas de municipios como Oleiros, Redondela ou Marín.

O cadro completo desta distribución prevista pola Xunta pode consultarse no anexo.

6.2.2. Os criterios aplicados pola Administración central

Sen embargo, a determinación posterior do Plan Nacional deixou a Galicia dividida en só 20 demarcacións, ningunha delas comprendía ás capitais de provincia en solitario senón incluída nunha demarcación máis ampla. Como cada unha destas demarcacións ten a posibilidade de contar cunha canle múltiple con capacidade para 4 TVL, o reparto permite un total de 80 televisións locais na Comunidade Autónoma de Galicia, que é case exactamente a metade do solicitado.

Aínda así, tendo en conta que o número actual de TVL en Galicia está en 53, o incremento de televisións locais que se pode rexistrar na Comunidade Autónoma é superior ó 30 por cento.

Nome da demarcación	TVL posibles	TVL emitindo
Carballo	4	0
Coruña	4	5
Ferrol	4	4
Ribeira (Noia)	4	1
Santiago de Compostela	4	7
Vimianzo	4	0
Chantada	4	1
Lugo	4	2
Monforte de Lemos	4	2
Vilalba	4	0
Viveiro	4	2
Barco de Valdeorras	4	0
Carballiño	4	1
Ourense	4	5
Verín	4	0
Lalín	4	1
Ponteareas (Tui)	4	3
Pontevedra	4	3
Vigo	4	10
Vilagarcía de Arousa	4	1
Sen demarcación		
A Garda	0	1
Quiroga	0	1
As Pontes	0	1
Arnoia	0	1
Cerceda	0	1
Total TV locais	80	54

Sen embargo, este número podería ampliarse en caso de que a Administración autonómica así o considere necesario e exista capacidade na rede de difusión, tal como prevé o artigo 5,2 do Plan Técnico:

En función del desarrollo tecnológico, los órganos competentes de las comunidades autónomas podrán establecer un número mayor de programas de televisión digital en cada canal múltiple de cobertura local, siempre y cuando se asegure una calidad de servicio satisfactoria.

A aplicación desta potestade pode propiciar que a Xunta de Galicia considere necesario e posible conceder cinco programas en cada canle múltiple naquelas demarcacións nas que exista unha maior demanda, que serán, previsiblemente, nas grandes cidades, porque é nestas onde actualmente emiten máis TVL das previstas no Plan Técnico.

Por outra parte, o Plan Técnico establece en Galicia demarcacións de TVL nas que non existe actualmente ningunha televisión local, circunstancia que fai prever que tampouco haberá solicitudes, xa que resultan ser zonas de pouca poboación ou de moi difícil difusión dos sinais por irregularidades orográficas moi considerables.

O establecemento de demarcacións de televisión local dixital fai posible que a TVL poida estar en maior cantidade de municipios dos que agora poden captar este tipo de emisións. Hai que ter en conta tamén que o Plan técnico abre a posibilidade de extensión da zona de servizo a outras localidades non especificadas no ámbito de cobertura da planificación orixinal, tal como queda estipulado no RD⁵, xa que se prevé unha nova convocatoria ás Comunidades Autónomas unha vez que tódalas emisións de TV sexan dixitais⁶ e se poida comproba-la dispoñibilidade de novas frecuencias.

O propio Plan técnico nacional⁷ determina o procedemento para solicitar esa ampliación de cobertura na situación actual:

Será precisa la autorización previa del Secretario de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información para la extensión de la zona de servicio hacia otras localidades no especificadas en el ámbito de cobertura de la planificación original. La tramitación de la solicitud de autorización se realizará a través del órgano competente de la comunidad autónoma.

⁵ Artículos 1.2 e 9.2 do “Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo por el que se aprueba el Plan técnico nacional de la televisión digital local” BOE 85, de 8 de abril de 2004, p.14697

⁶ O paso definitivo da televisión analóxica á dixital en España (apagón analóxico) está previsto para o ano 2012.

⁷ Artículo 1.3 do PTNTVDL

De feito, a nova ordenación de TVL permite que se pase dos 99 municipios nos que agora se rexistra emisión dalgunha TVL a 139 que poderán ter unha emisión de televisión local dixital con calidade. Nestes 139 non están incluídos todos aqueles que agora teñen presenza de TVL, xa que 25 dos actuais non figuran incluídos nas novas demarcacións de televisión local dixital.

Neste cadro recóllense os datos globais do incremento de municipios con TVL tendo en conta a situación actual e a futura. Os maiores incrementos están en Ourense e A Coruña, mentres que Lugo e Pontevedra manteñen o número global. Nos apartados seguintes iremos detallando todas estas modificacións.

Provincia	Municipios TVL actuais	Municipios TVL con TDT con demarcacións	Diferencias
A Coruña	38	52	+14
Lugo	26	27	+1
Ourense	3	29	+26
Pontevedra	32	31	-1
Totais	99	139	

6.3. As demarcacións da televisión local dixital

Das 20 demarcacións de TVL dixital establecidas no Plan Técnico hai 3 nas que actualmente non existe ningunha televisión local e hai cinco concellos que agora teñen televisión local establecida neles que non figuran incluídos nas demarcacións dixitais, e que poderían ser obxecto de desa previsión de ampliación das áreas de servizos indicada anteriormente.

A composición das demarcacións en canto ó número de municipios que engloba é moi variada, desde a mínima, Lalín, que está composta por 2 concellos, ata a máxima, Vigo, que engloba a 12 municipios, pero un tercio destas demarcacións están compostas por 8 municipios:

Tamaño da demarcación	demarcacións
de 2 municipios	1
de 3 municipios	1
de 5 municipios	3
de 6 municipios	2
de 7 municipios	2
de 8 municipios	7
de 9 municipios	1
de 10 municipios	2
de 12 municipios	1

O anterior cadro de demarcacións co número de televisións locais ampliase agora coa relación detallada do ámbito das demarcacións establecidas, tal como aparece no Plan técnico⁸:

1. Demarcación Carballo:

1. Carballo,
2. Laracha (A),
3. Coristanco,
4. Malpica
5. Bergantiños,
6. Ponteceso,
7. Cabana de Bergantiños
8. Laxe.

2. Demarcación Coruña

1. Coruña (A),
2. Oleiros,
3. Arteixo,
4. Culleredo,
5. Cambre,
6. Betanzos,
7. Sada,
8. Bergondo,
9. Abegondo
10. Carral.

3. Demarcación Ferrol

1. Ferrol,
2. Narón,
3. Fene,
4. Valdoviño,
5. Neda,
6. Mugardos,
7. Ares
8. San Sadurniño

4. Demarcación Ribeira

1. Ribeira,
2. Boiro,
3. Noia,
4. Rianxo,
5. Porto do Son,
6. Muros,
7. Pobra do Caramiñal (A),
8. Outes,
9. Carnota y
10. Lousame.

⁸ Plan Técnico BOE 85, de 8 de abril de 2004, pp.14711-712

5. Demarcación Santiago

1. Santiago de Compostela,
2. Ames,
3. Teo,
4. Padrón,
5. Brión,
6. Negreira,
7. Rois
8. Vedra.

6. Demarcación Vimianzo

1. Vimianzo,
2. Cee,
3. Camariñas,
4. Muxía,
5. Zas,
6. Fisterra,
7. Dumbria
8. Corcubión.

7. Demarcación Chantada

1. Chantada,
2. Taboada
3. Carballedo.

8. Demarcación Lugo

1. Lugo,
2. Friol,
3. Outeiro de Rei,
4. Corgo (O)
5. Castroverde.

9. Demarcación Monforte de Lemos

1. Monforte de Lemos,
2. Saviñao (O),
3. Pantón,
4. Sober,
5. Pobra do Brollón (A)
6. Bóveda.

10. Demarcación Vilalba

1. Vilalba,
2. Guitiriz,
3. Castro de Rei,
4. Cospeito,
5. Pastoriza
6. (A), Begonte,
7. Abadín
8. Xermade.

11. Demarcación Viveiro

1. Viveiro,
2. Foz,
3. Ribadeo,
4. Burela,
5. Cervo,
6. Xove
7. Barreiros.

12. Demarcación Barco de Valdeorras

1. Barco de Valdeorras (O),
2. Rúa (A),
3. Vilamartín
4. Valdeorras,
5. Carballeda de Valdeorras,
6. Rubiá,
7. Veiga A),
8. Bolo (O)
9. Petín.

13. Demarcación Carballiño

1. Carballiño (O),
2. Boborás,
3. Maside,
4. San Cristovo de Cea,
5. Irixo (O),
6. Piñor,
7. Beariz
8. San Amaro.

14. Demarcación Ourense

1. Ourense,
2. Barbadás,
3. Pereiro de Aguiar (O),
4. San Cibrao das Viñas
5. Coles.

15. Demarcación Verín

1. Verín,
2. Monterrei,
3. Vilardevós,
4. Cualedro,
5. Riós,
6. Oímbra,
7. Laza
8. Castrelo do Val.

16. Demarcación Lalín

1. Lalín
2. Silleda

17. Demarcación Ponteareas

1. Ponteareas,
2. Tui,
3. Salvaterra de Miño,
4. Mondariz
5. Neves (As).

18. Demarcación Pontevedra

1. Pontevedra,
2. Marín,
3. Poio,
4. Ponte Caldelas,
5. Vilaboa
6. Cotobade.


19. Demarcación Vigo

1. Vigo,
2. Redondela,
3. Cangas,
4. Moaña,
5. Nigrán,
6. Porriño (O),
7. Mos,
8. Bueu,
9. Gondomar,
10. Baiona,
11. Salceda de Caselas
12. Soutomaior.

20. Demarcación Vilagarcía Arousa

1. Vilagarcía de Arousa,
2. Estrada (A),
3. Sanxenxo,
4. Cambados,
5. Grove (O),
6. Vilanova de Arousa
7. Caldas de Reis.

Estas demarcacións teñen o a súa localización xeográfica no seguinte mapa.



As demarcacións de Barco de Valdeorras, Verín e Vimianzo son as tres nas que actualmente non existe ningunha televisión local.

Tamén se pode apreciar que as demarcacións teñen unhas características moi distintas en canto a densidade de poboación e número de municipios integrados na area de cobertura.


Entre as demarcacións das grandes cidades, son Vigo e A Coruña as que contan con maior cobertura e con maior posibilidades de negocio. Pero tamén van a se-las zonas de maior conflito no momento das concesións. recordemos os datos cadro do inicio deste capítulo, referidos unicamente as sete demarcacións que engloban as grandes cidades galegas:

Nome Demarcación	TVL posibles	TVL emitindo
Coruña	4	5
Ferrol	4	4
Santiago de Compostela	4	6
Lugo	4	2
Ourense	4	5
Pontevedra	4	3
Vigo	4	10

Vemos aquí como Ferrol, Lugo e Pontevedra non teñen ningún problema para o reparto de concesións, pero en Coruña, Santiago, Ourense e Vigo existe desequilibrio.

No mapa e cadro que recollen os datos sobre densidade de poboación de cada demarcación pódese observar tamén como as cifras máis rendibles están nas zonas que engloban as grandes cidades, que son tamén aquelas nas que se autoriza unha potencia de emisión maior, datos de emisión que tamén se recompilan no segundo mapa e cadro.


Mapa de densidade de poboación (habitantes por quilómetro cadrado) por demarcación de TVL dixital:



Demarcación TVL	habitantes
Vigo	459.773
Coruña	383.840
Santiago	160.598
Ferrol	154.122
Pontevedra	134.238
Ourense	129.007
Ribeira	118.808
Vilagarcía de Arousa	117.931
Lugo	107.520
Ponteareas	54.951
Viveiro	54.273
Vilalba	47.353
Vimianzo	46.276
Carballo	41.218
Monforte de Lemos	35.738
Lalín	29.686
Carballiño	28.908
Verín	28.657
Barco de Valdeorras	28.478
Chantada	16.828

Obsérvese no cadro de número de habitantes englobados en cada demarcación que a maior audiencia potencial das TVL está en Vigo e A Coruña, seguidas das outras grandes cidades, xunto con Ribeira e Vilagarcía que tamén superan os 100.00 habitantes.

En canto as potencias de emisión prevista para demarcación de TVL pode apreciarse que manteñen unha certa relación coa audiencia potencial:



Demarcación TVL	potencia W
Coruña	4.000
Vigo	4.000
Ourense	2.000
Ferrol	1.000
Santiago	1.000
Lugo	1.000
Pontevedra	1.000
Carballo	500
Ribeira	500
Vilagarcía de Arousa	500
Monforte de Lemos	100
Vilalba	100
Viveiro	100
Barco de Valdeorras	100
Carballiño	100
Verín	100
Lalín	100
Ponteareas	100
Vimianzo	50
Chantada	50

6.4. Concellos galegos con TVL afectados polas demarcacións de televisión dixital

Quedou apuntado antes, con datos globais, que a formación de demarcacións para a TVL dixital modificaba o reparto xeográfico municipal de presenza de emisións de televisión local. Nalgúns casos esta modificación só afecta a municipios nos que se rexistran emisións de TVL aínda que non sexan de gran calidade e definición nin cheguen a totalidade do territorio de cada concello, pero noutros casos deixa sen servizo a municipio nos que agora está funcionando una emisora. Estes poderían ser casos moi adecuados para aumento de cobertura da demarcación máis próxima. Nalgúns casos sería necesario aumentar tamén o número de programas dentro da canle múltiple.

6.4.1. Modificacións nos concellos de A Coruña

A relación dos municipios que teñen actualmente TVL comparada con aqueles que terán posibilidade de ter emisións en dixital, produce os seguintes resultados na provincia de A Coruña:

Non entran en ningunha demarcación os concellos de

- Pontes de García Rodríguez
- Cerceda,

nos que existen actualmente emisoras de iniciativa municipal e presenza doutras TVL.

Non entran en ningunha demarcación alomenos catro municipios que reciben sinal dalgunha televisión local:

- Boqueixón (presencia de TV Deza)
- Melide (con presenza de Canal Deza)
- Miño (con presenza de emisións de A Coruña)
- Ordes (con presenza de Tele Coruña)

Concellos con presenza TVL	Concellos con TVL dixital
Ames	Abegondo
Ares	Ames
Arteixo	Ares
Bergondo	Arteixo
Betanzos	Bergondo
Boiro	Betanzos
Boqueixón	Boiro
Brión	Brión
Cambre	Cabana de Bergantiños
Carballo	Camariñas
Cerceda	Cambre
Coruña (A)	Carballo
Culleredo	Carnota
Fene	Carral
Ferrol	Cee
Laracha	Corcubión
Malpica de Bergantiños	Coruña
Melide	Coristanco
Miño	Culleredo
Mugardos	Dumbría
Muros	Fene
Narón	Ferrol
Neda	Fisterra
Noia	Laracha
Oleiros	Lousame
Ordes	Malpica de Bergantiños
Outes	Mugardos
Padrón	Muros
Pino (O)	Muxía

Pontedeume	Narón
Pontes García Rodríguez	Neda
Porto do Son	Negreira
Pobra do Caramiñal	Noia
Rianxo	Oleiros
Ribeira	Outes
Sada	Padrón
Santiago de Compostela	Pino, O
Teo	Ponteceso
	Pontedeume
	Porto do Son
	Pobra do Caramiñal
	Rianxo
	Ribeira
	Rois
	Sada
	San Sadurniño
	Santiago de Compostela
	Teo
	Valdoviño
	Vedra
	Vimianzo
	Zas

6.4.2. Modificacións nos concellos de Lugo

Na provincia de Lugo non existen grandes modificacións en canto ó numero total de concellos que agora teñen presenza de TVL con respecto ós que poderán ter TVL dixital, pero 9 municipios que agora contan con presenza estimada TVL non están encadrados en ningunha demarcación. De todos eles só un conta con TVL municipal que quedaría sen posibilidade de emitir.

- Guntín (con TV7 e Localia)
- Láncara (con TV7 e Localia)
- Lourenzá (Localia)
- Monterroso (con TV7, Localia e TV Deza)
- Palas de Rei (con TV Deza)
- Paradela (con TV7 e Localia)
- Páramo (con TV7 e Localia)
- **Quiroga (TV municipal de Quiroga)**
- Rábade (Localia)

Sen embargo, 10 novos concellos de Lugo que agora non contan con sinal de TVL poderán ter unha canle múltiple para as súas respectivas TVL

Concellos con presenza TVL	Concellos con TVL dixital
Abadín	Abadín
Barreiros	Barreiros
Burela	Begonte
Castro de rei	Burela
Castroverde	Bóveda
Corgo (O)	Castro de Rei
Chantada	Castroverde
Foz	Carballedo
Friol	Cervo
Guitiriz	Corgo, O
Guntín	Chantada
Láncara	Foz
Lourenzá	Guitiriz
Lugo	Lugo
Monforte de Lemos	Monforte de Lemos
Monterroso	Outeiro de Rei
Outeiro de Rei	Pantón
Palas de Rei	Pastoriza, A
Paradela	Pobra de Brollón
Páramo (O)	Ribadeo
Quiroga	Saviñao, O
Rábade	Sober
Ribadeo	Taboada
Vilalba	Vilalba
Viveiro	Viveiro
Xove	Xermade
	Xove

6.4.3. Modificacións nos concellos de Ourense

